

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13

SESION ORDINARIA DE 31 DE MAIO DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Punte, Miguel	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Calviño Rodríguez, Julio	Méndez Piñeiro, María José
Coello Bufill, Antonio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Castrillo, Lois
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Mariño, Ventura
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Polo Lima, María Soledad
Fernández Davila, María Olaia	Porteiro García, María Josefa
Fernández Fernández, Amador	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Figueroa Vila, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Graña Barcia, María Luisa	Soto Ferreiro, Manoel
Guerra Fernández, Javier Jorge	Toba Girón, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día trinta e un de maio do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Punte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA SRA. ALCALDESA: Comezamos o Pleno cun minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero que foron 10 neste último mes. Poñámonos de pé.

Neste intre todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (125).-ACTA ANTERIOR. (SESION ORDINARIA 30.03.2004)

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: No punto 5º eu non estaba presente e non se recolle na acta.

VOTACIÓN ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a acta correspondente ó Pleno ordinario da Corporación que tivo lugar o 30 de marzo de 2004, coa seguinte rectificación:

- No punto 5 da orde do día, "Aprobación definitiva da modificación do estudio de detalle de ordenación de volumes no cuarteirón núm. 36 do PEEC (García Barbón, 24-32)", no momento da votación dase por ausente ó concelleiro do Grupo municipal Popular Sr. López-Chaves Castro.

A anterior rectificación queda incorporada ó texto da devadita acta da sesión ordinaria do 30 de marzo de 2004.

2.- (126).-PROPOSTA DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER Ó PLENO DA CORPORACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE VIGO MANIFESTE A SÚ CONDEA Á VIOLENCIA DE XÉNERO MEDIANTE A CONVOCATORIA DUNHA CONCENTRACIÓN.

ANTECEDENTES.- O Consello Municipal da Muller, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de abril de 2004, aprobou por unanimidade trasladar ó Pleno da Corporación a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do día 24 de maio, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Retomando un acordo do anterior mandato, no Consello da Muller de 21 de abril aprobouse por unanimidade trasladar ó Pleno de Corporación, coma manifestación que sensibilice á sociedade, facer un minuto de silencio nos Plenos e tamén unha concentración ó día seguinte na Praza do Rei cada vez que suceda un caso coma o acaecido, xa que desgraciadamente hoxe hai un caso dunha parella e todo apunta a que o noivo matou primeiro á noiva e logo suicidouse.

Segue sendo a violencia de xénero un dos temas preocupantes na nosa sociedade. Dentro do Consello da Muller consideramos que este tipo de actuacións da Corporación pode axudar a sensibilizar á sociedade para que non acaezan estes casos.

SR. SOTO FERREIRO: Non só para nos engadir á proposta que se nos presenta pola Oficina da Muller, senón para felicitar en todo caso polo traballo realizado e porque veñan propostas coma estas tendentes á sensibilizar á sociedade.

Dende o noso Grupo político xa dixemos en máis dunha ocasión que os feitos chamados de violencia doméstica, violencia de xénero ou coma se lles queira chamar realmente teñen a gravidade superior, díxenno unha vez coa paréntese terrorífica de grupos radicais islamistas en Madrid, tivo desgraciadamente contías superiores ás habidas por outro tipo de actos terroristas en España en xeral.

Comentamos xa que habería que poñer coma mínimo os medios que se poñen para a loita doutro terrorismo que teñen unha significación máis política e seguramente por iso ten maior atención en todos os sentidos, pero se do que se trata, e supoñemos que é o principal para todos, é de defender o dereito á vida de todos e o dereito a vivir consonte ás súas ideas en paz e liberdade de todos os cidadáns deste país chamado Galiza e tamén de España, a verdade é que temos que empregar todos os medios que sexan precisos.

Saúdo esta proposta porque vai digamos que no sentido da equiparación do rexeitamento público con respecto a asasinatos que de xeito contumaz se veñen a repetir desgraciadamente na sociedade, tamén pola axuda á concienciación social que pode chamar.

Debemos felicitarmonos todos porque se están a dar pasos neste Concello, pero unha vez máis pido que a Xunta de Galiza e o Goberno de España dean tamén pasos concretos para poñer todos os medios precisos para chegaren erradicar canto antes esta terrible eiva do século XXI. Gracias.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Como ben acaba de dicir a Sra. Concelleira, esta proposta retoma un acordo da Corporación anterior que nós compartiamos plenamente e polo tanto lle agradecemos á Sra. Molares que a traia a esta Corporación.

Coidamos importante que a Corporación municipal con este acto simbólico lembre e tente concienciar á cidadanía dun problema que dada a súa magnitude e gravidade debe facérmonos reflexionar na participación da denuncia a todas e todos os cidadáns pero tamén ás institucións para buscar solucións. Neste caso esta proposta recolle un acto que como digo é simbólico pero tamén entendemos que, dado que esta administración non é a correspondente para tomar medidas que eviten e resolvan esas situacións, si pensamos que coma administración municipal podemos dirixírmonos noutras ocasións e nesta mesma ás instancias lexislativas correspondentes igual que ás instancias xudiciais para que estes problemas sexan tratados co rigor que precisan porque vai ser o único xeito de que algún día poidamos dicir que entre todos e todas acadamos que esta eiva social deixe de existir.

Polo tanto nos semella importante que se lexisle axeitadamente no Parlamento e no Congreso e que esteamos sempre atentos a este tipo de cuestións.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Evidentemente que a posición do noso Grupo só pode ser favorable a esta iniciativa que compartimos no seo do Consello Municipal da Muller.

Só queremos facer unha pequena reflexión ó fío deste asunto, Sra. Molares. Evidentemente que a testemuña da repulsa é imprescindible pero nós pensamos que tamén dende o ámbito municipal se poden tomar medidas que palién a situación das mulleres maltratadas coma de feito en Vigo se ven facendo dende hai moitos anos e é imprescindible que ó carón de iniciativas deste tipo se vexa un pulo máis decidido e forte do Goberno municipal que seguro terá o apoio unánime da Corporación.

Mesmo iniciativas de pulo que marquen tendencias no ámbito do municipalismo no Estado español como podería ser aproveitar o feito de termos unha muller

ó fronte da Corporación, que ademais é sensible a estes temas e eu recoñézollo publica e politicamente; que Vigo tome a iniciativa mesmo perante da Federación Española de Municipios e Provincias liderando algún tipo de alternativa, proposta ou medida que permita tamén ós concellos facer algo máis ca protestar, algo máis que os propios políticos, que non estamos só para protestar senón para resolver, poidamos tomar a iniciativa e ver qué podemos facer dende o ámbito municipal para resolver ou paliar este problema.

En Vigo temos unha asociación de mulleres contra os malos tratos, a Rede de Mediadoras, sen un local digno onde se poder reunir, isto por poñer un pequeno exemplo. Non é algo que lle achaque a vostede, senón que ven de atrás. Entenda na miña exposición non unha crítica nin persoal nin política, senón unha reflexión colectiva neste asunto que eu entendo que é de todos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Evidentemente que dentro de combater a violencia de xénero non só se poden facer actos, como ben dicía a Sra. Fernández, de sensibilización ou de visualización de que non estamos de acordo, senón que hai que actuar apoiando ás mulleres e tamén facendo cousas a través da educación e da prevención que eviten chegar a esa situación.

Coido que o Concello de Vigo si foi un dos pioneiros, que traballou ben respecto á violencia de xénero e que ten ou tivo un plan para a combater que abranguíu o 2000-2003. Nós nestes momentos estamos facendo unha avaliación dese Plan e ó mesmo tempo estamos elaborando outro no que espero que todas as corporativas e corporativos participemos. Ademais se está facendo un estudo do que hai en toda España e por iso estou segura de que aí poderemos avanzar e ter actuacións pioneiras. Pero neste momento está elaborándose, coido que nun par de meses o poderemos traer a este Pleno para aprobación que espero que tamén se faga por unanimidade, pero antes ten un traballo de elaboración.

Coido que de todos os xeitos si estamos actuando dunha maneira seria facendo un traballo en canto á violencia de xénero porque é un dos temas importantes da nosa sociedade.

En canto ó local da rede das mulleres veciñais evidentemente era unha asociación que estaba dentro da Federación de Veciños e nestes momentos atópase sen local. Estámoslles buscando unha alternativa e de feito van

optar a un dos locais do viveiro de asociacións. Coido que en pouco tempo terán unha solución.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Coido que sería conveniente que cando veña unha proposta da Concellería da Muller conste coma tal porque semella que a reducir a unha oficina trátase dunha cuestión menos política e esta ten que ser sobre todo unha decisión política.

SRA. MOLARES PÉREZ: Ademais é unha proposta que sae do Consello Municipal da Muller e non da oficina.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteste membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Que o Concello de Vigo manifsete a súa condea á violencia de xénero mediante a convocatoria dunha concentración ás 12,00 horas na Praza do Rei e a gardar un minuto de silencio en cada sesión plenaria, cada que que se produza un novo asasinato.

3.- (127).- APROBACIÓN DA INCORPORACIÓN DE PLENO DEREITO Ó CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER DA "COMISIÓN LESBIANAS DO COLECTIVO DE GAIS E LESBIANAS DE VIGO" E A "ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO".

ANTECEDENTES.- O Consello Municipal da Muller, na súa sesión que tivo lugar o día 21 de abril de 2004, no seu punto terceiro e en atención ós escritos da "Comisión de Lesbianas do colectivo Legais, colectivo de gais e lesbianas de Vigo" e da "Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo", visto o Regulamento do Consello Municipal da Muller e os estatutos dos devanditos colectivas, manifesta que non parece que ningún deles se conteña afirmación ou definición que impida o acceso ó Consello da Muller en igualdade de condicións que o resto de asociación legalmente constituídas e rexistradas que forman parte do mesmo.

Polo exposto, propón por unanimidade ó Pleno da Corporación a aprobación da acordo que se contén na parte dispositiva.

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do día 24 de maio, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a incorporación de pleno dereito ó Consello Municipal da Muller da "Comisión de Lesbianas do colectivo de Gais e Lesbianas de Vigo", CIF: G-36.852.986 e a "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo", CIF: G-36.928.646, de acordo co previsto nos artigos II e XIV e a disposición adicional primeira do regulamento do Consello Municipal da Muller, aprobado polo Pleno municipal do día 26 de febreiro de 1993".

4.- (128).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E DO VALEDOR CIDADÁN.

ANTECEDENTES.- Con data 29.04.04 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico sobre o proxecto do regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, que di o seguinte:

"LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

ANTECEDENTES.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificou substancialmente o réxime xurídico das grandes cidades e preveu para estas -art. 132 LBRL- a existencia dunha Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións integrada, de forma proporcional, por representantes de tódolos grupos políticos municipais que conforman o Pleno.

INFORME.

A Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003 textualmente indica:

"Los Plenos de los Ayuntamientos a los que resulte de aplicación el régimen previsto en el Título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las

bases de Régimen Local, introducido por esta ley dipondrán de un plazo de SEIS MESES desde su entrada en vigor para aprobar las normas orgánicas necesarias que adapten su organización a lo previsto en dicho Título”.

O art. 132 da LBRL sinala que nas cidades ás que lles é de aplicación o Título X existirá unha Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións que supervisará a actividade da Administración Municipal debendo dar conta ó Pleno, mediante informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servicios municipais, con especificación das suxerencias ou recomendacións non admitidas pola Administración Municipal.

A natureza orgánica da norma que ha de regula-la composición, competencias, organización e funcionamento da Comisión implica que a súa aprobación require do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2. LBRL).

A Comisión redactora designada no seu día pola Alcaldía para a elaboración das normas orgánicas necesarias para o desenvolvemento da Lei de Modernización redactou o proxecto normativo que agora se somete a aprobación, no que constan lixeiras variacións introducidas pola Comisión de Seguimento integrada por representantes dos grupos municipais.

Entende esta Secretaría que o documento na súa redacción final axústase integramente ás previsións e mandatos da Lei debéndose destacar do mesmo o mantemento da figura institucional do Valedor do Cidadán como órgano de enlace entre os cidadáns e a Comisión ademais de ser un elemento de apoio e colaboración nas funcións desta. Así mesmo a súa continuidade xustifícase na maior independencia, obxectividade e imparcialidade nas recomendacións e suxerencias que, en relación coas queixas presentadas, poidan efectuarse á Administración Municipal ou substraer istas do lóxico debate e posicionamento político que pode darse no seo da Comisión en virtude da condición dos membros integrantes da mesma sen que isto implique un desapoderamento das funcións de supervisión que a Lei outorga á Comisión en tanto en canto no regulamento recoñécese a este órgano mecanismos e competencias suficientes para controla-lo funcionamento dos servicios e garantir con isto a defensa dos dereitos básicos e mínimos da comunidade veciñal.

Polo que se refire ó procedemento de aprobación, o art. 127.1.a) da LBRL sinala que, previa á súa aprobación plenaria, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Regulamento o que implica que este expediente constitue unha proposta do equipo de goberno ó máximo órgano municipal de representación. Realizada tal aprobación deberá someterse a dictame da Comisión Informativa competente en razón da materia que o elevará para a súa aprobación inicial ó Pleno. Conseguida esta co quorum antes mencionado o expediente someterase a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no BOP a efectos de que os interesados nese prazo efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren convenientes que, tralo seu informe técnico, serán resoltas polo Pleno na fase de aprobación definitiva (art. 49 LBRL), adoptada esta procederase á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor (art. 70.2 LBRL).”

A Alcaldía-Presidencia, con data 30.04.04, formula a seguinte proposta á Xunta de Goberno:

"Examinado o proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán elaborado pola Comisión redactora designada ó efecto, e visto o informe preceptivo que respecto ó mesmo emitíu o Secretario Xeral do Pleno, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-lo Proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán segundo o texto que figura no anexo a este acordo.

Segundo.- Propoñer ó Pleno a súa aprobación inicial sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren conveniente debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor."

Con data 3 de maio de 2004 a Comisión técnica para a redacción dos regulamentos de desenvolvemento da Lei 57/2003, efectuou modificacións no texto do proxecto de regulamento, xa incluídas na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno, en sesión de data 10 de maio de 2004, acorda aprobar a anterior proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia, introducindo no texto do Proxecto de Regulamento as citadas modificacións introducidas pola devandita Comisión.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de maio de 2004, dictamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: A Comisión de seguimento dos Regulamentos, como xa dixen no anterior Pleno, ven traballando a cotío, de feito reunímonos todas as semanas un representante de cada un dos Grupos políticos e imos traballando nos Regulamentos.

A este Pleno traemos dous Regulamentos: a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán e o punto 5 que tamén recolle o Regulamento Orgánico do Consello Social da cidade de Vigo.

Esta Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións é un dos Regulamentos que ven establecido na modificación de Regulamentos que establece a Lei 57/2003 no ámbito local e ten coma finalidade facilitarlles ós cidadáns que

as súas reclamacións e suxestións, así como o funcionamento xeral dos órganos e dos servizos da administración se desenvolvan de mellor xeito e por tanto poidan facer calquera tipo de suxerencia e reclamación. Así o establece a propia Lei no artigo 132.

Sinalar que esta Comisión vai estar formada por un representante de cada Grupo político coa ponderación no voto segundo o número que teña neste mesmo Pleno, que esa Comisión terá a vixencia do mandato e que a súa presidencia será nomeada pola Alcaldía a proposta da propia Comisión.

Dentro deste Regulamento tamén se crea unha unidade de suxestións e reclamacións na que precisamente se lle facilitará o traballo á Comisión en canto a todas as reclamacións que aparezan durante todo o tempo no Concello. Esta unidade está adscrita ó departamento de Participación Cidadá.

O máis significativo deste Regulamento é que xunto coa Comisión de Suxestións e Reclamacións se segue mantendo a figura do Valedor do Cidadán que na nosa cidade viña funcionando xa dende hai algún tempo. Coexisten por tanto as dúas figuras e estou segura de que coas dúas o funcionamento da administración terá que ser mellor xa que tanto a Comisión, coma a figura do Valedor, estes dous órganos van ser os que van estar pendentes da resolución de calquera mal funcionamento ou calquera problema.

Ademais deste Regulamento na Comisión Informativa tamén se acordou que dentro de 12 meses se valore polos Grupos políticos e pola Corporación o funcionamento da Comisión conxuntamente coa figura do Valedor do Cidadán e así se vexa se segue sendo necesaria a existencia destas dúas figuras que como digo o que fan é reforzar as garantías de todos os cidadáns.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Este Regulamento orgánico fusiona dúas figuras, unha contemplada na Lei de grandes cidades e outra creada pola Corporación municipal no pasado mandato e entendemos que ambas foron creadas para defender os dereitos dos cidadáns fronte á administración. A experiencia da fusión dunha figura creada pola iniciativa do Goberno municipal no anterior mandato, como é o Valedor do Cidadán, e desta nova figura saberase co tempo, non sabemos polo tanto se é positiva ou negativa a existencia destas dúas figuras ou deste híbrido de colaboración.

En todo caso o noso Grupo quere reafirmar que a figura do Valedor do Cidadán, tal e como foi concebida nun principio na anterior Corporación, segue tendo validez mentres non avaliemos na Corporación que a súa función,

funcionamento e obxectivos para os que foi creada deixen de existir ou veñan sendo cubertos de xeito satisfactorio por calquera outro órgano.

Polo tanto eu queredría deixar constancia de que para nós a figura do Valedor do Cidadán é esencialmente diferente da figura contemplada na Lei da Comisión de Suxestións e Reclamacións e que en todo caso este Regulamento o que fai é coordinar ambas figuras, pero unha é un órgano da Corporación, que é a Comisión, e outra é unha figura independente da Corporación e polo tanto garantía dende fóra da defensa dos cidadáns fronte á Administración. Teñen carácter diferente e nós entendemos que o Regulamento ó que aquí lle imos prestar o noso voto positivo cando menos no período de aprobación inicial, xa veremos as alegacións, pero en todo caso que quede claro que entendemos que son dúas figuras substancialmente distintas. A primeira, a do Valedor do Cidadán, está creada por iniciativa da Corporación e aínda falla un tempo por ponderar se efectivamente cumprimos o noso obxectivo, se cando pensamos nesa figura acertamos no que representa un elemento independente de defensa dos cidadáns fronte á administración, e por outra banda esta figura contemplada na Lei que xa veremos que función cumpre e se os seus obxectivos, para os que tamén está creada pola Lei, cumpren a súa función.

Queremos deixar claro que en todo caso a nosa visión é que o Regulamento coordina ambas figuras e unha matización, Sra. Molares, corríxame se erro pero coido que na Comisión do Regulamento pensabamos nun período de tempo de avaliación deste Regulamento un pouco maior; nós pensabamos que debería ser de ó redor de 2 anos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Si, podemos establecer o mandato que foi no que quedamos na Comisión aínda que a proposta viña con 12 meses pero, si estamos todos de acordo e na Comisión quedáramos en que durante o tempo do mandato.

SR. SOTO FERREIRO: En todo caso se se trata de deixar aquí opinións déixenme dar unha ben contundente a favor da figura do Valedor do Cidadán. En primeiro lugar, coido que crear esa figura foi un dos acertos do anterior Goberno. En segundo lugar porque lamentablemente a administración municipal funciona mal, ou funciona insuficientemente, ou non funciona coma queren que funcione os cidadáns e polo tanto é preciso que haxa alguén que

con criterio de independencia, non os propios Corporativos nin o propio Concello, asesore ós cidadáns e actúe de mediador co Concello.

Tamén déixenme dicir que o problema se resolvería se o Concello funcionase perfectamente ben e a tempo, entón claro que non necesitaríamos valedor de nada, pero mentres isto sega así, si que o imos necesitar porque é unha realidade contrastada por todos que hai expedientes que durmen, uns máis e outros menos, pero en xeral o tratamento administrativo municipal ós distintos expedientes é premioso cando non espantosamente lento e dende logo non dá garantías ós cidadáns, ós administrados, para que se cumpran e leven a bo fin os seus dereitos.

Mentres iso sexa así polo menos que os cidadáns teñan a posibilidade de falar con alguén que con carácter independente interpele á administración e tente poñela diante das súas responsabilidades, a min seméllame unha figura preciosa. Que quede claro que de non haber problemas eu estaría encantado de que desaparecera o Valedor do Cidadán cando non haxa problemas no funcionamento da Administración, mentres e por se é o caso xamais votaría iso, nin hoxe nin dentro dun ano.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán co texto que se transcribe ó final deste acordo, sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren conveniente, debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Segundo.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

PROXECTO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIAS E RECLAMACIÓNS E DO VALEDOR DO CIDADÁN

TITULO I

Da Comisión Especial de Suxerencias e reclamacións

Artigo 1.- Creación da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións:

Créase a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións ó abeiro do disposto no artigo 132.1 da Lei 7/85 do 2 de abril , Reguladora das Bases de Réxime Local, para a defensa dos dereitos dos veciños ante a Administración municipal.

Artigo 2.- Natureza e fins da Comisión.

A Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, constitúese como o órgano municipal superior na supervisión da actuación e funcionamento da Administración Municipal, dos seus organismos públicos e entidades dependentes, actuando na defensa e intereses dos veciños, con autonomía orgánica e funcional e independencia de criterio respecto dos demais órganos de Goberno municipal, non estando suxeita nas súas atribucións a instrucción ou mandato imperativo de ningún outro órgano.

Artigo 3.- Composición da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións.

1.- A Comisión estará integrada por un Concelleiro de cada grupo político municipal existente na Corporación ó que lle corresponderá un voto ponderado similar ó do número de membros que tal grupo ostente no Pleno Municipal.

2.- A designación dos membros da Comisión farase ó inicio de cada mandato, sen prexuízo da súa reelección e/ou substitución cando proceda.

3.- A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, farase mediante proposta do seu Voceiro, podéndose designar un suplente por cada titular.

4.- Os membros da Comisión serán nomeados polo Pleno por un tempo non superior ó do mandato da propia Corporación, renovándose con ista.

5.- O Presidente da Comisión será nomeado polo Alcalde, dentre os membros desta e a proposta da mesma, trala correspondente elección feita no seu seo.

6.- Actuará como Secretario da Comisión, con voz e sen voto, o Secretario Xeral do Pleno, ou Técnico de Administración Xeral do Concello en quen delegue. Ademais da función de fé pública inherente ó cargo, executará os acordos da Comisión.

Artigo 4.- Ámbito de competencias:

A Comisión exercerá as súas funcións e competencias, respecto a:

1.- Administración Municipal do Concello de Vigo e os seus organismos públicos, empresas e demais entidades dela dependentes ou nas que teña participación.

2.- Os servizos xestionados por persoas físicas ou xurídicas mediante concesións administrativas e, en xeral, calquera organismo ou entidade, pública ou privada, que realice funcións de servizo público e se atope suxeita a calquera tipo de tutela naquilo no que afecte ás materias integradas na competencia da Administración municipal.

Artigo 5.- Funcións e competencias da Comisión.

Corresponde á Comisión o coñecemento das reclamacións e suxerencias que se formulen sobre o funcionamento da Administración Municipal, así como a supervisión, seguimento e inspección da súa actividade.

En particular a Comisión terá as seguintes atribucións:

- 1.- O coñecemento e seguimento das reclamacións e suxerencias que se formulen relativas ó funcionamento e servicios da Administración Municipal, organismos autónomos e entidades dependentes.
- 2.- Supervisar e inspeccionar o funcionamento da Administración Municipal.
- 3.- Interesar e recabar dos órganos de goberno, órganos directivos e unidades administrativas, toda a información e documentación que precise para o exercicio das súas funcións, tendo libre acceso ós arquivos e rexistros.
- 4.- Elevar ós órganos municipais competentes os informes, propostas e suxerencias que considere necesarias para a mellora do funcionamento dos servicios e da actividade municipal.
- 5.- Investigar de oficio ou a instancia de parte, calquera acto ou resolución adoptada polos órganos de goberno municipal e polos seus órganos superiores e directivos.
- 6.- Avaliación e seguimento das medidas adoptadas pola Administración Municipal para a mellora dos servicios e o seu funcionamento.
- 7.- Elevar ó Pleno Municipal ó informe anual sobre o funcionamento da Administración municipal e os informes extraordinarios que considere necesarios.

Artigo 6.- Funcionamento da Comisión.

1.- A Comisión será convocada en sesión ordinaria polo seu Presidente, coa periodicidade que se acorde pola mesma no momento da súa constitución, e alomenos bimensualmente.

Poderase reunir en sesión extraordinaria cando así o soliciten os membros que co seu voto ponderado representen a cada parte dos membros da Corporación.

2.- O seu funcionamento axustarase ó disposto na materia, pola normativa vixente reguladora da Administración Local respecto das Comisións Informativas das Entidades Locais.

Artigo 7.- Unidade de suxerencias e reclamacións.

1.- Sen prexuízo das queixas ou reclamacións que os cidadáns presenten ante a Comisión ou o Valedor do Cidadán, que seguirán o seu propio e específico trámite previsto no artigo 10 deste Regulamento, a Comisión coñecerá de todos aqueles escritos, queixas ou reclamacións que presenten

os cidadáns peticionando calquera mellora nas infraestructuras ou no funcionamento dos servicios e actividades municipais.

2.- O dereito de petición que tamén poderá referirse a propoñer aquilo que se estime conveniente con referencia á mellora da calidade dos servicios municipais e da actividade administrativa en xeral, é unha facultade que corresponde ós cidadáns de Vigo para dirixirse a calquera órgano decisorio municipal en solicitude de resolucións en materia da súa competencia.

3.- Ós efectos anteriores crease unha unidade municipal de suxerencias e reclamacións dependente da Comisión que terá como fin a coordinación do estudo, tramitación, resposta e execución, no seu caso, dos escritos cursados e das posibles disfuncionalidades manifestadas nos mesmos.

4.- A coordinación levarase a cabo a través do coñecemento expreso do escrito presentado mediante copia que do mesmo lle sexa remitida polo Rexistro Xeral.

5.- En cada sesión ordinaria da Comisión, a unidade de suxerencias e reclamacións informará á mesma mediante escrito breve e conciso da instrucción que de cada escrito efectúa a unidade administrativa competente.

6.- Á vista da instrucción e resolución acordada a Comisión poderá dirixirse ó órgano resolutor efectuando as recomendacións ou suxerencias que estime conveniente.

TÍTULO II

Do Valedor do Cidadán

Artigo 8.- O Valedor do Cidadán.

1.- Ó Valedor do Cidadán, como órgano de enlace e colaboración da Comisión e os cidadáns, correspóndenlle as seguintes funcións:

- Elaborará os informes e memoria que lle solicite a Comisión, así como aqueles outros que estime oportunos.
- Fará o seguimento das actuacións acordadas pola Comisión.
- Levará o control, seguimento e coñecemento das reclamacións que se formulen, emitindo informes e resolucións relativas ás mesmas, que elevará á Comisión para o seu coñecemento.
- Anualmente, mediante informe, dará conta da súa xestión á Comisión, informe que se acompañará ó que preceptivamente eleve a Comisión ó Pleno.
- Aquelas outras funcións ou cometidos que lle encomende a Comisión no ámbito das súas competencias.

2.- O Valedor, que actuará con independencia, imparcialidade e obxectividade, será elixido mediante acordo da Comisión adoptado en votación que represente o voto dos dous tercios dos membros do Pleno. A

elección será por un tempo non superior ó do mandato da Corporación, sen prexuízo da súa reelección. En todo caso continuará nas súas funcións ata a data da súa substitución.

3.- Para ser elixido Valedor do Cidadán deberanse reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser veciño de Vigo, maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís e políticos.
- b) Ter recoñecido prestixio persoal e profesional.

4.- Tomará posesión do seu cargo ante o Pleno do Concello e prestará xuramento ou promesa do fiel desempeño da súa función.

5.- O Valedor do Cidadán cesará e será relevado do seu cargo por algunha das seguintes causas:

- a) De renunciaren
- b) Por expiración do seu mandato
- c) Por falecemento
- d) De seren condenado, mediante sentenza firme, por delicto doloso.
- e) Por perde-la condición de veciño de Vigo.

6.- A condición de Valedor do Cidadán e do seu adxunto é incompatible con todo mandato representativo; con todo cargo político ou actividade de propaganda política; coa afiliación a un partido político ou o desempeño de funcións directivas nun partido político, sindicato e asociacións empresariais; co exercicio das carreiras xudicial e fiscal e co na permanencia no servizo activo do Concello de Vigo ou seus organismos públicos del dependentes ou participados.

7.- O Valedor do Cidadán dará conta das súas actividades periodicamente á Comisión e sempre que ista o requira.

8.- En todo caso o Valedor do Cidadán acudirá ás sesións ordinarias da Comisión. Na orde do día figurará un punto no que se dará conta sucinta das reclamacións presentadas nos dous meses anteriores ó da súa realización.

Artigo 9.- Do Adxunto do Valedor.

1.- O Valedor do Cidadán nomeará un Adxunto que lle auxiliará nas súas funcións e substituiralle nos casos de incapacidade temporal, ausencia ou cesamento do seu titular.

2.- O Valedor do Cidadán poderá delegar, con carácter revogable, parte das funcións que lle son propias no Adxunto por tempo determinado.

3.- O Adxunto cesará automaticamente con ocasión de toma de posesión dun novo Valedor.

Artigo 10.- Tramitación das reclamacións ante o Valedor.

1.- Calquera persoa natural ou xurídica que, nas súas relacións coa Administración municipal, considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos, poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.

2.- As reclamacións, dirixidas á Comisión ou ó Valedor, presentaranse no Rexistro do Valedor do Cidadán, no Rexistro Xeral do Concello, nos dos organismos públicos e nos rexistros dos órganos desconcentrados.

Rexistrado o escrito remitirase á Oficina do Valedor ó obxecto de que unha vez sexa admitido a trámite, se promova a oportuna investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos do mesmo. En todo caso, dará conta do contido substancial do escrito á dependencia administrativa responsable co fin de que polo órgano que culmine a organización administrativa, no prazo máximo de quince días, se remita informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación. O prazo citado será ampliable cando concorran circunstancias que o aconsellen a xuízo do Valedor.

3.- Non se admitirán a trámite mediante escrito motivado as reclamacións sobre as que estea pendente resolución xudicial, as anónimas e aquelas outras nas que se advirta mala fé, carencia de fundamento, inexistencia de pretensión, así como aquelas outras cuxa tramitación irroque prexuízo ó lexítimo dereito de terceira persoa.

4.- O Valedor do Cidadán, que acusará recibo da reclamación, informará ó interesado do resultado das investigacións e xestión, así como da resposta que tivera dado a Administración municipal. Esta resposta será remitida á Comisión para o seu coñecemento.

5.- O Valedor do Cidadá, aínda non sendo competente para modificar ou anular os actos e resolucións da Administración Municipal, estará facultado para suxerir a modificación dos criterios utilizados para a produción daqueles. Das suxerencias darase conta á Comisión.

6.- Se como consecuencia das súas investigacións chegase ó convencemento de que o cumprimento rigoroso dunha norma municipal pode provocar situacións inxustas ou prexudiciais para os administrados, suxerirá á Comisión que propoña ó Pleno a modificación da mesma.

7.- O Valedor do Cidadán, con ocasión das súas investigacións, poderá formular ás autoridades e funcionarios da Administración municipal, advertencias, recomendacións ou recordatorios dos seus deberes legais. Destas recomendacións darase conta á Comisión.

8.- Se formuladas as recomendacións non se produce, dentro dun prazo razoable, unha medida axeitada en tal sentido pola dependencia afectada ou ista non informa das razóns que estime para non as adoptar, o Valedor do Cidadán poñerá en coñecemento da Comisión os antecedentes do asunto e as recomendacións presentadas a fin de que, trala súa valoración, se inclua tal asunto no informe anual que o órgano debe elevar ó Pleno.

9.- A totalidade das reclamacións presentadas, así como as respostas ás mesmas, recolleranse nuns Libros de Rexistro Auxiliar dos que será responsable a Oficina do Valedor do Cidadán.

TITULO III

Disposicións comúns

Artigo 11.- Medios e recursos da Comisión e do Valedor.

O Concello proporcionará á Comisión e ó Valedor os medios materiais e recursos persoais e económicos necesarios para o seu debido funcionamento. O Valedor dispoñerá dunha oficina administrativa e partida orzamentaria propia para o desenvolvemento das atribucións. As persoas que desempeñen postos de traballo na oficina do Valedor do Cidadán terán a consideración de persoal eventual, no suposto que a tales postos non se adscriba persoal municipal. Cesarán nas súas funcións con ocasión do cesamento do Valedor.

Artigo 12.- Colaboración dos organismos requiridos.

Tódalas autoridades, funcionarios, órganos e organismos da Administración municipal, así como os representantes das empresas concesionarias que xestionen servizos públicos municipais, están obrigados a colaborar e auxiliar á Comisión e ó Valedor nas súas actuacións con carácter prioritario.

Neste senso atenderán e facilitarán á mesma as comprobacións e inspeccións dos servizos e unidades administrativas, e darán cumprimento, no prazo de 15 días, á información e documentación que requira no exercicio das súas competencias.

Todo o persoal e autoridades dependentes da Administración deberán comparecer ante a Comisión cando sexan requiridos, ben sexa para informar do funcionamento dos servizos ou para explica-la súa relación coas queixas ou reclamacións presentadas polos cidadáns.

A actitude hostil ou entorpecedora da labor da Comisión ou do Valedor por parte de calquera organismo, funcionario, directivo ou persoal ó servizo da Administración municipal poderá ser obxecto dun informe especial, ademais de destacalo no informe anual.

Artigo 13.- Informe ó Pleno Municipal.

1.- A Comisión, a través do seu Presidente, dará conta anualmente ó Pleno Municipal da súa xestión e da xestión do Valedor do Cidadán, elevando un informe das reclamacións presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das suxerencias ou recomendacións non admitidas pola Administración municipal.

2.- Cando a gravidade ou urxencia dos feitos así o aconsellen, poderá elevar ó Pleno Municipal os informes extraordinarios correspondentes.

3.- Tanto os informes anuais como os extraordinarios serán públicos e destes darase a publicidade necesaria para coñecemento dos veciños.

4.- A Comisión, por medio do seu Presidente, acudirá ás sesións do Pleno Municipal ás que sexa convocada para informar das súas actuacións, e poderá solicitar, cando o crea conveniente, a súa comparecencia.

Artigo 14.- Natureza das reclamacións.

As reclamacións formuladas non terán en ningún caso a calificación de recurso administrativo, nin paralizarán os prazos establecidos na lexislación vixente para interpoñelos. As reclamacións non condicionan, en modo ningún, o exercicio das restantes accións ou dereitos que, de conformidade coa normativa reguladora de cada procedemento, poidan exercitar os que figuren nel como interesados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

As remisións que a normativa reguladora das Comisións Informativas pertencentes ás Entidades locais fan ó Alcalde-Presidente da Entidade, deberanse entender atribuídas ó Presidente da Comisión Especial de Reclamacións e Suxerencias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

O servizo de Participación Cidadá será a dependencia municipal que coordine as peticións de remisións de informes municipais solicitados polo Defensor do Pobo e o Valedor do Pobo en relación coas queixas que ante estas Institucións formulen os cidadáns en relación co funcionamento dos servizos e actividades da Administración municipal. A estes efectos calquera escrito neste sentido será remitido polo Rexistro Xeral a esta dependencia que reclamará da correspondente Xefatura o pertinente informe en prazo, a efectos do seu posterior envío.

Os escritos mencionados e as recomendacións ou suxerencias que, en relación con tales queixas, sexan formuladas polas Institucións citadas, serán do coñecemento da Comisión mediante o traslado que dos mesmos se efectue ó Secretario da Comisión para a súa inclusión na orde do día das sesións deste órgano.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

As persoas que actualmente desempeñan os cargos institucionais do Valedor do Cidadán e de Adxunto do Valedor manteranse nas súas funcións ata a finalización do vixente mandato corporativo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.

En tanto non se dote á Comisión, polos órganos competentes da Administración Municipal, de persoal administrativo e medios materiais e económicos necesarios para o seu funcionamento, corresponderá ó servizo de Participación Cidadá do Concello prestarlle o dito apoio.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Coa constitución da Comisión Especial de Reclamacións e Suxerencias, queda extinta a figura do Valedor do Cidadán, no sentido contemplado no Regulamento aprobado polo Pleno municipal en data 26.03.2001.

Queda derogado no demais o Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán e as outras normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto no presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

Este Regulamento orgánico entrar en vigor ós quince días hábiles seguintes ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

5.- (129).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONSELLO SOCIAL DA CIDADE DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 29.04.04 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico sobre o Proxecto do regulamento orgánico do Consello Social da cidade de Vigo, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

ANTECEDENTES.

A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local modificou substancialmente o réxime xurídico das grandes cidades e preveu para estas -art. 131 LBRL- a existencia dun Consello Social integrado por representantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativas.

INFORME.

A Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003 textualmente indica:

“Los Plenos de los Ayuntamientos a los que resulte de aplicación el régimen previsto en el Título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de Régimen Local, introducido por esta ley dispondrán de un plazo de SEIS MESES desde su entrada en vigor para aprobar las normas orgánicas necesarias que adapten su organización a lo previsto en dicho Título”.

O art. 131 da LBRL sinala que nas cidades ás que lles é de aplicación o Título X existirá un Consello Social ó que lle corresponderá, ademais das funcións que determine o Pleno mediante normas orgánicas, a emisión de

informes, estudos e propostas en materia de desenvolvemento económico local, planificación estratéxica da cidade e grandes proxectos urbanos.

A natureza orgánica da norma que ha de regula-la composición, competencias, organización e funcionamento do Consello Social implica que a súa aprobación require do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2. LBRL).

A Comisión redactora designada no seu día pola Alcaldía para a elaboración das normas orgánicas necesarias para o desenvolvemento da Lei de Modernización redactou o proxecto normativo que agora se somete a aprobación, no que constan lixeiras variacións introducidas pola Comisión de Seguimento integrada por representantes dos grupos municipais.

Entende esta Secretaría que o documento na súa redacción final axústase integramente ás previsións e mandatos da Lei debéndose destacar do mesmo a necesidade de que para o funcionamento do Consello se prevexa no orzamento municipal unha partida orzamentaria propia que poderá nutrirse das aportacións que para ese fin efectúen terceiros ou os axentes representados no Consello. Así mesmo é de salienta-la existencia dunha denominada "Comisión Permanente" que ten como principal fin colaborar co Pleno do Consello e prepara-las súas reunións e acordos o que implica unha vontade de perfección e rigor no funcionamento deste órgano participativo e consultivo.

Polo que se refire ó procedemento de aprobación, o art. 127.1.a) da LBRL sinala que, previa á súa aprobación plenaria, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Regulamento o que implica que este expediente constitue unha proposta do equipo de goberno ó máximo órgano municipal de representación. Realizada tal aprobación deberá someterse a dictame da Comisión Informativa competente en razón da materia que o elevará para a súa aprobación inicial ó Pleno. Conseguida esta co quorum antes mencionado, o expediente someterase a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no BOP a efectos de que os interesados nese prazo efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren convenientes que, tralo seu informe técnico, serán resoltas polo Pleno na fase de aprobación definitiva (art. 49 LBRL), adoptada esta procederáse á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor (art. 70.2 LBRL).

A Alcaldía-Presidencia, con data 30.04.04, formula a seguinte proposta á Xunta de Goberno:

"Examinado o proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo elaborado pola Comisión redactora desginada ó efecto, e visto o informe preceptivo que respecto ó mesmo emitíu o Secretario Xeral do Pleno propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-lo Proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo segundo o texto que figura no anexo a este acordo.

Segundo.- Propoñer ó Pleno a súa aprobación inicial sometendo o mesmo a información pública mediante insercción de anuncio no BOP a efectos de que

os interesados no prazo de 30 días hábiles efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren conveniente debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se producieran.

Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.”

Con data 3 de maio de 2004 a Comisión técnica para a redacción dos regulamentos de desenvolvemento da Lei 57/2003, efectuou modificacións no texto do proxecto de regulamento, xa incluídas na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 10 de maio de 2003, prestou a súa aprobación á proposta formulada pola Alcaldía-presidencia, tendo en conta as modificacións introducidas pola devandita Comisión.

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 24 de maio de 2004, dictamina favorablemente, propoñendo engadir á proposta outro punto co seguinte contido:

“O pleno do Concello de Vigo comprométese no período dos próximos doce meses a avaliar o funcionamento conxunto da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do órgano institucional do Valedor do Cidadán, ó obxecto de replantexarse a existencia deste último, no suposto de que razóns de eficiencia e eficacia nas atribucións de ambos, debidamente motivadas, así o recomenden”.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Este é outro dos proxectos de Regulamento que hoxe traemos a aprobación inicial: o Regulamento orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo.

Establece o artigo 131 da Lei 57/2003, que se trata dun órgano que ten coma finalidade a emisión de informes, os estudos e propostas en materia de desenvolvemento económico local, planificación estratéxica da cidade e grandes proxectos urbanos. Trátase dun órgano participativo pero de carácter consultivo no que teñen que estar representadas as organizacións sociais, profesionais e veciñais do municipio.

Coma xa dixen, as súas funcións son elaborar fundamentalmente informes, tomar coñecemento en casos coma o relativo ós expedientes do proxecto de orzamento municipal, ordenanzas fiscais, Plan xeral de ordenación municipal e calquera outro proxecto que teña implicación económica.

Os órganos que establece este Regulamento no Consello Social da Cidade son: O pleno, o presidente, vicepresidente, comisión permanente e o secretario. Sinalar que dentro do Pleno como membros, ademais do seu presidente, está un representante por cada un dos Grupos municipais, 6 membros en

representación das centrais sindicais, outros 6 membros en representación das organizacións empresariais e logo outro grupo de 6 cun representante da Universidade de Vigo, un da Federación de asociacións veciñais, un da entidade Caixanova, un do Consorcio da Zona Franca, un da Autoridade Portuaria e un representante elixido polos colexios profesionais que teñan sede na cidade de Vigo.

A convocatoria será en sesión ordinaria unha vez cada 6 meses e tamén se prevé a convocatoria extraordinaria. Prevese tamén a existencia de comisións de traballo específicas. Defínense as funcións dos distintos membros: do presidente, vicepresidente e comisión permanente. Coido que isto é o máis significativo deste Consello Social. Ademais na cidade de Vigo a aprobación deste regulamento derroga o do Consello Social da Cidade de Vigo actual.

Como xa dicía antes, os Regulamentos que establece a Lei 57/2003 tentan acadar unha maior participación da sociedade na marcha municipal.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sinxelamente nós solicitamos que, como se fixo cos borradores, se envíe unha copia do documento aprobado ós membros do CES.

SRA. ALCALDESA: Así se fará.

Modificación proposta polo voceiro do Grupo do BNG, Sr. Pérez Castrillo, durante o curso do debate:

Cambiar a na anterior proposta da comisión informativa de Xestión Municipal a frase "... no período dos próximos doce meses..." por "...no período da duración do actual mandato lexislativo..."

Vostase o dictame da comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local xuntamente coa modificación proposta polo voceiro do Grupo do BNG transcrita anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo co texto que se transcribe ó final deste acordo, sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles

efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren conveniente debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Segundo.- O Pleno do Concello de Vigo comprométese no período da duración do actual mandato lexislativo a avaliar o funcionamento conxunto da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do órgano institucional do Valedor do Cidadán, ó obxecto de replantexarse a existencia deste último, no suposto de que razóns de eficiacia e eficiencia nas atribucións de ambos, debidamente motivadas, así o recomenden

Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

PROXECTO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONSELLO SOCIAL DA CIDADE DE VIGO.

TÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 1.- Natureza.

De conformidade co previsto no artigo 131.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establécese, con carácter indefinido, o Consello Social da Cidade de Vigo como órgano participativo de carácter consultivo das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativos do municipio. Gozará de plena autonomía e independencia no exercicio das súas funcións e rexerá polo disposto neste Regulamento e pola norma interna de desenvolvemento que, no seu caso, aprobe.

Artigo 2.- Funcións.

Corresponderánlle as seguintes funcións:

- a) Constituírse en foro de diálogo e canle de participación dos axentes económicos e sociais da cidade.
- b) A emisión do informe anual da situación económica e social do municipio que remitirá ó Pleno dentro do primeiro semestre de cada ano.
- c) Sen prexuízo do posicionamento ou valoración que en cada caso queira manifestar o Consello Social tomará coñecemento e quedará enterado, con anterioridade a súa aprobación provisional das propostas de acordo dos expedientes relativos ó proxecto de orzamento municipal, ordenanzas fiscais, Plan Xeral de Ordenación Municipal e aqueles outros acordos municipais con transcendencia económico-social referidos á planificación estratéxica da cidade ou grandes proxectos de infraestrutura urbana.
- d) A emisión de informes, estudos e propostas en calquera outra materia por propia iniciativa ou por solicitude dos órganos municipais.

e) Impulsar a elaboración e execución de proxectos e iniciativas socioeconómicas orientadas á mellora e desenvolvemento da vida económica, social e cidadá de Vigo.

f) Propoñer e impulsar a realización de actividades divulgativas, formativas ou de encontro relacionadas coas súas funcións.

g) Fomentar a colaboración entre os seus membros, podéndose concretar na sinatura de convenios de colaboración.

h) Calquera outra que se lle puidese encomendar.

Artigo 3.- Carácter consultivo.

Os informes emitidos polo Consello Social da Cidade de Vigo terán carácter consultivo e non vinculante.

Artigo 4.- Informes.

1.- O prazo para a emisión de estudos e informes será de trinta días naturais contados a partir da remisión da documentación ou solicitude, agás que nela se fixe outro maior ou menor cando razóns de oportunidade ou urxencia o aconsellen, sen prexuízo do disposto nas disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

2.- Transcorrido o prazo sen realizar o pronunciamento correspondente poderase entender por decaída a oportunidade.

Artigo 5.- Medios.

1.- O Concello proporcionará ó Consello Social da Cidade de Vigo o apoio material, administrativo e técnico preciso para ó seu funcionamento.

2.- O Consello contará cos recursos económicos que para o cumprimento dos seus fins se consignen na partida orzamentaria propia que a este fin exista nos orzamentos xerais do Concello, sen prexuízo das achegas que se puidesen percibir daqueles axentes representados no Consello ou de terceiros.

3.- Ós efectos anteriores o Consello Social aprobará anualmente un Plan de Ingresos e Gastos debendo a Intervención Municipal fiscalizar os acordos dos órganos do Consello que den lugar ó recoñecemento de liquidacións e de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico así como dos ingresos e pagos que se deriven. Anualmente o Presidente dará conta ó Consello da liquidación do Plan de Gastos.

4.- O Concello facilitará ó Consello a información e documentación precisa para o cumprimento das súas funcións.

Artigo 6.- Facultades.

Para o cumprimento das súas funcións, o Consello Social da Cidade de Vigo terá as seguintes facultades:

1.- Solicitar, a través da Alcaldía, a información e documentación precisa para a elaboración dos seus estudos e informes.

2.- Solicitar doutras Administracións, Institucións ou Organizacións a información que estime precisa.

3.- Promover as reunións que considere precisas con profesionais tecnicamente cualificados e representantes dos distintos sectores para debater cuestións sobre as que o Consello deba pronunciarse.

TÍTULO II

Da súa organización e funcionamento

Artigo 7.- Organización.

Os órganos do Consello Social da Cidade de Vigo son o Pleno, o Presidente, o Vicepresidente, a Comisión Permanente e o Secretario.

Artigo 8.- O Pleno do Consello.

1.- O Pleno do Consello Social da Cidade de Vigo é o supremo órgano de decisión e formación de vontade do Consello. Estará integrado, ademais de polo seu presidente, polos representantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e veciñais máis representativas e en particular polos seguintes membros:

- a) Un membro de cada un dos grupos políticos municipais existentes no Concello.
- b) Seis membros en representación das centrais sindicais que obtivesen a condición de maior representatividade de acordo coa Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical.
- c) Seis membros en representación das organizacións empresariais que gocen de capacidade representativa de acordo co previsto no Estatuto dos Traballadores.
- d) Seis membros coa seguinte distribución:
 - Un representante da Universidade de Vigo.
 - Un representante da Federación das Asociacións de Veciños.
 - Un representante da Entidade Caixanova.
 - Un representante do Consorcio da Zona Franca de Vigo.
 - Un representante da Autoridade Portuaria de Vigo.
 - Un representante elixido polos Colexios Profesionais que teñan sede na cidade de Vigo.

2.- O nomeamento dos membros do Consello Económico e Social da Cidade de Vigo realizarase por Decreto da Alcaldía a proposta das entidades e organizacións representadas, que poderán, asemade, designar un suplente. O Decreto publicarase no BOP.

3.- A designación dos membros do Consello realizarase ó principio de cada mandato sen prexuízo da súa reelección e ou substitución cando proceda. No suposto de que se leve a cabo dentro de cada período a substitución dalgúns

dos seus membros, a duración do mandato do que se incorpore por esta causa finalizará coa primeira renovación do Consello posterior ó seu nomeamento.

4.- Os membros titulares do órgano tan só poderán ser substituídos polo seu suplente sen que sexan admisibles as asistencias por delegacións efectuadas a favor doutros membros do seu grupo ou terceiros membros das asociacións ou entidades representadas. O voto será, polo tanto, persoal e indelegable.

5.- O Pleno reunirse en sesión ordinaria unha vez cada seis meses. Asemade, reunirse con carácter extraordinario a convocatoria do Presidente, por propia iniciativa, cando o solicite unha cuarta parte dos seus compoñentes ou cando o acorde a Comisión Permanente.

A convocatoria remitirase ós compoñentes do Pleno alomenos con seis días de antelación á data sinalada para a súa realización. Deberá conter a orde do día da sesión e acompañarase da documentación específica sobre os temas a tratar; se isto non fose posible, conterá a indicación de que a dita documentación atópase a disposición dos membros do Pleno na Secretaría do Consello. En casos de convocatoria extraordinaria a notificación da mesma poderá cursarse con dous días de antelación.

6.- En segunda convocatoria será suficiente a presenza dun tercio dos seus membros. A segunda convocatoria entenderase producida con carácter automático transcorrida media hora dende a sinalada para a primeira.

7.- Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros presentes, en caso de empate o voto da Presidencia terá carácter dirimente. Recoñécese o dereito dos discrepantes a formular votos particulares que deberán unirse á resolución correspondente.

8.- Ás sesións do Consello Social, que non serán públicas, poderán asistir aqueles especialistas, técnicos ou personalidades que se considere necesario, os cales participarán con voz e sen voto.

9.- Poderanse crear Comisións de Traballo, coa forma de organización e xestión que se estimen oportunas, có obxecto de estudo e elevación de propostas ó Pleno sobre asuntos concretos. Nelas poderán participar institucións, entidades ou persoas distintas ás representadas no Pleno, poderán asistirse dun ou varios técnicos ou asesores expertos nas materias a tratar.

10.- No regulamento de réxime interno do Consello regularase o réxime de asistencias dos seus membros e a posible perda da condición en caso de inasistencias continuadas.

Artigo 9.- O Presidente.

O Presidente será o Alcalde-Presidente ou membro da Corporación Local en quen delegue. Corresponderalle ó Presidente:

- a) Ostentar a representación do Consello.
- b) Presidir, convocar as sesións e moderar os debates.
- c) Formular a orde do día das sesións.

- d) Ordenar a publicación dos acordos do Consello e dispoñer o seu cumprimento.
- e) Solicitar, no nome do Consello, a colaboración que estime oportuna de institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións e particulares.
- f) Solicitar do Pleno do Concello a ampliación do prazo establecido nas peticións de informe ou dictame que se dirixan ó Consello.

Artigo 10.- O Vicepresidente.

O Vicepresidente substituirá ó Presidente en casos de ausencia, vacante ou enfermidade, asistirá e colaborará coa Presidencia no exercicio das súas funcións, realizará aquelas que expresamente lle delegue e será designado por este de entre os membros do Pleno do Consello.

Artigo 11.- A Comisión Permanente.

A Comisión Permanente estará composta polo Presidente, os representantes dos grupos políticos municipais e seis membros titulares do Pleno do Consello a razón de dous representantes de cada un dos grupos referidos nas letras b), c) e d) do artigo 8, estes e os seus suplentes serán designados polo Pleno a proposta de cada un dos mencionados grupos.

A Comisión reunirse necesariamente con carácter previo ás convocatorias ordinarias do Pleno ó obxecto de preparar ditas sesións e cantas veces sexa convocada polo Presidente ou a solicitude dunha cuarta parte dos seus membros.

Cando así o acorde a Comisión ou a proposta do Presidente poderán asistir ás súas sesións outras persoas ou entidades en calidade de invitados con voz e sen voto.

Artigo 12.- Funcións da Comisión Permanente.

A Comisión Permanente é o órgano colexiado colaborador do Pleno nos asuntos do Consello e ademais das funcións que expresamente lle delegue o Pleno, ten as seguintes competencias específicas:

- a) Propoñer a convocatoria das reunións do Pleno con carácter extraordinario.
- b) Preparar as sesións ordinarias do Pleno.
- c) Coordinar os estudos das Comisións de traballo que no seu caso se constitúan.
- d) Elaborar propostas para a súa elevación ó Pleno.
- e) Acordar a asistencia ó Pleno de técnicos, expertos ou asesores externos en función da orde do día da sesión.
- f) Efectuar o seguimento dos dictames, estudos ou informes que deba emitir o Consello.
- g) Executar a contratación de estudos ou informes externos.
- h) Elaborar un regulamento de réxime interno no que se desenvolva o funcionamento do Consello para a súa posterior aprobación, por maioría absoluta, do Pleno e posterior elevación ó Pleno municipal.

Artigo 13.- O Secretario.

1.- Realizará as funcións de secretario do Consello Social da Cidade de Vigo, do Pleno do Consello e da Comisión Permanente ó Secretario do Pleno do Concello ou funcionario en quen delegue.

2.- Son funcións do Secretario:

- a) Trasladar as convocatorias das sesións do Consello, por orde do Presidente.
- b) A redacción das actas do Consello, autorizalas coa súa sinatura e co visto e praxe do Presidente e dar curso correspondente ós acordos que se adopten.
- c) Expedir certificacións de acordos.
- d) O asesoramento técnico á Presidencia.
- e) Custodiar a documentación do Consello.
- f) As demais que lle sexan encomendadas polo Pleno ou polo Presidente.

Disposición Adicional Primeira.- Publicados os nomeamentos dos integrantes do Pleno no BOP, os seus membros tomarán posesión do seu cargo na primeira sesión que convoque o Presidente.

Disposición Adicional Segunda.- Corresponde ó Pleno do Consello a facultade de interpretar o presente regulamento e integrar a súas posible lagoas. Igualmente corresponde ó Pleno propoñer ó Pleno do Concello a súa reforma sendo necesario para isto o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

Disposición Transitoria.- Dentro do prazo do mes seguinte ó da entrada en vigor deste Regulamento as organizacións asociacións e entidades competentes proporán á Alcaldía o nomeamento dos seus representantes no Consello. A estes efectos os Colexios Profesionais mencionados no artigo 8.1.d) serán notificados polo Alcalde ó obxecto de que no prazo indicado, e previa reunión que entre eles realicen, propoñan mediante escrito o titular e suplente que lles corresponde.

Disposición derogatoria.- Queda derogado o acordo de creación do Consello Económico-Social do Concello de Vigo aprobado polo Pleno da Corporación municipal en sesión ordinaria do 27 de febreiro de 1992, coas súas modificacións, así como calquera outro regulamento municipal ou acordo que se opoña, contradiga ou resulte incompatible ó presente regulamento. A derogación mencionada implica o cese dos actuais membros do Consello Económico Social da cidade.

Disposición Final.- O presente regulamento entrará en vigor nos termos do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

6.- (130).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS
POLA UTILIZACIÓN DO VERBUM.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 7 de maio de 2004 a directora de Ingresos, Sra. Magdalena Vila, co intervido e conforme da interventora xeral, informa do que segue:

"Segundo orde de servicio do Sr. Concelleiro da Área de Xestión Municipal, de data 23 de abril de 2004, esta Dirección de Ingresos presenta a modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos do "Verbum-Casa das Palabras".

Os motivos da modificación da ordenanza reguladora aprobada en sesión do 31 de marzo de 2003 constan en informes do departamento de Cultura de datas 19 e 29 de abril de 2004. A modificación consiste nunha reestructuración e redución das tarifas de entrada así como establecemento de novas tarifas por utilización de determinadas estancias do Verbum.

A proposta que se formula recolle integramente os citados informes.

A redución da tarifa xeral de entrada de 5€ a 3€ e a reducida de 3€ a 1€, non debe modificar a previsión de realización de ingresos que constan na partida 34.001 do proxecto do orzamento de ingresos de 2004 por importe de 18.000 €, dos que 6.000 € xa constan ingresados.

O expediente axústase ó disposto nos artigos 47 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das FLL e, en particular, ó establecido no artigo 44, considerando que a Corporación estima que existen razóns sociais e culturais que aconsellan a fixación das tarifas destes prezos públicos por debaixo do custo estimado no informe económico que se acompaña.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de réxime local."

Polo anteriormente exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de maio de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: O noso Grupo está a favor desta proposta de baixar os prezos do Verbum pero coidamos que é comezar a casa polo tellado porque erramos totalmente se pensamos que o problema do Verbum está nos prezos, ou polo menos o problema fundamental.

Aquí no mes de febreiro aprobouse unha moción que facía unha análise de cal era a problemática existente no Verbum e instaba a que se elaborara un programa de actividades atraintes que serviran para potenciar os contidos do museo e poderen así revitalizalo e convertelo nun foco de atención. Coidamos que isto é fundamental e imprescindible se queremos atraer ó

público infantil que é o que pode, a través da inclusión nas programacións dos centros educativos das visitas ó Verbum, incidir en que este museo sexa visitado e polo tanto se poida rendabilizar dende a perspectiva cultural. Repito que imos votar a prol da rebaixa pero que coidamos imprescindible facer o antedito.

SR. ARIAS MOREIRA: Estamos a favor da revisión de tarifas que coido é o problema máis obvio detectado por todos dende o comezo. As tarifas que estaban establecidas eran imposibles, eran un atranco fundamental para atraer público de todo tipo e basicamente dos colexios, público infantil a quen debe ir destinada boa parte da actividade do Verbum. Compartimos que é un problema de moita maior complexidade coma quedou identificado no Pleno no que se falou disto.

Probablemente lembran que naquel Pleno eu mesmo falei das pésimas tarifas coma problema fundamental, pero que había que situar o problema en termos máis amplos e dunha maior complexidade que aquí non se abordan, pero ó mellor agora é o momento.

Seméllanos ben que se adopte esta medida coma primeira dunha cadea que deben server a partir deste momento para enfrontar o problema da política cultural, probablemente o máis grave que temos nestes momentos.

SR. SOTO FERREIRO: Absolutamente de acordo coas anteriores intervencións.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: É certo que isto non é máis que unha parte pequena do que se pode facer no Verbum pero é a primeira cousa que se pode facer e aprobar, é dicir, dentro das medidas e da política que este Goberno ten respecto ó Verbum hai previstas varias actividades e xa se manifestaron na moción do mes de febreiro. Entre elas atopábase sobre todo a de que non existe persoa encargada da dirección do Verbum. O programa de actividades pódese elaborar pero se non hai quen o poña en marcha, nin quen sexa responsable, non se pode reactivar o museo Verbum. É certo que hai outros museos como o de Castrelos que teñen director, o Verbum non o ten nin o tivo ata a data. En troques hai que dicir que no orzamento que se presentou a semana pasada, no cadro de persoal ía o posto de director do Verbum pero ó non se aprobar non saíu a praza de director.

Polo tanto é difícil presentar un programa de actividades; si que se pode facer pero é certo que hai que comezar a casa polos cimentos e isto

significa que ten que existir persoal ó fronte do Verbum que teña a responsabilidade de poñer en marcha as actividades que queremos facer nel porque senón é imposible poñer en marcha o Verbum.

Ademais tamén no orzamento que non se aprobou ía unha partida para reformas.

Respecto das actividades hai que lembrar tamén que a ordenanza ten algunhas contradicións como é que se os nenos van co colexio pagan 3€ e se van cos pais a entrada é gratuita, polo tanto esa é unha das cousas que non fomenta a visita dos escolares ó Verbum.

Ademais o Verbum non estaba incluído nos programas educativos e agora vai estar nos da Concellería de Educación na que se elaboraron guías didácticas que se testaron e comprobaron con nenos de colexios e con maiores. Estas guías didácticas inclúen todos os museos da cidade.

Coido que este Goberno deu todos os pasos que puido. O tema do director xa non está en mans do Goberno, estivo nas do Pleno e non saíu adiante. Coido polo tanto que a política que se segue é a axeitada, a que se pode facer e o primeiro paso é a aprobación da ordenanza.

Quero lembrar ademais que na recente visita que os representantes da Unión Europea fixeron ó Museo, ó remataren os funcionarios da Unión Europea de Madrid dixeron que ían recomendar a visita de Bruxelas ó Museo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola utilización do "Verbum-Casa das Palabras", co seguinte texto:

ARTIGO 1.- CONCEPTO.

Serán obxecto destes prezos públicos a utilización das instalacións do "Verbum-Casa das Palabras", de conformidade co artigo 41 do RDL 2/2004 do 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das FFLL.

ARTIGO 3.- CONTÍA.

As tarifas deste prezos públicos serán as seguintes:

1. Tarifa xeral de entrada.
 - Por cada persoa. 3 €.
2. Tarifa reducida.
 - Por cada persoa: 1 €.

- Nenos/as entre 7 e 14 anos
- Persoas co carné xove
- Persoas xubiladas, pensionistas, desempregadas e discapacitadas.
- Familias numerosas.
- Grupos escolares.
- Outros grupos (mínimo de 20 persoas).
- Tarxetas turísticas ou promocións promovidas ou aceptadas polo Concello de Vigo.
- Usuarios de actividades programadas no Auditorio, Aula de seminarios, ou vestíbulo, con cota de inscrición.
- Grupos que desenvolven actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Asuntos Sociais.
- Visitantes nas xornadas de promoción ou actividades establecidas pola Xunta de Goberno do Concello.

3. Tarifa gratuíta.

- Nenos/as ata 7 anos e grupos escolares de 1º de primaria.
- Profesorado de primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos ou equivalentes.
- "Día do Verbum" a determinar pola Xunta de Goberno Municipal.
- Guías turísticas e monitores de discapacitados, de actividades infantís ou xuvenís.
- Grupos que desenvolven actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Asuntos Sociais.

4. Tarifa xeral de utilización de dependencias.

- Auditorio:
 - Tarifa mínima, ata media xornada (4 horas) 100 €.
 - Por cada xornada. 300 €.
- Aula de seminarios ou vestíbulo:
 - Tarifa mínima ata media xornada (sesión de mañá ou tarde). 60 €
 - Por cada xornada. 100 €
- Almacén:
 - Por cada xornada. 50 €

5. Tarifa reducida de utilización de dependencias.

Para grupos que desenvolvan actividades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Asuntos Sociais.

O importe da correspondente tarifa será o 50% das cantidades establecidas no apartado 4 anterior.

6. Cursos e actividades complementarias, venda de libros, publicacións e obxectos, segundo os prezos que establecen as respectivas ordenanzas reguladoras dos prezos públicos (ordenanzas números 40 e 41).

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local ou Resolución da Concellería Delegada de Asuntos Sociais regularanse os mecanismos de acreditación para o disfrute das cotas reducidas e gratuítas reguladas na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 do 2 de abril.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- 1) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- 2) Facúltase a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

7.- (131).-DAR CONTA DO ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE A DENOMINACIÓN DAS RÚAS QUE CIRCUNDAN E ATRAVESAN O CAMPUS DE LAGOAS-MARCOSENDE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 3 de maio de 2004, a xefa de Estatística, Sra. Ayuso Torres, formula o seguinte informe:

"Con data 27 de abril do ano que andamos presentouse no Rexistro deste Concello o acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo sobre a denominación das rúas que circundan e atravesan o Campus de Lagoas-Marcosende.

Este acordo adoptouse por unanimidade na sesión do 11 de decembro do ano 2003 tras finalizar os principais proxectos constructivos levados a cabo pola Universidade de Vigo no Campus das Lagoas-Marcosende.

Tal como se indica no escrito sinalado a proposta da denominación das rúas resulta da mestura de topónimos e de nomes novos. Ademais o custo desta nova sinalización vertical sería a cargo dos orzamentos da Universidade."

Polo exposto a xefa de Estatística emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Servicios Xerais, en sesión do 24 de maio de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Darse por enterada do acordo adoptado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, respecto á denominación do viario do Campus Universitario de Lagoas-Marcosende, para engadir ó ruego municipal, segundo a planimetría que se achega, nos seguintes termos:

1.- ESTRADA DE FONTEFRÍA.- Estrada de circunvalación ó campus, dende o final da estrada de Castrelos-Universidade, ata a rotonda onde remata a estrada provincial 2604 "Puxeiros-Meixoeiro-Universidade" e onde se atopa o inicio da rúa da Ilustración e a escultura de Silveiro Rivas.

2.- ESTRADA DO FERRO VELLO.- Estrada de circunvalación ó campus, dende o final da estrada Castrelos-Universidade ata a rotonda que permite a conexión co Alto de San Cosme, no inicio da estrada das Pedras Miúdas e da rúa das Devesas.

3.- ESTRADA DAS PEDRAS MIÚDAS.- Estrada de circunvalación ó campus polo seu extremo leste que permite a conexión entre a estrada do Ferro Vello e a estrada de Fontefría, por detrás da Facultade de Filoloxía e Traducción, ata a rotonda onde está ubicada a escultura de Silveiro Rivas e ten inicio a Estrada Provincial 2604.

4.- RÚA DA ILUSTRACIÓN.- Vial de entrada ó campus, dende a escultura de Silveiro Rivas ata o inicio dos aparcadoiros e a zona deportiva da Cidade Universitaria, en conexión co final da rúa das Pedreiras.

5.- CAMIÑO DOS ARRIEIRO.- Vial de comunicación para o desprazamento de vehículos ata o aparcadoiro traseiro da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, pasando pola beira da Facultade de Filoloxía e Traducción e polo perímetro lateral da Facultade de Económicas ata chegar ó cruzamento coa rúa das Devesas e da Fonte das Abelleiras.

6.- PRAZA DAS CANTIGAS.- Praza que ocupa o fronte da Facultade de Filoloxía e Traducción, ata o límite no que se produce a conexión do camiño dos Arrieiros e a rúa da Cumieira.

7.- RUA DA CUMIEIRA.- Vía que conecta a praza das Cantigas e a estrada das Pedras Miúdas polo perímetro frontal e lateral da Facultade de Filoloxía e Traducción.

8.- RÚA DA FONTE DAS ABELLEIRAS.- Vial que conduce dende o punto de conexión entre o camiño dos Arrieiros e a rúa das Devesas, ata a rúa Galileo, pasando por diante do fronte da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e das Facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar.

9.- PRAZA DE MARIE CURIE.- Praza interior formada polo perímetro das edificacións actuais das Facultades de Bioloxía, Química e Ciencias do Mar.

10.- RUA DAS DEVESAS.- Vial que en dirección de saída ó Alto de San Cosme e Porriño permite a conexión dende o punto do cruzamento do camiño dos Arrieiros e a rúa da Fonte das Abelleiras ata a rotonda na que se produce o punto de cruzamento entre a estrada do Ferro Vello e a estrada das Pedras Miúdas.

11.- RÚA DE GALILEO.- Primeiro vial que nace como desviación á dereita na estrada de Fontefría en dirección Puxeiros-Aeroporto e pasa con posterioridade pola rotonda onde finaliza a rúa da Fonte das Abelleiras, prosigue por diante das ETSS de Enxeñería Industrial e Minas e remata na curva de acceso á ETS de Telecomunicacións.

12.- RÚA DE MAXWELL.- Segundo vial que nace como desviación á dereita da estrada da Fontefría en dirección Puxeiros-Aeroporto, atravesa con posterioridade o aparcadoiro situado detrás da ETS de Telecomunicacións e morre na conexión co final da rúa de Galileo.

13.- RÚA DAS PEDREIRAS.- Terceiro vial que nace como desviación á dereita da estrada da Fontefría en dirección Puxeiros-Aeroporto e morre na conexión co final da rúa da Ilustración.

14.- PRAZA DE ENRIC MIRALLES.- Praza urbana situada no centro da Cidade Universitaria, no inicio da zona comercial, lindando co punto de conexión das rúas da Ilustración e das Pedreiras.

15.- RÚA XENERACIÓN NÓS.- Vial que conduce á Residencia de Estudiantes dende a rúa das Pedreiras.

16.- RÚA LEONARDO DA VINCI.- Vial central de servicios, que se desvía do Camiño dos Arrieiros na baixada á Facultade de Económicas e conduce ata a rúa de Maxwell, no aparcadoiro situado na traseira da ETS de Telecomunicacións, pasando pola Biblioteca Central e os edificios do Rectorado e do CACTI.

17.- PRAZA DE ERASMO.- Paza urbana definida polos dós edificios do Rectorado, o actual de Servicios Centrais e o Representativo, hoxe en proceso de construción.

8.- (132).-DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12.04.04 SOBRE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA DO GASTO DE 870€ A FAVOR DE RP3.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 12 de abril de 2004, adoptou o seguinte acordo:

9.- (426).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA POR IMPORTE DE 870 € A FAVOR DE RP3 POLA CAMPAÑA DE NORMALIZACIÓN "MERCAMOS E VENDEMOS EN GALEGO". EXPTE. 352/334.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 25.03.04, e de acordo coa proposta do concelleiro de Normalización Lingüística, do 31.03.04, a Xunta de Goberno acorda:

A indemnizacións substitutoria das actuacións e do gasto por importe de 870 € a favor de RP3 en concepto da realización da campaña de normalización "Mercamos en galego", con cargo á aplicación orzamentaria 46332260801."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 24 de maio de 2004, quedou enterada do anterior acordo.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

9.- (133).-RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU NA RÚA MARQUÉS DE ALCEDO

ANTECEDENTES.- Con data 16 de abril de 2004, o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Comínges Cáceres, informa o que segue:

"FEITOS.

1º.- En data 24/11/2003 o Pleno do Concello acordou:

"Primeiro: Incoar un procedemento de modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, no ámbito comprendido entre as rúas Marqués de Alcedo e Travesía Primeira de Marqués de Alcedo, en cumprimento do sinalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentenza firme núm. 113/1995, do 23 de febreiro, dictada en autos de recurso Cont.-Ad. 2/5070/1993, a fin de calificar ditos terreos coa ordenanza "1.3.C" de vivenda unifamiliar illada de baixa densidade (expte. 8691/411). Segundo: Suspender o outorgamento de licencias urbanísticas no ámbito afectado por esta modificación puntual polo prazo dun ano, consonte co disposto no Art. 77.1 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia. (...)"

Dito acordo publicouse no diario Faro de Vigo do 05.12.2003 e no DOG núm. 5, do 09.01.2004, notificándoselle individualizadamente ós interesados.

2º.- Contra o referido acordo interpuxéronse nesta Administración municipal 5 recursos de reposición, subscritos, respectivamente por D. José Simón Viéitez -"Mirador 3000, S.L."- (02/01/2004); D^a Yolanda del Rocío Miniño Costas -"Olivicastro Vigo, S.L."- (04/02/2004); D^a Anna Scheidgen de Álvarez -"Alfico, S.A."- (06/02/2004); D. Paulino Pampillón Pérez (24/02/2004) e D^a Clementina Pérez Somoza (12/03/2004). En datas respectivas 23.03.2004 e 13.04.2004 D. Samuel Janeiro Carrete e outros interpuxeron senllos escritos solicitando a desestimación dos devanditos recursos de reposición.

3º.- No día 02.03.2004 o Pleno do Concello acordou, con motivo da revisión do Plan Xeral actualmente en tramitación:

"Primeiro.- Proceder á suspensión cautelar do outorgamento de licencias de parcelación de terreos, edificación e demolición nas áreas que se

relacionan no documento anexo e se grafían nos planos numerados do 1 ó 55 a escala 1:2000; documentos ambos, relación e planos, que como anexos 1 e 2, incorpóranse a este acordo como parte integrante do mesmo. (...)" (expte. 8892/411).

O ámbito "4" delimitado no plano núm. "7" dese acordo de suspensión de licencias abrangue o cuarteirón configurado polas rúas Marqués de Alcedo, Travesía de Marqués de Alcedo e inicio da rúa Couto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- O recurso de reposición presentado por D. Paulino Pampillón Pérez debe inadmitirse por extemporáneo. O acordo impugnado notificóuselle en legal forma no día 23.01.2004, e sen embargo non interpuxo o recurso de reposición ata o día 24.02.2004, unha vez concluído o prazo dun mes regulado no art. 117.1 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXA-PAC).

O prazo para a interposición do recurso é preclusivo e improrrogable, debendo inadmitirse de oficio o presentado extemporaneamente, como recoñeceu unha reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo. Precisamente este último sinalou na súa sentenza do 04.10.2000 (RJ 8453) que:

"(...) la Jurisprudencia de esta Sala es reiterada y unánime, requiriendo su aplicación taxativa en el caso de que se acredite el transcurso de los plazos correspondientes, sin que la circunstancia de que el exceso sea de un solo día pueda subsanar el defecto - Sentencias, entre las últimas pronunciadas, de 30 de enero y 4 de abril de 1998 (Arz. 585 y 3038) y 13 de febrero y 9 de junio de 1999 (Arz. 1214 y 4269). En consecuencia, no cabe pretender eludir su cumplimiento por razón del breve lapso de tiempo excedido".

II.- Os motivos de impugnación esgrimidos nos restantes recursos de reposición coinciden entre sí, circunstancia que aconsella o seu exame conxunto. Ditos motivos son os seguintes:

- Falla de xustificación da incoación do procedemento de modificación puntual do Plan Xeral. Desviación de poder.
- Correspondencia a dereito da ordenación prevista para ese ámbito no PXOU-93. Estimación de varios escritos de alegacións interpostos durante a tramitación do PXOU-93, que xustificaron a ordenación finalmente aprobada.
- Improcedencia de incoar unha modificación puntual do Plan cando xa se está tramitando a súa revisión.

III. Do exposto constátase que a práctica totalidade dos motivos de impugnación, refírese realmente ó aptdo. "Primeiro" da parte dispositiva do acordo plenario municipal do 24.11.2003, consistente na incoación dun procedemento de modificación puntual do Plan Xeral no ámbito de referencia.

Sen embargo, dito aptdo. non resulta impugnabile en sí mesmo, ó constituír un acto de mero trámite de inicio dun expediente, que non condiciona o resultado final do procedemento. Antes da resolución definitiva deberán

efectuarse os pertinentes trámites de aprobación inicial, información pública e aprobación provisional, con emisión de informes nos que se xustificará a oportunidade e legalidade da modificación puntual. Trámites previos necesarios para poder determinar e aprobar a ordenación urbanística definitiva que rexirá ese ámbito.

Conclusión que conleva a inadmisibilidade dos recursos de reposición a este respecto, consonte co disposto nos arts. 107.1 e 113.1 LRXA-PAC e art. 25 Lei 29/1998, do 13 de xullo (LXCA-98). Así o recoñeceu o Tribunal Supremo nas súas sentencias do 23/01/2004 (RJ 147), 11/06/2002 (RJ 5632), 19/04/2002 (RJ 3861) e 29/09/1999 (RJ 6598), e o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid na sentenza núm. 995/2001 do 04.06.2001 (RJCA 828), na que afirmou o seguinte:

"CUARTO Ya en este punto será de recordar que uno de los criterios de clasificación de los actos administrativos es precisamente el de la función que aquéllos desempeñan dentro del procedimiento y así se distinguen, por un lado, los actos de trámite, que preparan y hacen posible la decisión, dirigiéndose al mejor acierto de ésta, y, por otro, las resoluciones, que son las que deciden las cuestiones planteadas. Es una diferenciación que nace de la propia estructura del procedimiento y de la que deriva un principio de concentración procedimental en virtud de la cual los actos de trámite no son impugnables separadamente: es al recurrir la resolución cuando podrán suscitarse las cuestiones relativas a la legalidad de los actos de trámite. Esta irrecurribilidad autónoma de dichos actos aparece expresamente reconocida tanto por la Ley de Procedimiento Administrativo -art. 113.1- como por la Ley Jurisdiccional -art. 37.1- y encuentra excepción sólo cuando aquéllos determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o deciden directa o indirectamente el fondo del asunto.

Y el acuerdo de aprobación inicial de los planes urbanísticos es un típico acto de trámite que no impide la continuación del procedimiento, y que hace inadmisibles cualquier reclamación articulada contra los mismos, al no darse el supuesto de una decisión de la Administración demandada que fuera posible revisar en vía jurisdiccional, toda vez que la reclamación contencioso-administrativa se delimita por el ejercicio de una pretensión contra actos singulares de aquélla sujetos al Derecho Administrativo, y sólo con la aprobación definitiva se obtiene el acto administrativo idóneo para ser susceptible de impugnación".

IV.- No referente ó aptdo. "Segundo" da parte dispositiva do acordo impugnado, relativo á suspensión de licencias na área afectada por esta modificación puntual, ampárase no disposto no art. 77.1 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA). Dito precepto lexitima ó planificador urbanístico a suspender discrecionalmente o outorgamento de licencias nun concreto ámbito polo prazo dun ano, co mero propósito de estuda-la formación ou reforma do planeamento.

Neste caso, existiu causa e xustificación máis que suficiente para emitilo, polos motivos que se sinalan na parte expositiva do acordo impugnado, que aquí se dan íntegramente por reproducidos (coas salvidades que se efectuarán máis adiante).

Resulta incontestable o feito de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), nunha sentenza firme, anulou unha licencia de obras

concedida nese ámbito por considerar, entroutros motivos, que a nova ordenación establecida no PXOU-93 incorrera nun vicio de nulidade de pleno dereito (falla de motivación e desviación de poder). Dita declaración efectuouse ó abeiro do disposto no art. 39.2 da entón vixente LXCA-56, que permitía fundamentar a impugnación dun acto administrativo na nulidade da disposición xeral que executa, a pesar da firmeza desta última.

A inseguridade xurídica xerada a partir de entón é evidente. Calquera licenza de obras concedida nesa área segundo a ordenanza "1.2.C" podería ser impugnada e anulada. Circunstancia que obrigaba a esta Administración municipal, polo menos a "estudar" a conveniencia da modificación do planeamento (art. 77.1 LOUGA), para finalizar con esa situación de inseguridade xurídica.

A medida adoptada -suspensión de licencias- resulta así racional e proporcionada ó problema formulado. De continuar outorgándose licencias nesas circunstancias, corriase por unha banda o grave risco de frustrar o resultado da modificación puntual en estudo, e pola outra, de conceder licencias viciadas de nulidade.

É certo que o problema abordouse por este departamento de Planeamento tempo despóis da emisión da sentenza de referencia. Pero tamén o é, que unha vez detectado (como consecuencia dunha consulta da oficina de licencias), resultaba obrigado a adoptar as medidas pertinentes en defensa da seguridade xurídica e dos intereses municipais.

V.- Con independencia do sinalado nos fundamentos xurídicos anteriores (motivo máis que suficiente para inadmitir ou desestimar os referidos recursos de reposición), cómpre engadir que os posibles "erros de feito" denunciados no acordo impugnado, son irrelevantes e non enervan nin a oportunidade nin a legalidade do mesmo.

Así, constatouse que durante o prazo de información pública aberto na tramitación do PXOU-93 presentáronse dous escritos de alegacións referidos ó ámbito de referencia.

O primeiro deles, interpúxose por D. Manuel Gestoso Saborido no 17.06.1992 (doc. núm. 239.532 - escrito de alegacións ó PXOU núm. 1098). Informouse desfavorablemente polos técnicos municipais e non consta pronunciamento ó respecto polo Pleno do Concello no seu acordo de aprobación provisional do Plan.

O segundo, subscrito por D. José Costas Otero, D^a Modesta Pardo Pereira, D^a Anna Scheidden de Álvarez e D. Juan Alberto Álvarez Salvador, interpúxose en data 17.06.1992 (doc. núm. 24.1664 - alegación núm. 2492), informouse desfavorablemente polos técnicos municipais e a pesar delo estimado no acordo de aprobación provisional do Plan.

O informe dos técnicos municipais sobre este segundo escrito de alegacións resultou do seguinte teor literal:

"(...) Nos terreos obxecto desta alegación non se presenta no expediente aprobado inicialmente o 7/5/92 ningunha modificación respecto do Plan Xeral de 1988. A solicitude formulada polos alegantes suporía un incremento de edificabilidade (de 0,30 m²/m² da Ordenanza 1.2C a 0,75 m²/m² da Ordenanza

1.2.C), que debería ser compensada coa maior previsión de zonas verdes e libres, tal como dispoñen os artigos 49 da Lei do solo e 161 do Regulamento de planeamento. Por outra banda, na memoria das Normas urbanísticas aparecen suficientemente reguladas as posibilidades de cambios tipolóxicos respecto da Ordenanza de aplicación (sempre mantendo a edificabilidade daquela), así como o réxime de fóra de ordenación. Por todo o exposto, procede: Desestima-la alegación formulada por D. José Costas Otero e outros, núm. de doc. 2492, polos motivos expostos nos parágrafos anteriores".

O posterior acordo de aprobación provisional do Plan, con estimación desta alegación en contra do informe dos técnicos municipais, carece de motivación. Dato coincidente coa afirmación emitida ó respecto polo TSXG na súa sentenza firme 113/1995, do 23 de febreiro de referencia.

VI.- Por último, incidir en que non resulta aplicable a este caso o disposto no art. 94.2 LOUGA, por canto nin na data na que se emitíu o acordo impugnado, nin na presente, se efectuara a aprobación inicial do novo procedemento de revisión do Plan Xeral.

Sen embargo, considerando o avanzado estado da revisión do Plan Xeral na actualidade, sí resulta conveniente acumular e integrar esta modificación puntual nese procedemento de revisión, consonte co disposto no art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC), no que se preceptúa que:

"O órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que fose a forma da súa iniciación, poderá dispoñer a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión. Contra o acordo de acumulación non caberá recurso ningún".

Nese procedemento estudarase e xustificarase convenientemente a futura ordenación do ámbito de referencia, en relación co seu entorno e para a mellor satisfacción do interese público xeral.

Esta acumulación non enerva a suspensión de licencias decretada no acordo impugnado, por canto no posterior acordo plenario do 02.03.2004 incluíuse expresamente esa área entre as suspendidas con motivo da revisión do Plan Xeral.

VII.- É competente para emitir o acordo que agora se propón, o Pleno municipal, de conformidade co disposto no art. 116.1 LRXA-PAC."

Polo anteriormente exposto, o funcionario asinante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 22 de abril de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.-Inadmitir o recurso de reposición interposto por D. Paulino Pampillón Pérez contra o acordo plenario municipal do 24.11.2003 de incoación dunha modificación puntual do Plan Xeral e suspensión de licencias no ámbito comprendido entre as rúas Marqués de Alcedo e Travesía de Marqués de Alcedo, por extemporáneo. Inadmitir os recursos de reposición interpostos contra o apartado primeiro da parte dispositiva do mesmo acordo por D. José Simón Viéitez ("Mirador 3000, S.L."), D^a Yolanda del Rocío Miniño Costas ("Olivicastro Vigo, S.L.") D^a Anna Scheidgen de Álvarez ("Alfico, S.A.") e D^a Clementina Pérez Somoza, por se tratar dun acto de mero trámite. (Expte. 8691/411).

Segundo.- Desestimar os recursos de reposición interpostos contra o apartado segundo da parte dispositiva do devandito acordo municipal por D. José Simón Viéitez ("Mirador 3000, S.L."), D^a Yolanda del Rocío Miniño Costas ("Olivicastro Vigo, S.L.") D^a Anna Scheidgen de Álvarez ("Alfico, S.A.") e D^a Clementina Pérez Somoza, polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo.

Terceiro.- Acumular e integrar este procedemento no de Revisión do Plan Xeral que actualmente se está tramitando nesta Administración municipal.

Cuarto.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós recorrentes e alegantes personados no expediente, na forma legalmente establecida.

10.- (134).-PETICIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA DE INICIAR PROCEDIMENTOS DE DECLARACIÓN DE LESIVIDADE RESPECTO DOS SEGUINTE ACORDOS MUNICIPAIS RELATIVOS Ó PEPRI III-02 "FINCA DO CONDE": DE DATA 16.04.1998, DO PLENO DO CONCELLO, POLO QUE SE APROBOU DEFINITIVAMENTE O INSTRUMENTO URBANÍSTICO; DE DATA 19.02.1999, DO CONSELLO DA XERENCIA, POLO QUE SE APROBA O PROXECTO DE URBANIZACIÓN E DE DATA 10.06.1999, DO PRESIDENTE DA XERENCIA, POLO QUE SE APROBA O PROXECTO DE COMPENSACIÓN.

ANTECEDENTES.- O secretario xeral do Pleno, a xefa do Servicio de Disciplina Urbanística, Sra. Espiño Collazo, e mailo xefe da oficina de

Actividades e Instalacións, Sr. Otero Failde, con data 23 de abril de 2004 informan o que segue:

"Con data de 02.04.2004 a totalidade dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista no seu propio nome e dereito e na calidade citada interpoñen ante a Xunta de Goberno Local recurso de reposición contra a resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 11.03.2004, pola que se concede á mercantil DECOVISA licenzia urbanística para construír na parcela 3 do PEPRI III-02 "Finca do Conde", un edificio composto por dúas plantas de soto destinadas a garaxe, zona de carga e descarga e zona de servizos e tres plantas destinadas a centro comercial; na mesma Resolución concedeuse á empresa mencionada licenzia de actividades e instalacións para os usos citados.

No mesmo escrito os recorrentes interpoñen recurso de reposición indirecto contra acordo do Pleno do Concello de data 16.04.1998, que aproba definitivamente o PEPRI III-02 "Finca do Conde"; contra acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 19.02.1999, que aproba definitivamente o Proxecto de Urbanización do PEPRI III-02 "Finca do Conde" e contra Resolución do Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 10.06.1999 que aproba definitivamente o Proxecto de Compensación do PEPRI III-02 "Finca do Conde". En relación con estes últimos acordos solicítase a iniciación de procedementos de declaración de lesividade.

Argumentan os recorrentes que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentencias de data 27.03.2003 recaídas en distintos recursos contenciosos-administrativos anula, por ser contrarias a dereito -incorrecta consideración dos usos complementarios-, o Plan Especial de Reforma Interior e os Proxectos de Urbanización e Compensación mencionados, nulidades que, ó seu xuízo, exténdese sobre os actos derivados -licenzias- que terían a súa cobertura xurídica nas disposicións e actos declarados nulos. Entenden que para isto non é necesario que acaden firmeza as resolucións xudiciais que foron obxecto de recurso de casación ante o Tribunal Supremo. En defensa desta tese invocan determinadas sentencias.

Respecto dos feitos e fundamentos de dereito citados cabe efectuar as seguintes consideracións:

O órgano competente para a resolución do recurso de reposición denominado "directo" non é a Xunta de Goberno Local, como manifestan os recorrentes, senón o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo e concelleiro delegado da Área de Urbanismo, órgano ó que lle foi delegada a competencia para outorgar licenzias urbanísticas segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05.01.2004, acordo, no que se fai expresamente constar -apartado noveno- que "o réxime xurídico de delegación é o previsto con carácter xeral nos arts. 115 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo ós recursos de reposición que poidan interpoñerse contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios Concellerios de Área".

Polo que se refire á anulación e revogación da resolución da Vicepresidencia de data 11.03.2004 que outorga as licenzias recorridas, manifestamos que na parte expositiva da dita resolución xustifícanse sobradamente os feitos e fundamentos de dereito que motivaron o seu

outorgamento, argumentos que pola súa extensión danse aquí por reproducidos e que non quedan desvirtuados pola invocación que os recorrentes fan de determinadas sentencias que xa existían nas datas nas que os recorrentes ostentaban potestades decisorias. Non obstante e a maior abundamento, entendemos que o certo e indubitado é que as resolucións xudiciais que declaran a nulidade do PEPRI e doutros instrumentos de xestión e planeamento non son firmes ó estar pendentes dun recurso de casación polo que o Plan Especial continua vixente dado que nunca se suspendeu o acto regulamentario da súa aprobación que continua sendo eficaz e operativo pese a esa anulación e que o seguirá sendo ata tanto non se resolva de xeito firme e definitivo o recurso interposto (art. 104 LXCA). Consideramos que dito Plan, como norma regulamentaria que é, obriga e vincula de xeito imperativo á Administración Municipal en tanto non se expulse do Ordenamento Xurídico, vinculación que debe enlazarse coa natureza eminentemente regrada das licencias urbanísticas que, como sinala a xurisprudencia, constituen un acto debido en canto que "necesariamente" "deben" outorgarse ou denegarse segundo que a actuación pretendida se axuste ou non á orxenación urbanística vixente e aplicable (art. 195.1 LOUGA).

Polo que se refire á solicitude de que o Pleno do Concello inicie procedementos de declaración de lesividade para o interese público dos acordos referentes ó PEPRI III-02 "Finca do Conde" e Proxectos de Urbanización e Compensación manifestar -sen prexuízo de entender que neste procedemento non existe lexitimación activa por parte dos interesados- que a normativa vixente (art. 103 LRXPAC) exclue ós Regulamentos, e polo tanto ós Plans Urbanísticos, deste método de revogación sendo só aplicable ós actos administrativos, establecendo o precepto citado, respecto destes, un prazo de caducidade da acción de catro anos dende que foron dictados, período que á data actual transcorreu sobradamente sendo polo tanto inadmisíbel por extemporánea a solicitude formulada.

En virtude do exposto propónse ó vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo o seguinte acordo:

1º.- Desestimar polos motivos sinalados no informe de data 23.04.04 o recurso contra a resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 11.03.2004, referente ó outorgamento de licencias de edificación, actividade e instalación no ámbito da parcela 3 do PEPRI III.02 Finca do Conce.

2º.- Notificar ós interesados a presente resolución con indicación que contra ela cabe interpoñer ante o Xultado do Contencioso de Vigo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 29 de abril de 2004, toma coñecemento da anterior proposta e, en relación coas solicitudes de iniciación dos procedementos de declaración de lesividade, formula ó Pleno da Corporación a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SR. RUIZ CENICEROS: Este punto da orde do día coincide en canto á finalidade co anterior que aprobouse por unanimidade por este Pleno. No anterior punto aprobamos confirmar a Modificación Puntual do Plan Xeral na rúa Marqués de Alcedo porque existe unha sentenza xudicial que en principio supón un risco de non se executar e de se conceder licencias coas determinacións que agora mesmo contén o Plan Xeral.

No mesmo sentido, en novembro este Pleno adoptou a decisión de modificar puntualmente o Plan Especial no ámbito da "Metalúrgica" e da Unidade de Actuación "Unión Cervecera" para axustar as súas determinacións á sentenza que tampouco é firme, é unha sentenza que está pendente de recurso de casación, sentenza que afecta a ese Plan Especial.

É dicir, son dous asuntos que neste mandato o Pleno por prudencia decidiu suspender licencias a efectos de esperar ás correspondentes resolucións xudiciais. Dous criterios de prudencia que teñen unha excepción permanente que é Finca do Conde.

En Finca do Conde por dúas veces e cos informes técnicos que o aconsellaban propúxose ó Consello da Xerencia suspender as licencias e executar provisionalmente as tres sentencias que están agora mesmo pendentes de recurso de casación para evitar que se puidesen outorgar licencias, a licenza do Centro Comercial que se concedeu polo actual Goberno e a licenza das torres que se concedeu no anterior mandato; por dúas veces o Consello da Xerencia desestimou esa solicitude, uns por acción activa votando en contra e outros por acción pasiva absténdose.

No presente Pleno propoñemos outra medida que en principio consideramos conveniente para solucionar provisionalmente esa situación de risco, de inseguridade xurídica, é a medida consistente en declarar a lesividade do Plan Especial que foi anulado en primeira instancia polo Tribunal Superior de Xustiza e a declaración de lesividade do Proxecto de Compensación, así como a do Proxecto de Urbanización.

En principio o informe do Secretario e a proposta que se trae ó Pleno desaconsella esa medida por tres razóns; unha porque considera que hai falla de lexitimación do Grupo municipal socialista para pedir esa medida. O feito de que o traíamos ó Pleno e iste poida votar a favor invalida ese argumento. O Grupo municipal socialista ten perfecta lexitimación para pedir a este Pleno que se adopte esa suspensión de licencias e esa declaración de lesividade, outra cuestión é que o Pleno vote en contra e

que esa decisión non poida seren recorrida no contencioso. Pero coidamos que nese sentido o informe do Sr. Secretario é desacertado.

Outro argumento do informe-proposta que se trae a este Pleno é que o Plan Especial é unha disposición xeral e contra el non cabe unha declaración de lesividade, cousa que en principio podemos dar por certa pero seguimos falando do Proxecto de Compensación e do Proxecto de Urbanización.

O Proxecto de Urbanización segundo a sentenza do Tribunal Superior ten vicios propios, é dicir, a ampliación da Baixada ó Castaño xa é en principio ilegal e só por esa razón o Proxecto de Urbanización podería ser declarado lesivo independentemente da súa dependencia do Plan Especial que tamén é nulo.

Por último, o informe do Sr. Secretario desestima esta declaración de lesividade por coidar que pasou o prazo de 4 anos dende que se dictaron os actos, dende que se aprobou o Plan Especial e os proxectos, o que nós consideramos dubidoso en canto que, aínda que si pasaron 4 anos dende que se dictaron, eses acordos seguen sen seren firmes, están pendentes de confirmación polos Tribunais de Xustiza. Por iso coidamos que esta sería unha das posibles medidas para que o Concello poida paralizar os efectos dos actos que foron declarados nulos en primeira instancia polos Tribunais de Xustiza.

En todo caso tampouco nos enganemos porque se coidasemos que esta non é a medida axeitada para parar os efectos deses actos nulos, seguemos tendo a solicitude de instar a execución provisional das sentenzas e declarar a lesividade das licencias que se outorgaron, licencias que agora mesmo se están a executar e que están deixando construír.

É dicir, non pretenda escudar este Pleno no informe desfavorable por parte do Sr. Secretario do Pleno porque segue habendo informes que aconsellan executar provisionalmente as sentenzas e paralizar os efectos das licencias que se están executando agora mesmo.

Hai 6 recursos pendentes, calquera deles de seren estimado traerá consecuencias patrimoniais que xa coñece este Concello por outros casos. Agora mesmo saltou ós medios de comunicación a precariedade na que se atopa o Concello se efectivamente o Tribunal Supremo segue apremiando para que se execute a sentenza da Colina de Castrelos.

Se non queremos repetir esa situación e só para os meros efectos da prudencia que este Pleno acaba de ter no anterior punto da orde do día, coidamos que se debe aprobar esta medida que pedimos aquí ou como mínimo as

demais que aconsellaron os informes dos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo. Moitas gracias.

SR. TOBA GIRÓN: Unha intervención moi breve para expresar algo que todo o mundo sabe e é que ó BNG non lle gusta o Plan Especial Finca do Conde, é ben sabido. É sabido porque no ano 1999 presentámoslle ó Pleno da Corporación unha proposta para elevar ó Consello Consultivo para declarar a súa nulidade e poder proceder á súa revisión.

Naquel intre o Consello Consultivo optou por nos dicir que non había razón na pretensión de revisar o Plan Especial de Finca do Conde; pero máis aínda, había recursos de reposición contra o Proxecto de Compensación que resolvimos nos meses seguintes, coma algúns e algunhas de vostedes lembrarán, dándolle a razón a ese recurso de reposición e procedendo á aparición dun novo recurso que nos enviou ó Consello Consultivo por segunda vez e lamentablemente, baixo o noso punto de vista, o Consello Consultivo volveu dar a razón á propiedade e quitounos a razón en canto á pretensión ó cabo de revisaren a vía do Proxecto de Compensación.

Polo tanto a nosa posición é clara e sempre foi axeitada ó procedemento administrativo. Nós coidamos que a respecto desa actuación e de todas as actuacións urbanísticas, cando actuemos debemos facelo de acordo co procedemento administrativo e en tempo e forma. A nosa opinión é que, á vista do informe do Secretario, esta proposta efectivamente non semella estar en tempo e forma. Nada máis, gracias.

SR. RUIZ CENICEROS: Só puntualizar que o procedemento que se está pedindo neste Pleno e a posible execución das sentenzas que estaban recomendadas polos técnicos da Xerencia non requiren ningún tipo de dictame do Consello Consultivo. En todo caso non nos fagamos ilusións nin tampouco pretendamos albeirarnos nos dictames do Consello Consultivo anteriores as sentenzas porque dende que se pronunciaron os Tribunais, logo deses dictames, o que vale é o que digan os Tribunais, o Consello Consultivo a eses efectos perdeu tanta validez coma os informes que anteriormente dictaminaron favorablemente o Plan Especial, o Proxecto de Compensación e o Proxecto de Urbanización.

Esquezámonos de todos os informes anteriores e pensemos que o único que agora mesmo é importante e do que depende a sorte do Concello é do que decidiu o Tribunal Superior de Xustiza e do que dictamine no seu momento o

Tribunal Supremo porque o anterior non vale. Precisamente o que fixeron os Tribunais foi declarar en primeira instancia que non era válido. Gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que as posturas de todos os Grupos son ben coñecidas dende hai tempo. O noso Grupo sempre votou conforme ós informes dos técnicos; agora hai un informe claro do Sr. Secretario e por suposto que nós imos seguir votando na mesma dirección.

Polo tanto coido que a nosa postura é a mesma que vimos mantendo dende un principio e imos seguir na mesma dirección.

SR. SOTO FERREIRO: Xa falamos moito deste asunto. A primeira vez que se trouxo polo anterior Goberno este tema dixen o mesmo que vou dicir hoxe, que a min non me gusta a urbanización prevista en Finca do Conde e non só non me gusta, senón que teño a absoluta convicción moral de que se lle fixeran reclamacións en tempo e forma coma lle fixeron a outras figuras urbanísticas no Concello de Vigo se obtería o mesmo resultado, é dicir, sería botada abaixo polos Tribunais de Xustiza. Pero esas reclamacións en tempo e forma non se produciron.

Agora hai unha decisión do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que non entra practicamente nas cuestións que no seu día se trataron, senón noutras como as de que se o camiño é máis ancho ou máis estreito, cousa que prexudica ó Concello de Vigo porque o que van facer e vostede non di, Sr. Ruíz, é que o que o Concello pretendía facer coa urbanización era un camiño máis ancho e así había unha cesión para que o vial fose máis ancho do que é. Pasa que efectivamente e como di a sentenza, habería que facer unha modificación do Plan Xeral porque ese é un vial fundamental e entón haberíao que cambiar cunha modificación. É un aspecto puramente formal; esa formalidade que vostede defende obxectivamente prexudica ó Concello de Vigo, pero naturalmente ten vostede todo o dereito a dicir cal é a forma e agárrase a ela. Pero coas admonicións e dictames vencellantes e vinculantes do Consello Consultivo de Galiza e o informe do Sr. Secretario, déixeme dicirlle que eu aínda non coñezo o final desta novela e non sei cando o coñeceremos. Así que de momento vou manter o criterio que inicialmente mantivemos cando, contra o criterio do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista na Corporación anterior, dixemos que isto non estaba recorrido en tempo e forma, que estaba fóra de prazo e que os recursos fóra de prazo na miña opinión están chamados a non ter virtualidade legal.

SRA. ALCALDESA: Unha aclaración que quere facer o Sr. Secretario.

SR. SECRETARIO: No punto segundo da parte dispositiva do acordo débese entender que os recorrentes poderán interpoñer contra o presente acordo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Xuperior de Xustiza de Galicia.

Durante o curso do debate o Secretario Xeral do Pleno fai constar que no apartado segundo da proposta hai un erro consistente en que se indica que cabe interpoñer recurso perante o Xultado do Contencioso de Vigo, cando debe dicir perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, erro que se procede a subsanar.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, oito votos en contra dos Sres. e Sras., Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Declarar a inadmisibilidade da solicitude formulada polos motivos sinalados no informe de data 23 de abril de 2004 que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Notificar ós interesados a presente resolución con indicación que contra ela cabe interpoñer perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

11.- (135).-SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE DATA 05.07.1996, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE CORRESPONDENTE Á UA V-02 "VISTA ALEGRE", MODIFICADO MEDIANTE ACORDO DE 13.12.1997.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de abril de 2004 o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, informa do que segue:

"1.- Con data 13 de novembro de 1986, o Alcalde-presidente do Concello de Vigo, dunha parte, e D. Fernando Casuso Silva e D. José Luis Rodríguez Paz Andrade, doutra, actuando o primeiro no seu propio nome e en representación de "Setenta de García Barbón, S.A." e outros, e o segundo en nome de D^a. M^a del Pilar Rodríguez Prada, subscribiron en relación co predio denominado Vimieiros, lindante coas rúas Ourense, Menéndez Pelayo e López Mora, as parcelas sinaladas cos números 72, 74 e 76 da Avda. García Barbón e as incluídas na unidade de execución V-02 Vista Alegre do PXOU de Vigo, un convenio urbanístico polo cal se recoñecían ás devanditas parcelas determinadas edificabilidades con asignación de usos pormenorizados ós que se deberían destinar tales edificabilidades.

2.- O convenio ratificouse polo Concello-Pleno en sesión do 27 de febreiro de 1989 e incorporadas as súas determinacións ó vixente Plan xeral de ordenación urbana de Vigo, que, no que aquí interesa, procedeu á delimitación da unidade de execución UE V-02 Vista Alegre e da área remitida a estudio de detalle I-07 Ourense, ámbitos coincidentes coas parcelas deslindadas como primeira e última do referido convenio.

3.- O estudio de detalle da área I-07 Ourense contaba con aprobación definitiva do 5 de xullo de 1990 e modificouse por acordo plenario do 5 de xullo de 1996. O correspondente á UE V-02 Vista Alegre, tamén se aprobou definitivamente con data 5 de xullo de 1996 e modificado por acordo plenario do 13 de decembro de 1997.

4.- En sesión do 8 de febreiro de 1996, o Concello-Pleno aprobou definitivamente a modificación da UE V-02 Vista Alegre e a delimitación dunha unidade de execución de ámbito discontinuo denominada UE V-02 Vista Alegre/I-07 Ourense, comprensiva, tamén, da denominada parcela Vimieiros, sita na rúa Ourense. O proxecto de compensación da devandita unidade de execución discontinua aprobouse definitivamente por acordo plenario do 12 de setembro de 1996.

5.- En base ós devanditos instrumentos de ordenación e xestión urbanística o presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 23 de decembro de 1998, resolveu autorizar á entidade "Valderio Inmobiliaria, S.L." para a construción, no ámbito da UE V-02 Vista Alegre, co número 20 de orde da rúa Julia Minguillón, unha edificación composta de soto a garaxe e trasteiros e dúas torres compostas, cada unha, de planta baixa, quince plantas máis e aproveitamento baixo cuberta.

6.- Por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 10 de maio de 2001 concedeuse licenza para a primeira ocupación das ditas edificacións.

7.- A medio de escrito do 6 de novembro de 2003, D. Eduardo Canabal Sanz solicitou desta Administración municipal a declaración de oficio da nulidade de pleno dereito dos devanditos acordos plenarios do 5 de xullo de 1996 e 13 de decembro de 1997 e do presidente da Xerencia Municipal de

Urbanismo do 23 de decembro de 1998 e do Consello da Xerencia do 10 de maio de 2001, fundada na falta de vixencia e nulidade do planeamento superior.

8.- Os motivos de impugnación aducidos son, resumidamente, os que seguen:

Primeiro.- Falta de publicación no BOP das fichas de planeamento secundario do PXOU de Vigo e, xa que logo, da ficha número 133, correspondente á UE VI-02 "Vista Alegre", o que fai ás normas do Plan Xeral ineficaces e ós actos recorridos nulos por se basear nun planeamento carente de validez e vixencia.

Segundo.- Falta de incorporación do convenio do 13 de novembro de 1986 ó planeamento xeral, que carece das dilixencias acreditativas da súa aprobación provisional e definitiva e con relación ó cal o secretario da Xerencia de Urbanismo certificou que: "Entre a documentación dilixenciada de aprobación definitiva pola CPTOPV, integrante do referido PXOU, obrante nas dependencias desta Secretaría Xeral, non figura o texto dos convenios referidos no apartado anterior." Igualmente, nulidade do traslado de edificabilidade da ED I-07 "Ourense" á UE V-02 "Vista Alegre."

Terceiro.- Nulidade da ficha correspondente á UE V-02 "Vista Alegre" por canto non determina a tipoloxía aplicable no ámbito do estudio de detalle.

Cuarto.- Incumprimento das determinacións que establece ó anexo do Regulamento de planeamento, correspondente á reservas mínimas destinadas a zonas verdes de uso público.

Quinto.- Falta de cesión ó Concello de Vigo dos terreos necesarios para situar o aproveitamento municipal non susceptible de apropiación polo propietario do ámbito ou o seu equivalente económico.

Sexto.- Incumprimento dos recuados e do número máximo de vivendas nas edificacións autorizadas na UE V-02 "Vista Alegre"; contravención das normas de aplicación directa, sobre adaptación ó ambiente, na autorización das ditas edificacións; asignación de edificabilidade ó ámbito por riba da autorizada polo PXOU e incumprimento das normas do PXOU sobre edificacións baixo cuberta.

9º.- A arquitecta municipal, con data 17 de decembro de 2003, á vista deste escrito de solicitude de revisión de oficio, emitiu o informe que segue:

"A solicitude de licencia para construción dun edificio de planta soto e dúas torres compostas cada unha delas de planta baixa, quince plantas e aproveitamento baixo cuberta en Julia Minguillon nº 20 informouse pola técnica que subscribe con fecha 19/11/1998, en base ás condicións de volume altura e recuados fixadas no reformado do estudio de detalle da unidade de execución V-02 aprobado definitivamente o 13/12/1997, axustándose o proxecto presentado ás condicións establecidas neste e no proxecto de compensación aprobado definitivamente o 12/06/1996 e ó reformado do proxecto de urbanización aprobado definitivamente o 17/09/1998.

A edificación obtivo licencia de primeira ocupación por acordo do Consello da Xerencia de data 10/05/2001.

En canto á pérgola situada fora do sólido capaz como elemento decorativo non pode considerarse edificación baixo cuberta polo que non se incumpre o apartado 3.3.1.C) das Normas urbanísticas do Plan Xeral vixente."

10.- Finalmente, dado traslado do anterior escrito de solicitude de revisión de oficio á mercantil "Valderío Inmobiliaria, S.L.", titular da licencia de edificación concedida para o ámbito "Vista Alegre", por ista, con data 23 de marzo de 2004, presentáronse as alegacións que obran no expediente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Sobre a falta de publicación no BOP das fichas de planeamento secundario do PXOU de Vigo e, concretamente, da ficha número 133, correspondente á UE V-02 "Vista Alegre."

Sostén a reclamante que a falta de publicación das "fichas de planeamento secundario" do PXOU de Vigo e, en concreto, da ficha nº 133, correspondente á U.E. V-02 "Vista Alegre", fai ás Normas do PXOU ineficaces e ós actos recorridos nulos por se basear nun PXOU carente de validez e vixencia.

Non pode aceptarse tal motivo de impugnación: o artigo 124 TRLS/1992, en vigor á data de aprobación do PXOU de Vigo de 1993 e aínda vixente, trala sentencia 61/97, do 20 de marzo do Tribunal Constitucional, con carácter de lexislación básica, nos seus apartados 1º e 3º, establece nestes dous apartados que: "1. Os acordos de aprobación definitiva de tódolos instrumentos de planeamento publicaránse no «Boletín Oficial» correspondente" e que "2. Respecto ás normas urbanísticas e ordenanzas neles contidas estarase ó disposto na lexislación aplicable"; lexislación aplicable que ven dada polo artigo 70.2 LRBRL, modificado pola Lei 39/1994, do 30 de decembro, segundo o cal "As Ordenanzas, incluído o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes, a aprobación definitiva dos cales sexa competencia dos Entes Locais, publícanse no «Boletín Oficial» da Provincia (...)."

De acordo cos preceptos transcritos, unicamente resultan necesitados de publicación no «Boletín Oficial» correspondente, ós efectos que agora importan, os acordos de aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento e o articulado das normas e ordenanzas dos plans urbanísticos; non así os demais documentos do Plan como, no que agora interesa, as fichas de características de planeamento secundario, que se ben constitúen un documento de indubable transcendencia -como tódolos demais documentos do Plan- non son, sen embargo, por inesixencia legal, de necesaria publicación.

Así o ten declarado o Tribunal Supremo en sentencias do 18 de xuño de 2002, 25 de febreiro de 2002 e 3 de decembro de 2001 (R.J. 2002/2002, reelator: Excmo. Sr. Enrique Sancho), na última das cales sinalase que:

"(...) CUARTO.- En su segundo motivo de casación la parte recurrente invoca el artículo 70.2 da la Ley Reguladora de las bases de Régimen Local núm. 7/1985, de 2 de abril (LRBRL), tal como ha sido interpretado por la jurisprudencia de esta Sala, que desde las sentencias de la Sala de Revisión de 11 de julio y 29 de octubre de 1991 declara repetida y uniformemente que la entrada en vigor de los planes urbanísticos está condicionada a la íntegra publicación de sus Normas Urbanísticas en el Boletín Oficial correspondiente. Es claro, según expresa el antes citado precepto, que este deber de publicación alcanza únicamente a las Normas

Urbanísticas de los planes pero no a los demás documentos que los integran, respecto a los cuales la exigencia de publicidad se entiende cumplida con la publicación del acuerdo de aprobación definitiva del plan y la posibilidad de consulta de aquellos en las oficinas municipales (...)"

É verdade que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza do 28 de xaneiro de 1999, dictada no recurso núm. 02/4084/1996, aceptou a alegación da recorrente sobre falta de publicación da denominada "Ficha Núcleo 11.11 Samil 2 A", pero non o é menos que tal aceptación fundouse, como a propia sentenza se preocupou de xustificar, en que *el examen de esta última (ficha núcleo 11.11 Samil 2 A) la revela, no como una mera ficha de características, sino como una verdadera norma u ordenanza urbanística, advirtiéndose que al margen de la remisión a la Ordenanza 1.3.B para el uso de vivienda, se contienen en la denominada ficha las previsiones de ordenación urbanística para el uso hotelero, siendo así difícilmente discutible el alcance y vocación normativa de la referida ficha*"; alcance e vocación normativa da que carece a ficha da U.E. V-02 Vista Alegre.

E así, o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 dos de Vigo, no procedemento ordinario núm. 273/2003, desestimou esta mesma pretensión de falta de vixencia do PXOU por falta de publicación das "fichas" do Plan Xeral, en base á devandita doutrina xurisprudencial, da que cita a recente Sentencia do Tribunal Supremo do 16 de abril de 2003 (RX 2003/4530) de acordo coa cal as "fichas" *"no son parte de la ordenación normativa material del Plan General sino meros instrumentos de referencias (...) por lo que no les alcanza la exigencia normativa de publicación íntegra"*.

II.- Sobre a falta de incorporación do convenio de 13 de novembro de 1986 ó planeamento xeral.

Afirma, tamén, a reclamante que o convenio urbanístico referido nos antecedentes deste acordo non foi incorporado ó vixente PXOU, requisito imprescindible para que este alcanzase *"validez y normatividad"*.

A dita afirmación debe, igualmente, ser rexeitada: a incorporación dun convenio urbanístico a unha determinada figura de planeamento non resulta tanto da incorporación do documento no que o convenio se contén á documentación da figura de planeamento de que se trate, como da efectiva incorporación das súas concretas determinacións ás novas determinacións do plan, á aprobación ou modificación do cal o convenio se encamina; incorporación que efectivamente tivo lugar no presente caso, tal e como declara o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ó enxuzar este convenio, na sentenza do 27 de xuño de 2002, dictada no recurso contencioso-administrativo número 02/4072/1998, interposto contra o acordo plenario de 31 de xullo de 1997, polo que se aprobou definitivamente a Modificación Puntual número 12 do PXOU, relativa á norma urbanística 3.4 e a ordenanza 1.2 de edificación aberta nas unidades de execución do Núcleo Central (UE I-03, UE I-04 e UE IV-06).

Así, fronte á tese de actora de que tanto o convenio que nos ocupa, suscrito o 13 de novembro de 1986, como o asinado o 14 de xullo de 1989 - referido á UE I-04 Unión Cervecera - non están incorporados ó PXOU de Vigo, afirma o dito Tribunal que *"Esta interpretación de orden general de la parte actora no puede ser compartida, pues esta Sala ha declarado con*

reiteración, respecto de la mencionada subsanación de deficiencias de 1993, que no resultaba contrario a la razón ni a la legalidad vigente que se aprovechase la oportunidad de una adaptación impuesta legalmente para ejercer la facultad municipal de modificar o revisar el Plan, y que incluso podría entenderse contrario al interés público, al estar dirigida la potestad de planeamiento a establecer la ordenación más adecuada a las exigencias cambiantes del interés general, el no aprovechar para ejercer el "ius variandi" una obligada adaptación a una ley. En consecuencia tiene que partirse de que los indicados convenios se encuentran incorporados al PGOU desde 1993 y reflejados en las correspondientes fichas y planos de ordenación."

III. Sobre a nulidade do traslado de edificabilidade da ED I-07 "Ourense" á UE V-02 "Vista Alegre."

Confunde aquí o reclamante o que é unha transferencia de aproveitamento en estricto sentido técnico -procedemento de axuste entre os aproveitamentos susceptibles de apropiación e os reais permitidos polo planeamento, en solo urbano consolidado, cando non se actúe a través de polígonos e o planeamento precise a delimitación de áreas de reparto e fíxase o aproveitamento tipo- e o que constitúe unha reordenación de volumes -de aproveitamentos reais permitidos polo planeamento- nunha unidade de execución discontinua, que é o que tivo lugar no caso que nos ocupa a través dos acordos plenarios do 8 de febreiro de 1996 -delimitación dunha unidade de execución de ámbito discontinuo, denominada UE 02 Vista Alegre/I-07 Ourense-; do 5 de xullo de 1996 sobre modificación do estudio de detalle I-07 Ourense e do 13 de decembro de 1997, de modificación do estudio de detalle da UE V-02 Vista Alegre.

Pero é que tampouco resulta dos ditos acordos ningún traslado de aproveitamentos urbanísticos reais previstos polo planeamento na área I-07 Ourense á UE V-02 Vista Alegre: a ficha de características do PXOU correspondente á UE V-02 Vista Alegre asigna a este ámbito unha edificabilidade de 12.220 m² construíbles, que é a edificabilidade que ordena o estudo de detalle aprobado con data 13 de decembro de 1997 para este ámbito de ordenación. Pola súa parte, a ficha de características do PXOU correspondente ó ámbito I-07 Ourense, remítese ó estudio de detalle aprobado con data do 5 de xullo de 1990, cunha edificabilidade total para o mesmo de 6.029 m² construíbles, e a edificabilidade que ordea a modificación deste estudo de detalle, aprobada con data do 5 de xullo de 1996, é de 4.029 m² construíbles.

Se na UE V-02 Vista Alegre ordenouse a mesma edificabilidade que o PXOU lle asigna na correspondente ficha de características e se no ED I-07 Ourense, reduciuse a edificabilidade do estudio de detalle aprobado no ano 1990, ó que se remite a súa ficha de características, ningunha transferencia, ou traslado de edificabilidade, se ten producido a virtude dos ditos estudos de detalle, nin tampouco a través do proxecto de compensación aprobado para estos dous ámbitos de ordenación, agrupados a efectos de xestión na unidade de actuación discontinua UE V-02 Vista Alegre/I-07 Ourense, con data do 12 de setembro de 1996, ó ter este por obxecto equidistribuir as cargas do polígono e non ordenar volumes; función propia dos devanditos estudos de detalle.

O referido convenio de 1986 tiña por obxecto preparar unha modificación de planeamento que permitira un incremento de edificabilidade na UE Vista Alegre e unha correlativa diminución do aproveitamento urbanístico no ámbito I-07 Ourense. A aprobación do vixente PXOU de Vigo incorporou para a UE Vista Alegre a edificabilidade máxima contemplada no convenio e a modificación do estudio de detalle do 5 de xullo de 1996 para a I-07 Ourense, reduxo, de conformidade coas estipulacións do convenio, o aproveitamento urbanístico contemplado para este ámbito na ordenación preexistente á aprobación do vixente PXOU de Vigo. Ningunha transferencia de aproveitamento urbanístico se ten, xa que logo, producido.

IV.- Sobre a nulidade da ficha correspondente á UE V-02 "Vista Alegre" por canto non determina a tipoloxía aplicable no ámbito do estudio de detalle.

Dispón literalmente a devandita ficha de características en relación con esta cuestión o que segue: "Condicións de uso: as permitidas nas ordenanzas 1.1 e 1.2". O feito de que non se precise na ficha que a tipoloxía edificatoria do ámbito será a correspondente a estas mesmas ordenanzas non pode provocar a anulabilidade, nin moito menos a nulidade de pleno dereito do plan neste punto; e isto tanto pola moderación que debe presidir a aplicación da teoría xurídica das nulidades dos actos administrativos (por todas a STS de 30 de novembro de 1993, RX 1230/94), como porque tal imprecisión pode ser perfectamente integrada recorrendo ós medios que a tal fin a teoría xeral do dereito, e sinaladamente o título preliminar do Código Civil, pon a disposición do operador xurídico; interpretación integrada que, ultimamente, o artigo 6 LOUGA impón expresamente para a resolución das dúbidas na interpretación do planeamento urbanístico. Nesta tarefa de integrar a imprecisión invocada da ficha de características é suficiente acudir á interpretación lóxica da mesma de acordo co establecido no artigo 3 do Código civil. Así, deben rexeitarse as tipoloxías que non se correspondan cos usos autorizados; dentro das admisibles --1.1. de edificación pechada, 1.2. de edificación aberta e 1.3. de edificación familiar-- deben rexeitarse aquelas que non permitan situar o aproveitamento permitido pola ficha, isto é a 1.3. de edificación familiar. En consecuencia, as tipoloxías edificatorias que corresponden ós usos autorizados e permiten o emprazamento do aproveitamento fixado pola ficha de características son a 1.1. de edificación pechada e 1.2. de edificación aberta. Doutra parte, dentro da ordenanza 1.2 deberá interpretarse como aplicable a que mellor permita a materialización do aproveitamento previsto na ficha de características: a 1.2.A.

Pero é que, ademais, esta cuestión foi xa resolta coa modificación puntual nº 12 do PXOU de Vigo, relativa á Norma urbanística 3.4. e á ordenanza 1.2 de edificación aberta aprobada polo Concello-Pleno en sesión do 31 de xullo de 1997 --anterior á modificación do estudio de detalle da UE V-02 Vista Alegre do 13.12.1991--, na que se establece que "nas fichas das figuras de Planeamento secundario sitas no ámbito do núcleo central e de uso residencial nos que non figure a tipoloxía característica, fíxanse as tipoloxías 1.1. ou 1.2 en función dos obxectivos, ordenación, etc que figuren na ficha."

Esta modificación puntual, se ben foi obxecto de recurso contencioso-administrativo -o número 02/4072/1998- e anulada pola Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sentenza do

27 de xuño de 2002, atópase plenamente en vigor, toda vez que, por providencia da devandita Sala do 4 de setembro de 2002, tivose por preparado o recurso de casación interposto polo Concello contra a dita sentenza anulatoria, sen que na substanciación do recurso contencioso-administrativo se acordara a suspensión da eficacia do acto impugnado.

Ademais, a dita sentenza de instancia, anulatoria, foino por estimar que concorre un incumprimento das novas determinacións aprobadas para a ordenanza 1.2, nas devanditas unidades de execución: UE I-03, UE I-04 e UE IV-06, pero non por considerar contraria a dereito a precisión antes transcrita de que: "nas fichas das figuras de Planeamento secundario sitas no ámbito do núcleo central e de uso residencial nos que non figure a tipoloxía característica, fíxanse as tipoloxías 1.1. ou 1.2 en función dos obxectivos, ordenación, etc que figuren na ficha." E así, o Tribunal no seu fallo, -non firme, temos que volver repetir- anula "*el acuerdo de 31.7.97 del Ayuntamiento de Vigo por el que se aprobó definitivamente la Modificación puntual número 12 del PXOU, relativa a la Norma urbanística 3.4 y a la ordenanza 1.2 de edificación abierta en las unidades de ejecución del Núcleo central (UE I-03, UE I-04 y UE IV-06)*", sen mencionar as unidades de execución do núcleo exterior ás que tamén afecta o acordo (UE 4 Igrexa-Cabral, UE 4 Canteira-Matamá e UE 14 Pedreira San Miguel de Oia), para as cales dispónse que "Nas fichas das unidades de execución ou actuación sitas no ámbito do núcleo exterior, nas que non figure a tipoloxía característica nos criterios de ordenación, fíxase como tipoloxía característica a tipoloxía de vivenda unifamiliar."

Cabe entender, xa que logo, que, en calquera caso, a dita anulación --non firme, insistimos-- do acordo plenario do 31 de xullo de 1997, polo que se aprobou definitivamente a Modificación Puntual número 12 do PXOU, solo afecta á norma urbanística 3.4 e a ordenanza 1.2 de edificación aberta nas unidades de execución do Núcleo Central UE I-03, Metalúrxica, UE I-04, Unión Cervecera e UE IV-06, Filipinas-Couto de San Honorato e non nas demais unidades de execución, nas que non concorren os motivos de nulidade aducidos nos fundamentos de dereito da sentenza e que, tampouco, se mencionan no fallo.

V.- Sobre o incumprimento das determinacións que establece ó anexo do Regulamento de planeamento, correspondente a reservas mínimas destinadas a zonas verdes de uso público.

Con carácter previo á contestación deste motivo de impugnación procede entrar na análise do convenio suscrito en 13 de novembro de 1986 entre o Concello de Vigo e D. Fernando Casuso Silva e outros ó que se refire o reclamante ó iniciar a xustificación deste motivo de impugnación.

O devandito convenio, en virtude do cal se recoñece polo Concello de Vigo á parte privada do mesmo, en relación ás parcelas nel sinaladas, determinadas edificabilidades e usos, xustifícase, segundo se recolle na súa parte expositiva, "na necesidade de obter espazos libres nas zonas centrais da cidade nas que dunha maneira ou outra se emprazan as parcelas e edificacións anteriormente descritas, que aconsella modifica-las determinacións previstas no planeamento vixente e efectuar a correspondente distribución de volumes que permita de forma case inmediata acadar tales dotacións."

A tal fin prevese no convenio a obtención dun espacio aberto para praza de uso público de, alomenos, 2000 m² entre a fachada do edificio nº 70 -A Metalúrxica- e a edificación que no seu día se constrúa, así como a conservación da edificación sita no predio sinalado como A no convenio, denominada Vimieiros, entre as rúas Ourense, Menéndez Pelayo e López Mora, catalogada como conservable integral no Plan Especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar en Vigo, liberando de edificación os terreos circundantes a dita construción, sen destinalos, non obstante, ó uso público.

Sen embargo da estipulación cuarta do convenio e dos antecedentes deste desprendese a existencia doutra causa "verdadeira e lícita" no mesmo convenio: a dunha transacción extraxudicial, en virtude da cal as partes, dando, prometendo ou retendo cada unha algunha cousa, evitan a provocación dun pleito ou poñen termo ó comenzado (art.1809 do Código civil).

En efecto, na citada estipulación cuarta do convenio establécese a obriga da parte privada de desistir das accións legais exercidas contra calquera acordo adoptado pola Administración municipal ou pola Administración Autonómica relacionado coa edificabilidade ou construción de edificios sobre as parcelas obxecto do convenio, ou, no seu caso, a non exercitar contra o Concello as accións conducentes a executar calquera tipo de resolución administrativa e/ou xudicial.

E así, temos que, con data 16 de decembro de 1985, a Comisión Municipal permanente do Concello de Vigo denegou á entidade "Setenta de García Barbón, S.A." a concesión dunha licenza de edificación na parcela sinalada co nº 70 --unha das do convenio-- da rúa García Barbón. Recorrida en reposición dita resolución ante a Comisión Provincial de Urbanismo, por esta, con data 14 de febreiro de 1986 dictouse resolución estimando o recurso interposto e concedendo a licenza solicitada. Contra este acordo da Comisión Provincial de Urbanismo o Concello de Vigo interpuxo recurso contencioso administrativo ante a Audiencia Territorial de A Coruña que se seguíu co número 382/86.

Doutra parte, co nº 705/86, seguíuse tamén ante a Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Territorial da Coruña recurso contencioso administrativo por suspensión e solicitude de anulación, por parte do Concello de Vigo, dos efectos da licenza concedida pola Comisión Provincial de Urbanismo, con data 16 de decembro de 1985, a D^a Elvira Silva Maldonado para construír un edificio na rúa López Mora -outra das parcelas do convenio- por considerar dito acto administrativo unha manifesta infracción urbanística grave.

Así pois, a poñer fin a estos procedementos xudiciais -nos que en 9 de abril de 1997 e 16 de decembro de 1988, recairon, respectivamente, sentencias firmes favorables ó Concello e a D^a Elvira Silva Maldonado- obedeceu fundamentalmente á realización do convenio que nos ocupa sen prexuízo de que con ocasión das recíprocas concesións que toda transacción implica, o Concello de Vigo aproveitará esta para acadar outros obxectivos:

- Reducir drasticamente as edificabilidades que o PXOU de 1971 asignaba ó conxunto das parcelas obxecto do convenio. Así, a denominada parcela Vimieiros, cualificada no Plan Xeral de 1971 coa ordenanza 1.B. --12 m³/m², equivalentes a 4 m²/m²-- en todo o seu fronte, nun fondo de 20

metros, pasa de ter unha edificabilidade de máis de 12.000 m². a dispoñer de só 6.325 m². de aproveitamento urbanístico. As parcelas sinaladas cos números 72, 74 e 76 da rúa García Barbón, cunha superficie total segundo o convenio de 5.398 m², cualificadas coa ordenanza 1.B. no citado plan xeral de 1971 --16 m³/m², equivalente a 5,33 m²/m²-- pasan a dispoñer dun aproveitamento urbanístico de 12.000 m² para vivenda e 6.100 m² para baixos comerciais. Ás parcelas incluídas na UE Vista Alegre, recoñéceselles a edificabilidade que lles corresponde pola zona 2.A. do Plan Xeral de 1971 -(4 m³/m²).

- Preservar elementos valiosos do patrimonio histórico e natural incluídos nas mesmas. Así, consérvase a edificación, catalogada como conservable integral, existente na UE Ourense, como tamén a fachada do edificio nº 20 da rúa García Barbón (A Metalúrxica).
- Aumentar cesións: prevese a creación dun espazo aberto para praza de uso público de alomenos 2000 m² entre a fachada do nº 70 da rúa García Barbón e o edificio que se constrúa.
- Cambia-la edificación pechada no bordo da rúa García Barbón por edificación aberta recuada.

En conclusión, o convenio que nos ocupa ten a natureza dunha transacción extraxudicial a virtude da cal a parte privada obrígase a poñer fin ás reclamacións presentadas e litixios iniciados -ou a non solicitar a execución das resolucións eventualmente favorables que neles se puidesen producir- en relación coa edificabilidade ou construción de edificacións sobre as parcelas obxecto do convenio, retendo a edificabilidade que o Concello lle recoñece, nas condicións e coa disposición fixada no acordo e ofrecendo, a súa vez, a praza pública de ó menos 2000 m² antes deslindada, así como a preservación dos elementos valiosos do patrimonio histórico-cultural existentes nas parcelas de referencia.

Istas, e non outras, son as obrigas que en virtude do referido convenio adquiriron o Concello e D. Fernando Casuso Silva xunto coas demais partes privadas do mesmo.

É de destacar, finalmente, que no recurso contencioso administrativo nº 705/86, D^a Elvira Silva Maldonado -unha das partes do convenio- obtivo ó seu favor sentenza do Tribunal Supremo pola que se recoñece a firmeza da licenza a ela outorgada pola Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra para a construción dun edificio na rúa López Mora -UE Ourense- e que a dita sentenza non foi, en cumprimento das estipulacións do convenio que nos ocupa, executada.

Analizada xa a natureza xurídica do convenio pasamos a examinar o reproche que se fai polo reclamante sobre o incumprimento das determinacións que establece ó anexo do Regulamento de planeamento, en canto á reservas mínimas destinadas a zonas verdes de uso público.

A UE V-02 Vista Alegre configúrase no PXOU como un ámbito de execución deste planeamento, integrado por unha soa parcela, de propiedade única, clasificada como solo urbano, que, de acordo coa Disposición Transitoria Segunda b), da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, cabería calificar nesta Lei de consolidado, á vista do carácter non integral da execución, dada a innecesariedade de equidistribución e a escasa entidade das obras de urbanización necesarias para converter a parcela en solar.

En relación ó solo urbano, independentemente das reservas establecidas nesta clase de solo para a estrutura xeral e orgánica de parques urbanos públicos, o artigo 29. 1.d) do Regulamento de planeamento esixe, en canto a espazos libres e zonas verdes, as previsións adecuadas ás necesidades colectivas e características socioeconómicas da poboación, pero non as reservas previstas no anexo ó Regulamento de planeamento; reservas de solo para dotacións que, como o mesmo anexo dispón, establécense para os plans parciais; figura de planeamento que ten por obxecto desenvolver o planeamento xeral en solo urbanizable ou apto para urbanizar. Ademais, de admitirse a alegación e a argumentación da reclamante, o reproche que examinamos non debería limitarse á falla de previsión de zonas verdes públicas, senón que debería extenderse, tamén, a falla de previsión de dez metros cadrados de solo por vivenda para dotación escolar de EXB e de dous metros cadrados construídos por vivenda para dotacións comerciais e sociais, que igualmente esixe o dito anexo do Regulamento de planeamento para os plans parciais; previsións que, repetimos, de ningún precepto da lexislación urbanística vixente no momento de aprobación do planeamento xeral de Vigo resultaban esixibles para o solo urbano como é o de a UE Vista Alegre.

VI.- Sobre a falla de cesión ó Concello de Vigo dos terreos necesarios para situar o aproveitamento municipal non susceptible de apropiación polo propietario do ámbito ou o seu equivalente económico.

No informe proposta emitido para a aprobación definitiva do proxecto de compensación do polígono sostense, en base ós argumentos que no mesmo figuran, que tal cesión non era necesaria. Sen compartir necesariamente - por os descoñecer- os argumentos que levaron ó secretario xeral a soste a opinión contraria, este informante entende que sí estaba obrigada a propiedade a ceder tales terreos e isto polas seguintes razóns:

Dunha parte, porque o convenio urbanístico de data 13.11.1986, ratificado polo Concello-Pleno en sesión de 27.02.1989, tiña unha natureza, como o seu propio nome indica, convencional, isto é -coas matizacións que o seu propio obxecto comporta- contractual.

Doutra, porque a entrada en vigor do TRLS en 1992, determinou, con relación a este convenio, a sobreveniencia dunha causa de extinción parcial da obriga municipal de permitir á parte privada do convenio a patrimonialización do 100% do aproveitamento asignado no mesmo: a imposibilidade da prestación, como causa extintiva das obrigas, prevista nos artigos 1.182 e 1.184 do Código civil: "quedará extinguida a obriga que consista en entregar unha cousa determinada cando ista se perdesse ou destruíse sen culpa do debedor e antes de se ter este constituído en mora", (artigo 1.182 Código civil). "Tamén quedará liberado o debedor nas obrigas de facer cando a prestación resultase legal ou físicamente imposible" (artigo 1.184 do Código Civil).

Agora ben, declarados inconstitucionais a virtude da sentenza do Tribunal Constitucional do 20 de marzo de 1997, os preceptos que puideron, no seu momento, fundamentar tal esixencia de cesión polo Concello de Vigo -artigo 27.1 e 2 e disposición adicional primeira do Texto Refundido da Lei do Solo de 1992- ningunha revisión procede realizar, agora, do proxecto de compensación aprobado, no que non se contemplou a cesión pretendida; proxecto de compensación que, por outra parte, non se atopa entre os actos

recorridos, nin pode ser obxecto de recurso indirecto ó non se tratar dunha disposición de carácter xeral.

VII. Sobre o incumprimento dos recuados, incumprimento das normas do PXOU sobre edificacións baixo cuberta e do número máximo de vivendas nas edificacións autorizadas na UE V-02 "Vista Alegre."

Respecto destes motivos de impugnación, o arquitecto municipal, con data 26.10.1999, fronte á mesma alegación informou que:

"(...) o estudio de detalle reformado (...) cumpre estrictamente coa ordenanza 1.2.A, deixando os recúados a lindeiros de 12,7 metros (...) en canto ó incumprimento de alturas o estudio de detalle reformado establece as rasantes en relación ó vial ó que da fronte (rúa vista Alegre) e que se cuantifica en 48 metros (16 plantas x 3 metros) cumprindo coa ordenanza do PXOU".

Pola súa parte, a arquitecta municipal, coa mesma data do 26 de outubro de 1999, informou o que segue:

"Entre os motivos de impugnación relatados nos escritos presentados únicamente dous puntos se refiren estrictamente á licenzia de obra.

Un refírese ó incumprimento dos recúados mínimos fixados pola ordenanza e o estudio de detalle ó voo á edificación sobre a planta baixa. No proxecto básico presentado a edificación tiña uns recúados mínimos de 12,70 metros no voo, axustándose exactamente ó estudio de detalle. Posteriormente estes recúados modifícanse no proxecto de execución presentado o cal se notifica á propiedade co fin de que corrixa tal extremo.

En canto ó incumprimento do apartado 3.3.1.c) das normas urbanísticas do Plan Xeral ó se autorizar una pérgola cos pilares fora do sólido capaz, isto non é máis que un elemento decorativo que non afecta ó volume da edificación.

A ocupación do sólido baixo rasante máis elementos anexos á edificación de uso privado non superan o 50% de ocupación máxima da parcela fixados pola ordenanza 1.2. de edificación aberta."

A mesma arquitecta municipal, con data con data 17 de decembro de 2003, á vista deste escrito de solicitude de revisión de oficio, emitiu o informe que segue:

"A solicitude de licenzia para construción dun edificio de planta soto e dúas torres compostas cada unha delas de planta baixa, quince plantas e aproveitamento baixo cuberta en Julia Minguillon nº 20 informouse pola técnica que subscribe con fecha 19/11/1998, en base ás condicións de volume altura e recuados fixadas no reformado do estudio de detalle da unidade de execución V-02 aprobado definitivamente o 13/12/1997, axustándose o proxecto presentado ás condicións establecidas neste e no proxecto de compensación aprobado definitivamente o 12/06/1996 e o reformado do proxecto de urbanización aprobado definitivamente o 17/09/1998.

A edificación obtivo licencia de primeira ocupación por acordo do Consello da Xerencia de data 10/05/2001.

En canto a pérgola situada fora do sólido capaz como elemento decorativo non pode considerarse edificación baixo cuberta polo que non se incumpre o apartado 3.3.1.C) das Normas urbanísticas do Plan Xeral vixente."

Finalmente, en canto ó incumprimento do apartado 3.4.2 --ordenanza 1.2. de edificación aberta-- en canto a limitación, no grao A, da densidade a 75 vivendas por hectárea, procede contestar que de acordo co apartado 3.1.3 --terminoloxía-- das Normas Urbanísticas do vixente PXOU, "este concepto (de densidade) manexarase unicamente no planeamento para a ordenación de sectores por medio das figuras de planeamento correspondentes"; tendo a consideración de sector a unidade xeográfica urbanística delimitada para a súa ordenación detallada e completa a través dos plans parciais.

Non procede, pois, aplicar este concepto e, xa que logo, esta limitación de vivendas a un polígono de solo urbano a ordenar a través dun estudio de detalle.

VII. Sobre a contravención das normas de aplicación directa, en relación á adaptación ó ambiente, na autorización das ditas edificacións.

Non se xustifica a concorrencia nas edificacións autorizadas da conxunción dos tres elementos que integran os supostos nos que nos artigos 138 TRLS/1992, 59 LSG e 104 LOUGA se concreta a obriga de adaptación ó ambiente das construcións: os supostos de feito a protexer -edificios de carácter histórico, típico ou tradicional, lugares de paisaxe aberta e natural, perspectivas de conxuntos urbanos, inmediacións de camiños pintorescos-; as circunstancias externas que inciden sobre aquel -emprazamento, masa ou altura das construcións- e o efecto prohibido -limitar o campo visual para contemplar as belezas, romper a harmonía da paisaxe ou desfigurar a perspectiva deste-.

A tipoloxía das construcións autorizadas é congruente co entorno: a antiga finca de "Vista Alegre", onde se emprazaba o Club de Campo, afectada pola apertura do nó de Isaac Peral, ordenouse a partir dos anos setenta con tipoloxías de edificación aberta -bloques abertos apart 1, apart 2 e edificio MAPFRE- separados por espacios axardinados intermedios e barreiras de edificación pechada na aliñación da rúa García Barbón, tal como se reflicte no plano incorporado ó expediente. O planeamento xeral procura aquí, na UE Vista Alegre, coa tipoloxía 1.2.A, e dentro das alturas permitidas por esta ordenanza, unha razoable articulación coas devanditas tipoloxías edificatorias que evita a repetición de solucións tipolóxicas idénticas e libera unha maior superficie de espazo libre de uso público.

VIII. Sobre a asignación de edificabilidade ó ámbito por riba da autorizada polo PXOU.

Esta mesma cuestión resolveuse xa polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na referida sentenza do 27 de xuño de 2002, dictada no recurso contencioso-administrativo número 02/4072/1998, interposto contra o acordo plenario do 31 de xullo de 1997, polo que se aprobou definitivamente a Modificación Puntual número 12 do PXOU, relativa á norma urbanística 3.4 e a ordenanza 1.2 de edificación aberta nas unidades de execución do Núcleo

Central (UE I-03, UE I-04 e UE IV-06). Afírmase, en relación a esta alegación, no seu fundamento cuarto que:

"De acuerdo con lo que acaba de establecerse no puede decirse que el acuerdo impugnado incurra en arbitrariedad y desviación de poder, o que establezca una reserva de dispensación, pues lo que trata de hacer es concretar la ordenación aplicable a unas unidades de ejecución cuyo aprovechamiento es superior al señalado con carácter general en una determinada ordenanza, sustituyendo al imprecisa remisión anterior al planeamiento secundario. La atribución en el Núcleo Central de edificabilidades superiores a la máxima prevista en la ordenanza 1.2. se produjo en la subsanación de 1993, y por lo tanto tenía que haber sido combatida de forma directa cuando se aprobó."

IX.- De conformidade co artigo 102. 1, 2 e 3 LRX-PAC,

"1.- As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou solicitude do interesado, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houber, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1

2.- Asemade, en calquera momento, as Administraciones públicas de oficio, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma se o houber, poderán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas nos supostos previstos no artigo 62.2.

3.- O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de recabar dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidad Autónoma, cando as mesmas non se baseen nalguna das causas de nulidade do artigo 62 ou carezan manifestamente de fundamento, así como no suposto de que se tiveran desestimado en canto ó fondo outras solicitudes substancialmente iguais."

Á vista das precedentes consideracións pódese afirmar que a petición do reclamante carece manifestamente de fundamento e que, dado o carácter alternativo na redacción da especificación das causas de inadmisión deste tipo de peticións no artigo 102. 3 LRX-PAC, resultaría perfectamente xustificada a inadmisión a trámite da solicitude; non obstante, seguindo a recomendación do Valedor do Pobo, feita no seu expediente B.2.Q/558/2000, sobre remisión ó Consello Consultivo de Galicia por esta Administración municipal das solicitudes de revisión de oficio cando se invoquen causas de nulidade previstas no artigo 62 LRX-PAC, propónse a remisión do expediente ó dito órgano consultivo.

X.- Por outra parte, de acordo co artigo 106 LRX-PAC: "As facultades de revisión non poderán ser exercitadas cando pola prescripción de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ó dereito dos particulares ou ás leis."

O tempo transcorrido dende o remate e ocupación da edificación -febreiro de 2001- e o coñecemento que desta actuación urbanística cabe presumir en D.

Eduardo Canabal Sanz, habida conta a súa condición de habitual recorrente das decisións urbanísticas municipais e a notificación que, con data 24 de xullo de 1996, se lle practicou do acordo plenario do 5 de xullo de 1996, sobre a aprobación definitiva da modificación do estudio de detalle da UA I-07 Ourense, estreitamente relacionado co que nos ocupa, permiten poñer en cuestión que a revisión pretendida resulte conforme á boa fe.

XI.- Finalmente, de acordo cos artigos 123.i) e l) e 127.e) e k) LRBRL, resultan competentes para coñecer da revisión de oficio solicitada o Pleno do Concello, en canto os acordos plenarios do 5 de xullo de 1996 e 13 de decembro de 1997, sobre o estudio de detalle da UE V-02 Vista Alegre, e a Xunta de Goberno Local, en canto ós acordos do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do 23 de decembro de 1998 e do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 10 de maio de 2001 sobre concesión de licencias de obra e primeira ocupación no dito polígono."

Por todo o anteriormente exposto, respecto dos acordos plenarios do 5 de xullo de 1996 e 13 de decembro de 1997 sobre o estudio de detalle da UE Vista Alegre, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 29 de abril de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 10 de maio, aprobou a citada proposta.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez e Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintetrés votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío LouridoToba Girón e a Presidencia, e a abstención dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Prestar conformidade ó informe que se transcribe nos antecedentes emitido en relación coa solicitude de declaración de oficio da nulidade de pleno dereito, dos acordos plenarios do 5 de xullo de 1996 e 13 de decembro de 1997, sobre o estudio de detalle da UE V-02 Vista Alegre.

Segundo.- Remítase o expediente, con certificación do acordo recorrido, ó Consello Consultivo de Galicia para dictame previo á resolución da petición de revisión de oficio.

12.- (136).-SOLICITUDE DECLARACIÓN BIC CASCO VELLO DE VIGO (CONXUNTO HISTÓRICO). EX. 8346/411)

ANTECEDENTES.- Con data 20 de maio de 2004, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto municipal da oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Rodríguez Bartol e Alonso Fernández, coa conformidade do Xerente, Sr. Rivas Barros e máis do xefe da oficina de Patrimonio Histórico, Sr. Ojea Pérez, informan do que segue:

“Redáctase este informe-proposta en relación coa documentación técnica elaborada para a incoación como Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de Conxunto Histórico, do Casco Vello de Vigo.

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. O denominado «Casco Vello» constitúe o espacio histórico por excelencia da cidade de Vigo, que abrangue a antiga cidade amurallada e os barrios extramuros do Berbés, do Cura, da Falperra, Pracer Alto, antigo Castelo de San Sebastián e Campo de Granada. Como conxunto urbano, o Casco Vello ten un recoñecido valor propio, de interese relevante, polo que se considera necesaria a súa protección, conservación e transmisión ás xeracións futuras.

I.2. En efecto, no Casco Vello ou «Barrio Histórico de Vigo» existen moitas edificacións, elementos e espacios públicos cun alto valor arquitectónico, histórico e urbanístico que deben ser obxecto de conservación e protección, así como unha serie de elementos que contan xa con declaración monumental («*monumentos histórico-artísticos*», hoxe: BIC) como son: a Colexiata de Santa María, os soportais da Praza da Constitución, a casa nº 4 da Praza de Almeida e o seu contorno, a casa esquina á rúa do Triunfo e a rúa Real (Decreto do 08.02.1946; BOE nº 45, do 14.02.1946).

I.3. Ademáis, no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Pontevedra das NNCCSSPP son obxecto de catalogación, no ámbito do Casco Vello, a Colexiata de Santa María, a Igrexa de San Francisco, a Casa de Arias Taboada (na rúa Abeleira Menéndez), o Fogar de San Xosé (antigo convento de S. Francisco), as casas de vivendas do Paseo de Alfonso XII nº 21, Porta do Sol nº 11 e Elduayen nº 4, as casas da rúa Real núms. 7-9, 15 e 33 (Casa López Araújo), as da rúa Joaquín Yañez núms. 5 e 6 e as da Praza de Almeida núms. 1 e 2 (Casa de Arines e Torre dos Fitado).

I.4. En atención ás características propias do Casco Vello de Vigo e ó seu deficiente estado de conservación, o Concello de Vigo presentou no ano 1995 a súa candidatura ó Programa operativo URBAN, cun ámbito de actuación que coincide practicamente co do Plan Especial de Reforma Interior; candidatura que foi seleccionada pola Unión Europea, desenvolvéndose o Programa entre os anos 1995 e 1999.

I.5. Igualmente, o Concello de Vigo solicitou da CPTOPV da Xunta de Galicia, mediante acordo plenario do 31.07.1997 e como condición necesaria para acceder ás axudas á rehabilitación abeiradas polos distintos plans de vivenda e solo, a súa declaración como «Área de Rehabilitación Integrada» (ARI); declaración que foi acordada polo conselleiro en data 29.09.1997.

I.6. O 24.11.1999 subscribiuse a 1ª fase do convenio de colaboración Concello-IGVS en materia de actuacións na ARI do Casco Vello de Vigo. En datas 24.11.2000, 08.08.2001, 11.12.2002, 14.07.2003 e 26.02.2004, asináronse os convenios correspondentes ás fases 2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª respectivamente, estas dúas últimas xa ó abeiro do novo Plan cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005 (RD.1/2002, do 11 de xaneiro).

I.7. En paralelo, a XMU contratou no ano 2000 a asistencia técnica encargada de poñer en marcha a Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo. A Oficina de Rehabilitación, integrada organicamente na XMU, encárgase de xestionar as axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas no barrio histórico, tal como se regula nos convenios IGVS-Concello.

I.8. Para estes efectos aprobouse a «Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo» (BOP nº 132, do 10.07.2003, que derroga á aprobada definitivamente o 31.08.2000; BOP nº 199, do 17.10.2000); norma indispensable para regular en detalle o desenvolvemento e execución do convenio conforme ós principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

I.9. Por outra banda, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca veñen de asinar o 10.03.2004 un convenio de colaboración para a rehabilitación do Casco Vello desta cidade, co obxecto de levar a cabo, de acordo coas previsións do planeamento aplicable, unha serie de actuación e intervencións que contribúan ó proceso de rehabilitación da súa ARI mediante a adquisición de terreos, a adquisición e rehabilitación de inmobles e a rehabilitación e mellora do medio urbano. A achega económica máxima á que se comprometeron as partes é de 30.000.000 €, e a vixencia do convenio exténdese, inicialmente, ata o 28.12.2008.

I.10. Ademais do anterior, cómpre ter en conta, en favor da declaración que se solicita, os seguintes datos:

I.10.1. Dende o punto de vista urbanístico, o Casco Vello de Vigo conta cun Plan Especial de Reforma Interior aprobado definitivamente o 04.02.1991, incorporado ó Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, atopándose actualmente en fase de revisión. Este PERI conta cun catálogo anexo de protección de elementos de interese con diferentes niveis de protección (integral, básica, parcial, substituíble...), ademais dunhas normas de protección do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico.

O novo PEPRI do Casco Vello, redactado coa intención de que poida considerarse o planeamento especial de protección esixido polo artigo 45 da L.8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), foi xa informado pola Consellería de Cultura con carácter previo á súa aprobación

inicial municipal; aprobación que tivo lugar mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 02.02.2004 (Exp. nº 7888/411; DOG nº 67, do 06.04.2004).

Para o que aquí interesa, importa salientar do informe do director xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo da Xunta de Galicia de data 07.02.2003, a seguinte consideración:

«...analizadas as características histórico-artísticas e actuais que definen o Casco Vello de Vigo, estímase por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que este reúne os valores culturais necesarios para a súa consideración como conxunto histórico, polo que procede a tramitación da súa declaración».

I.10.2. Dende o punto de vista do fomento da rehabilitación urbana, o ámbito está formalmente declarado -como vimos de referir- «Área de Rehabilitación Integrada» e incluído nos convenios de colaboración co IGVS, o que comporta unha serie de vantaxes e axudas financeiras para a rehabilitación do patrimonio edificado.

Por outra banda, a declaración mediante acordo plenario adoptado en sesión do 28.05.1992 da denominada «Área BIC» do PERI Casco Vello de 1991 como «Zona de rehabilitación do casco histórico ós efectos determinados na Orde do 30 de marzo de 1992 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas...» (Exp. nº 3551/401), permitiu dende aquela ós interesados acceder ás axudas previstas nas sucesivas convocatorias da CPTOPV destinadas á adquisición e rehabilitación de inmobles situados en conxuntos históricos.

O esforzo realizado nos últimos anos reflíctese no balance de xestión dos programas de rehabilitación de edificios e vivendas para o período 2000 (maio)-2004 (abril), que ofrece as seguintes magnitudes principais:

Solicitudes recibidas na Oficina de Rehabilitación	918
Cuarteiróns con solicitude de axuda	47/63
Edificios con solicitude de axuda	215/728
Actuacións seleccionadas para recibir axudas	330
Orzamentos de execución de actuacións seleccionadas	5.068.703,84 €* 1.344.892,24 €* (330 actuacións)
Contía axudas convenio Concello - IGVS	1,029.297,38 €* (368 actuacións)
Contía axudas a inmobles en conxuntos históricos	
Concesión de cualificación provisional polo IGVS	228
Concesión de cualificación definitiva polo IGVS	191
Obras iniciadas/Vivendas afectadas	40/155
Obras rematadas/Vivendas afectadas	103/242
Nº de expedientes creados e en tramitación ou xa rematados	167
Vivendas visitadas	865
Informes de visita previa realizados	737
Documentos de solicitude previa e de licencia realizados	127

Documentos de solicitude de axuda para conxuntos históricos	368
Documentos solicitude de axuda dos convenios IGVS-Concello	118
Manuais de uso e mantemento entregado ó fin das obras	103
Licencias concedidas para execución das obras con axuda	180
Orzamentos de total de obras rematadas/Subvención total	2.896.101/1.322.436
Presuposto de total de obras en execución/Subvención total*	2.863.967/473.358

* Cantidad provisional pendente de axustar á finalización de obras en execución

Entendemos que a declaración como conxunto histórico-artístico, á parte de supoñer un recoñecemento (certamente tardío) dos valores intrínsecos do Casco Vello de Vigo, debería permitir o acceso a novas medidas de protección e de fomento, a novos investimentos culturais e, de ser o caso, ós beneficios fiscais que establece a normativa aplicable, razón pola que tamén aquí se propón o asinamento coa Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo da Xunta de Galicia dun convenio marco de colaboración, como mecanismo de apoio operativo ó proceso de protección, conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio cultural do Casco Vello de Vigo.

I.10.3. Finalmente, dende o punto de vista da participación cidadá, o Casco Vello conta cunha asociación como é o «Plan Comunitario», constituída en 1991, no que se integran asociacións de toda índole presentes no barrio: veciños, comerciantes, ONGs, asociacións de lecer, relixiosas, ecoloxistas, deportivas, culturais, etc., que participan activamente en actividades socio-comunitarias diversas, tales como animación socio-cultural, vivenda, saúde, drogodependencias, educación, emprego, economía...

Os obxectivos do Plan comunitario pasan pola mellora das condicións xerais de vida da poboación e das condicións medioambientais do barrio, a elevación do nivel educativo e formativo dos seus habitantes, a diminución do índice de desemprego xuvenil ou a recuperación de determinadas tradicións culturais e festivas (celebración da Reconquista de Vigo, os maíos, Entroido...).

I.11. Como conclusión, pode dicirse que o Casco Vello de Vigo ten unhas características que lle fan merecedor da declaración de conxunto histórico, como se define na lexislación do patrimonio cultural de Galicia, de cara á súa conservación, protección e recuperación.

Así tamén o entendeu o Consello de Xerencia da XMU que, na súa sesión do 07.06.2001, acordou:

«Inicia-lo expediente de incoación de todo o ámbito do PEPRI do Casco Vello como conxunto histórico-artístico, dos referenciados no artigo 8.4.b] da lei 8/95, de 13 de outubro (sic), do Patrimonio Cultural de Galicia, dirixíndose, en tal senso á Consellería de Cultura».

II. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA A SOLICITUDE DE INCOACIÓN COMO BIC DO CASCO VELLO DE VIGO, CO CARÁCTER DE CONXUNTO HISTÓRICO

II.1. A documentación precisa para a solicitude de incoación do expediente de declaración de BIC elaborouse pola consultoría contratada ó efecto polo Concello (Departamento de Patrimonio Histórico; Exp. nº 1609/307), tendo en

conta os diversos estudos existentes sobre o Casco Vello e a documentación integrante do novo Plan Especial de Protección e Rehabilitación (PEPRI), completada cos datos achegados polos servicios técnicos municipais da XMU e da Oficina de Patrimonio Histórico. Nela descríbese clara e exhaustivamente o ben obxecto da declaración, o contorno afectado e as pertenzas e bens que deben ser obxecto de incorporación na declaración.

II.2. Tomando como referencia a documentación requirida no artigo 4 e Anexo do Decreto 430/1991, do 30 de decembro, da Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia (DOG nº 14, do 22.01.1992), polo que se regula a tramitación para a declaración de bens de interese cultural de Galicia e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, o documento elaborado presenta o seguinte esquema de contidos:

I. MEMORIA:

1. Introducción:
 - 1.1. Antecedentes.
 - 1.2. Ámbito obxecto de declaración.
2. O Casco Vello na historia da cidade:
 - 2.1. Das orixes á cidade amurallada.
 - 2.2. A cidade contemporánea.
3. Evolución do tecido urbano:
 - 3.1. Da vila medieval á expansión urbana.
 - 3.2. A remodelación e o declive do barrio.
4. Planeamento e rexeneración:
 - 4.1. Dos ensanches ó planeamento especial.
 - 4.2. O impulso do programa Urban.
5. O conxunto histórico:
 - 5.1. Paisaxe urbana.
 - 5.2. Identidade histórica.
6. As arquitecturas:
 - 6.1. Arquitectura civil.
 - 6.2. Outras arquitecturas.

II. ANEXOS:

1. Fontes bibliográficas.
2. Documentación fotográfica.
3. Cartografía histórica.
4. Elementos catalogados.
5. Estado de conservación.
6. Situación xurídica.
7. Localización e delimitación.
8. Documento de síntese.

II.3. No documento delimitase de forma gráfica e en planos (Plano E: 1/1.000) a zona solicitada como conxunto, coincidente coa do plan especial.

A delimitación axústase pola súa banda norte ó fronte marítimo (Avenida de Beiramar e rúa Cánovas del Castillo), polo leste sube pola rúa Carral ata a Porta do Sol, seguindo a Baixada a Príncipe (agora denominada II República), o Paseo de Granada ata a rúa Cachamuiña, pola que segue a continuación ata a rúa E. Blein Budiño, atravesa a rúa Venezuela, segue por Celso Emilio Ferreiro. Xa na banda sur sube ata a rúa Marqués de Alcedo, seguindo ó pé do monte do Castro e ó inicio da Avenida das Camelias, baixando outravolta ata a rúa Cachamuiña, segue pola rúa Falperra, a rúa

Angustias, atravesando a rúa Pi i Margall e segue polas rúas Llorente e Santa Marta, desviándose para recoller o Convento de San Francisco ata enlazar outravolta na banda oeste coa Avenida de Beiramar, onde se pecha o perímetro.

II.4. Sen prexulgar a valoración que deba efectuar o órgano autonómico, entendemos que a precitada documentación cumpre dabondo cos requisitos e esixencias establecidas no Anexo do D.430/1991, do 30 de decembro, relativos á solicitude de declaración de conxunto histórico.

III. DEREITO/PROCEDEMENTO

III.1. A LPCG define como conxunto histórico: *«a agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso e gozo para a colectividade, aínda que individualmente non teñan unha especial relevancia»* (art. 8.4.b] LPCG).

En termos moi semellantes exprésase o artigo 2.1.c] do Decreto 430/1991, engadindo que: *«Así mesmo, terá carácter de conxunto histórico calquera núcleo individualizado de inmobles comprendidos nunha unidade superior de poboación que reúna esas mesmas características e poida ser claramente delimitado»*.

III.2. A declaración de Ben de Interese Cultural de Galicia (BIC) requirirá a previa incoación e tramitación do expediente administrativo pola Consellería competente na materia. A tramitación necesaria para a declaración de BIC régúlase pola LPCG (arts. 9 e ss.) e polo precitado D.430/1991.

III.3. Conforme a esta normativa, os expedientes de declaración de BIC poderanse iniciar de oficio ou por instancia de parte (arts. 3 D.430/1991 e 9.1 LPCG). Considéranse parte, ós efectos de poder instar o inicio do expediente de declaración de BIC, ás Corporacións Locais con competencia no territorio no que estea situado o ben (art. 3.2.b] D.430/1991).

III.4. Correspóndelle á actual Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia a incoación do expediente de declaración de BIC, calquera que sexa a natureza deste, iniciándose mediante Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (art. 3.3 D.430/1991). A incoación do expediente anotarase preventivamente no «Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia» (art. 14.1 LPCG).

III.5. A resolución de incoación será obxecto de notificación e publicación no DOG e no BOE. Daráselle audiencia ó Concello e abrirase un período de información pública por un prazo mínimo dun mes (art. 10.1 e 2 LPCG).

III.6. A incoación dun expediente para a declaración de BIC determinará, a respecto do ben afectado, a aplicación inmediata e provisional do réxime de protección previsto na LPCG para os bens xa declarados e a suspensión de licencias nos termos do artigo 35.1 da LPCG (arts. 10.3 LPCG e art. 7.4 D.430/1991).

III.7. O expediente deberá resolverse no prazo máximo de vinte (20) meses, contado a partir da data na que se incoou (art. 12.3 LPCG).

III.8. Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta do Conselleiro de Cultura, acordar a declaración de BIC (art. 12.1 LPCG). Esta declaración será obxecto das oportunas notificacións e publicarse tamén no DOG e no BOE (art. 13 LPCG).

III.9. O ben declarado BIC inscribírase no «Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia», asignándolle un código identificativo. Este Rexistro ten por obxecto a anotación e inscrición dos actos que afecten á súa identificación e localización e reflectirá todos os actos que se realicen sobre os bens inscritos cando afecten ó contido da declaración e dará fe dos datos nel consignados (art. 14.2 LPCG).

Das inscricións e anotacións que se realicen neste Rexistro daráselle conta ó «*Registro General de Bienes de Interés Cultural del Estado*», co fin de que se practiquen no mesmo as correspondentes inscricións e anotacións (art. 14.5 LPCG).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Polo que antecede, os servicios técnicos e xurídicos da XMU e da Concellería de Patrimonio histórico consideran oportuno solicitar da Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo da Xunta de Galicia a incoación de expediente de BIC conforme co disposto nos artigos 9 e ss. da LPCG e no D.430/1991."

Polo anteriormente exposto os funcionarios asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez e Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Solicitar da Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo da Xunta de Galicia a DECLARACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL COA CATEGORÍA DE «CONXUNTO HISTÓRICO», cunha delimitación coincidente coa do planeamento urbanístico en redacción (PEPRI Casco Vello), reflectida no plano E:1/1.000 incluído na documentación elaborada para estes efectos.

Segundo.- Solicitar igualmente desa Consellería a sinatura dun convenio marco de colaboración, como mecanismo de apoio operativo ó proceso de protección, conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio cultural

do Casco Vello de Vigo, a través das accións, incentivos, investimentos e demais medidas de fomento que resulten procedentes.

13.- (137).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE DPG REFERENTE ÓS
INVESTIMENTOS DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO NO DENOMINADO "PLAN
GALICIA".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 30 de abril de 2004, o voceiro do grupo municipal do DGP, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Pero houbo algunha vez un Plan Galicia? ¿Cando? ¿Onde ou en qué se materializou? O único Plan Galicia que temos coñecido é o da desatención cando non a marxinación secular desta terra nosa.

E a nosa opinión (e esperamos crear a plataforma política axeitada para defender e conseguir que se admitan criterios coma este na Xunta de Galicia primeiro e no Goberno de España despois), España ten unha débeda histórica con Galicia: a xerada por milleiros e milleiros de galegos que se viron forzados a abandonar o seu país para buscar a subsistencia loxne da súa terra e que máis tarde contribuíron a erguer as economías galega e española cos cartos e os coñecementos que conquistaron na nosa dolorosísima diáspora.

Mais, por falar dos últimos tempos, ten habido unha acción de gran relevancia iniciada e executada en boa parte polo goberno socialista de D. Felipe González, que se rematou, por certo, moitísimo despois do debido polo goberno do PP. Referímonos como é obvio da construción das dúas autovías que nos unen co resto de España.

Agora estamos a falar dun compromiso, aínda que pola falla de continuidade do goberno do PP en España non ten pasado dunha declaración de intencións, tamén de gran relevancia, o mal chamado Plan Galicia, que ven de ser aceptado de xeito xenérico polo novo Presidente do Goberno de España, D. José Luis Rodríguez Zapatero no seu discurso de investidura.

¿Por qué dicimos o mal chamado Plan Galicia? Pois é ben simple, porque marxina á maior concentración de poboación, de industria e de servicios de Galicia, porque marxina á Área Metropolitana de Vigo.

Como galego non deixo de me alegrar pola previsión de investimentos que presuntamente se van facer noutros lugares da nosa terra, iso si, sempre que resposten a criterios de racionalidade do gasto público, porque os imos pagar todos os galegos e todos os españois.

E dende logo non resposta a criterios de racionalidade do investimento o feito de que se estea a contemplar a posible implantación de dous grandes

novos portos, un a carón do outro, estou a falar dos portos previstos para A Coruña e para Ferrol.

Porque a lóxica máis elemental recomenda que se faga un só gran porto na mesma zona. E por certo, no lugar que se estime máis conveniente en base a dous criterios: á racionalidade dos tráxicos e máis á axuda ó desenvolvemento e á mellor vertebración económica e social da zona onde se implante.

Agora ben, anque o criterio de investimento máis aséptico podería estar baseado en criterios de proporcionalidade, poderíamos entender un Plan con outro tipo de previsións racionais de investimentos económicos. Por exemplo que se manexasen criterios de solidariedade, como sería un Plan que fose concibido para axudar a equilibrar as rendas da Galicia interior coa Galicia da costa. Ou con criterios de eficacia, como podería ser o de facer investimentos onde máis rapidamente se producise unha gran creación de emprego en Galicia e, por certo, que neste caso sería en Vigo en primeirísimo lugar...

Mais, ¿a qué criterios responde o mal chamado Plan Galicia, con dilapidos económicos previstos coma os de facer xuntos os dous grandes portos antes amentados, ó tempo que se contempla un nulo investimento na área de Vigo: ¿quen fala en serio dun Plan Galicia? ¡Non existe! En todo caso poderían chamarlle "Plan Galicia agás Vigo e maila súa área".

Coido que por esa mala concepción, un slogan tan agradable coma o de "Plan Galicia" está contaminado e seu tivese responsabilidades gobernamentais cambiaría os contidos dese Plan, por suposto, e ó mesmo tempo o nome, para que non se pensase que o resultado era a mesma mala cousa...

Chegados a este punto coidamos que os vigueses debemos ser quen de unírmonos para reclamar investimentos concretos, que segundo nós deberían ser realizados na área das infraestructuras, como por exemplo na Alta Velocidade cunha saída sur que contemple conexións con Citroën e mailo porto, nun Plan de Crecemento Portuario, ou de mellora do litoral vigués, na execución inmediata do Plan do Aeroporto, no metrotrén, etc.

Coidamos que é un bo momento para convocar ó CES de xeito que, nese amplo marco de representación social, se produzan as reflexións e as definicións que logo deberían aprobar un Pleno Extraordinario da Corporación con ese único e transcendental contido.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Convocar ó CES para que defina os contidos dos investimentos relativos á área de Vigo que o Goberno de España debería incluír no chamado Plan Galicia.

2.- De seguido convocar un Pleno Extraordinario para aprobarmos:

- Pedirlle ó Goberno de España que analice o chamado Plan Galicia e o modifique para aplicar criterios de racionalidade social e eficacia no investimento do gasto público.
- Que se inclúan no chamado Plan Galicia os investimentos que axuden ó desenvolvemento económico e social da área de Vigo definidos polo CES."

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 24 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: A exposición de motivos que nos leva a tratar este asunto é que cuestionamos abertamente que haxa un Plan Galiza, en todo caso poderían dicir que hai un Plan Galiza agás para Vigo e para a súa área metropolitana.

Cando se aprobou o Plan Galiza houbo críticas de distintos Grupos políticos con moita ferocidade. Lembro as críticas do Partido Socialista e as do Bloque Nacionalista Galego que dicían que iso non era nada, que era unha declaración de intencións, un brindé ó sol..., e nós daquela dixemos neste Pleno que nos semellaba un acordo excelente para o resto de Galiza pero qué desgracia que se esqueceran de Vigo e que non poñiamos o acento en defender o que había que facer que era defender a Vigo.

O mesmo Plan Galiza semella que non é tanta desgracia para os que antes o era e mesmo semella que mesmo é bo. Nós seguemos dicindo o mesmo que dicíamos: que é bo para o resto de Galiza agás para Vigo.

Nesa exposición de motivos falo tamén da marxinación de Galiza en distintos aspectos. Falo, xa que está de moda, de se haberá alguén que, con maior licitude moral que a do pobo galego, poida ter unha débeda histórica que, polas políticas do Estado Español, foi condeado a emigrar e que realmente logo non só se lle inferiu o castigo moral de non poderen traballar na súa terra, nin de estaren coa súa familia a tantos e tantos milleiros de persoas, senón que logo contribuíron dun xeito moi importante cos seus pequenos aforros a erguer as economías galega e española, ¿hai unha débeda histórica de maior autoridade ca esa? Para nós non e polo tanto espero que algún día o Parlamento Galego a poña enriba da mesa.

Pero independentemente diso ¿qué se fixo en infraestructuras e obras importantes en Galiza nos últimos anos para atrás? Houbo unha cousa e foi a decidida polo excelente estadista (direino sempre) D. Felipe González Márquez (algún día a historia faralle xustiza a un dos mellores Presidentes de Goberno que tivo a historia española) cando decidiu que houbera dúas autovías a Galiza, decisión dificilísima se nos situamos naquel contexto histórico cando xa había unha decisión de facer unha autovía a cada Comunidade Autónoma e, para resolver o problema da marxinación e por instancias de quen daquela era Alcalde de Vigo, que o era quen fala, fixo a

excepción de facerlle dúas autovías a Galiza, por iso Vigo ten a autovía que ten hoxe directamente con Madrid e non temos que ir por Santiago. Por certo que esas autovías se remataron moi tarde, de verdade que os tempos históricos se pasaron por parte de todos, pero aí están.

Agora ven un novo Plan Galiza e o novo Presidente do Estado Español, a quen lle desexo de corazón todos os éxitos posibles, D. José Luis Rodríguez Zapatero, ven de anunciar no seu discurso de investidura dun xeito tanxencial que non entrou a fondo, aceptou "in pectore", digámolo así, o chamado Plan Galiza, e o Partido Socialista en xeral, os seus dirixentes nos actos que promoven, semellan aceptar ese Plan incluído o investimento do segundo superporto da Coruña co que van facer un superporto en fronte doutro, pero diso falaremos logo cando toque urbanismo porque aí non hai estudos de agresións urbanísticas, nin paisaxísticas, enchen a ría e non hai nada, todos son ventos a favor.

Non é de recibo señores, tres Partidos políticos, que pasando por distintos avatares de Goberno defendían unhas cousas antes e outras logo; segue sen ser de recibo a marxinación á que se somete a Vigo concretamente co Plan Galiza, non temos infraestructuras contidas no Plan Galiza coma teñen outros e polo tanto dígolles, con pasión pero tamén con moderación de criterio nas resolucións que propoñemos, que debemos convocar ó CES, que o Consello Económico e Social onde está a representación máis xenuína das forzas sociais e políticas desta cidade, diga qué investimentos precisa Vigo para seren incluídos no Plan Galiza e polo tanto que este se poida chamar Plan Galiza, senón evidentemente que nin o nome merecería por teren fóra á área metropolitana máis importante de Galiza en demografía, tamén en industria e na parte das Rías Baixas tamén en boa medida en turismo.

Por todas esas cousas, amigos e amigas, compañeiros e compañeiras da Corporación, a nosa proposición é que vaíamos ó CES, que definamos aí qué cousas, na opinión das forzas sociais e políticas viguesas, deben seren incluídas. Nós damos un índice delas pero só é un índice, non as poñamos en conclusións porque coido que a alta velocidade ten que ser, por certo, ó tempo que a outra e estou falando de ó tempo que a da Coruña-Santiago-Madrid e falo de ter ó tempo ca esa a conexión por Cerdedo, así espero e desexo. Coido que se debe falar dun plan de crecemento e desenvolvemento portuario, da mellora do litoral vigués, do plan do aeroporto, do metrotren. É dicir, temos moitas e moi variadas obras para escoller ou pedir que se inclúan no Plan Galiza.

¿Seremos quen de chegar a un consenso sobre o que se ten que facer? Nesta Corporación visto o visto coido que é difícil e insisto en que falemos máis tarde diso, dos temas urbanísticos en xeral e de infraestructuras, pero ó mellor no CES si nos poñemos de acordo e ó mellor nos axudan a saír dos atrancos que nós fixemos.

Déixenme dicirlles que tamén hai un precedente histórico cando houbo un momento moi duro en Vigo que foi o da reconversión industrial. Foi moi duro porque había un asteleiro que a iniciativa privada a quen pertencía tíaño pechado e o Goberno de España daquela, para poñer as cousas no seu lugar, dixo que non se reabría. Pero foi duro manter aquel asteleiro pechado, foino social e economicamente. Daquela reuniuse o Consello Económico e Social e pediu unha serie de alternativas para axudar a que Vigo saíra daquel prexuízo económico e social que se lle producía e daquel consenso sairon froitos importantes. Ó mellor estamos diante dunha situación semellante.

Estou moralmente convencido de que se o Consello Económico e Social tomará unha decisión unánime sobre temas razoables concretos que pagan a pena de seren incluídos no Plan Galiza. Espero e confío en que a sensibilidade do novo Goberno de España atenda esa petición e os inclúa naturalmente e, por qué non o dicir, coa axuda inestimable, impagable e imprescindible neste caso dos socialistas aquí, claro está.

Esa é a pretensión da moción e velaí por qué a propoño, compañeiros da Corporación.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Nós imos apoiar a moción, non tanto pola exposición de motivos nin pola intervención do seu relator, senón porque non está mal o que redundo.

Xa houbo un Consello Económico e Social convocado na anterior Corporación por quen fora Alcalde daquela no que se suscitou un debate sobre os investimentos que Vigo precisaba incluír no Plan Galiza, houbo unha resolución do Consello Económico e Social cunha relación de liñas de actuación a demandar das Administracións autonómica e central, mesmo houbo un acordo plenario unánime nese sentido. Polo tanto xa hai, sen prexuízo da revisar e da redefinir, unha proposta do Consello Económico e Social de hai un ano, menos se cadra, aprobada por unanimidade pola Corporación e transmitida ó daquela Presidente do Goberno e ó daquela Ministro de Fomento por escrito e tamén polo daquela Alcalde en persoa cando o Sr. Álvarez

Cascos veu a Vigo. Polo tanto non é malo convocar o Consello Económico e Social para avaliar qué se fixo con iso e en todo caso volvelo propoñer.

Tamén e para que lle quede claro ó Sr. Soto, a nosa posición sobre o Plan Galiza segue sendo a mesma de sempre. Daquela nin había actuacións para Vigo, nin moitas das actuacións deseñadas para Galiza estaban orzamentadas. En todo caso a nosa posición actual sobre o Plan Galiza é veren qué se plasma nos orzamentos e corrixir as diferencias do Plan no momento da súa elaboración polo anterior Goberno central.

Polo tanto nós coidamos que si é necesario, logo do desastre do Prestige, unha actuación compensatoria para Galiza por parte da Administración central e da Administración autonómica que non sexa mera propaganda. Nós entendemos que antes coma agora desgraciadamente se está falando demasiado de algo que non ten substanciación, que se cadra se debería utilizar menos partidistamente algo que se chama Plan Galiza e definilo conxuntamente entre todas as administracións, orzamentalo e deixar de usar algo que podería ser bo por mor dun desastre coma un motivo propagandístico, partidario ou electoral.

A nós tanto nos ten quen estea no Goberno central, quen estea na Administración autonómica, quen nos gobernos locais, pero en todo caso si pensamos que logo do desastre do Prestige era necesario e segue sendo necesario un plan de choque para revitalizar moitos aspectos sociais, económicos e medioambientais de Galiza e este aínda está por chegaren.

Polo tanto todo o que abonde nese sentido non sobra e, como xa dicía antes, volver convocar o CES para facer unha avaliación do que acordou no seu momento e para facer unha avaliación global do que cada administración fixo dende aquela non sería malo. Se iso produce un pronunciamento do CES que poida seren asumido pola Corporación e transmitido pola Alcaldía-Presidencia, que é a quen lle compete, ós responsables políticos das administracións, sería algo co que nós estaríamos de acordo porque é o que sempre dixemos.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: É de moi agradecer a aclaración que acaba de facer o Voceiro do BNG porque nos situa temporalmente na dimensión real do problema que hoxe presenta o Voceiro de Democracia Progresista Galega.

Estamos ante unha demanda que non nace agora senón que se retrotrae no tempo ó momento no que se anuncian unha serie de investimentos para Galiza coma consecuencia do desastre do Prestige.

Polo tanto para nós coma Grupo político que representa tamén ó Goberno do Estado, é dicir, que formamos parte do mesmo Partido que goberna neste momento España, é de agradecer a confianza que entendemos que denota esta iniciativa súa, Sr. Soto, porque entendemos que vostede confía máis neste Goberno que no anterior na medida en que insta e reclama. Dígollo sen retranca e mesmo con cariño porque un mes logo da toma de posesión do novo Goberno vostede chámanos á Corporación a subscribir un acordo para que reclamemos para Vigo o que a Vigo non se lle deu no seu momento.

Non imos entrar falar, non coido que sexa o momento de facer o debate sobre a débeda histórica de Galiza, coido que o Plan Galiza debe ser un plan permanente no tempo e non unha acción puntual, aínda que se lle chame Plan Galiza a, digamos, unha priorización de necesidades que non se esgotan en si mesmas. Galiza precisa moitas accións para se situar en pé de igualdade coas rexións europeas máis desenvolvidas e non se rematan cun plan que se faga nin en tres nin en catro anos, pero evidentemente hai que establecer unha orde de prioridades e aí está xustificada a súa petición que xa se fixo, como moi ben dixo o Sr. Pérez Castrillo, no seu momento por parte da cidade de Vigo.

Polo tanto, coa confianza e coa ilusión posta no compromiso do actual Goberno con Vigo, sabendo que o Presidente do Goberno visitará Galiza moi proximamente coa mellor disposición para coñecer os seus problemas e tentar resolvelos, os membros da Corporación de Vigo, non só os socialistas, lembráremoslle ó Sr. Rodríguez Zapatero os compromisos que ten adquiridos coa nosa cidade, tentaremos que se emenden os non compromisos que anteriormente se teñen non suscritos con Vigo.

Polo tanto votaremos a favor da súa iniciativa.

SR. FIGUEROA VILA: Quero anunciarlles, Sr. Soto, señores membros da Corporación, que o CES está convocado xa para o luns día 6. No último CES quedouse en convocar todos os primeiros luns de cada mes para tratar temas importantes da cidade de Vigo e por suposto que se incluírán tamén todos aqueles temas relacionados con infraestructuras.

O próximo luns ás 6 da tarde está convocado un CES no que trataremos a súa moción e a proposta que se está facendo.

(No momento da votación está ausente a Alcaldía-Presidencia, polo que preside o Pleno o primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila. Tamén están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez, Pérez Castrillo e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción do voceiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, referente ós investimentos do Estado no chamado Plan Galicia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste escrito.

14.- (138).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE DPG SOBRE O PORTO DE VIGO E OS CÍTRICOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de maio de 2004, o concelleiro do grupo municipal de DPG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"O Ministerio de Agricultura e Pesca sacou o 30 de abril deste ano a Orde APA/1147/2004, que ten un artigo único, relativa ás importacións de froitos cítricos frescos orixinarios de Arxentina e Brasil.

Nesa orde indícase que eses froitos orixinarios dos países amentados poderán importarse e introducirse na Península Ibérica e máis en Baleares, sempre que se cumpran os requisitos que, a petición de España, se aprobaron polo Comité Fitosanitario Permanente da Unión Europea, a través de Decisión da Comisión Europea do 29 de abril de 2004.

Trátase de realizar controis rigorosos ós cítricos procedentes deses dous países e indícase que para poder facer ben os controis, débense limitar os Puntos de Inspección Fronteirizos (PIF).

A citada Orde concreta que serán os portos de Barcelona, Tarragona, Castellón, Sagunto, Valencia, Gandía, Cartaxena e Alxeciras os que contén con Puntos de Inspección Fronteirizos autorizados.

¿Por qué se exclúe ó porto de Vigo, cando ten tráfico deses cítricos e un PIF que conta con todos os requisitos comunitarios esixibles e por iso mesmo competente para facer as inspeccións que conveñan? ¿Teñen constancia no Ministerio de Agricultura e Pesca dos graves danos que se lle causan a algunhas empresas viguesas e por iso a Vigo con esta decisión?

Deixemos constancia de que a Autoridade Portuaria ven de montar un moderno PIF cun custo superior ós cen millóns de pesetas (100.000.000 ptas).

E conste tamén que témo-la información de que a Autoridade Portuaria de Vigo ten pedido, en varios escritos, que non se exclúa a Vigo como lugar axeitado para importación deses froitos, xa que no PIF do porto de Vigo cóntase con bos medios técnicos (xa dixemos que o PIF estreouse hai pouco), e con técnicos suficientes e competentes para faceren os labores de inspección pertinentes.

Tamén temos coñecemento de que ás empresas operadoras de importación de froitos que operan en Vigo, e algunha ten descargado máis de setenta mil toneladas (70.000 Tm) nos últimos anos, consideran que se lles infire un grave prexuízo coa tal Orde, ó tempo que un agravio comparativo con outros portos polas determinacións que contén. Mesmo algunha delas fixo investimentos en frigoríficos modernos para poder realizaren as operacións relativas á importación e comercialización de froitos frescos procedentes de Arxentina e Brasil.

A todo o anterior cómpre engadirlle o feito de que se algunha cidade española ten relación histórica coa Arxentina é a de Vigo, por razóns coñecidas de todos, incluída a propia Sra. Ministra de Agricultura e Pesca.

Quizais puido ocorrer que a unha Sra. Ministra que apenas acaba de chegar ó cargo alguén lle puxo a firmar un papel indebido, do que non se decatou a tempo. Por iso esperamos unha rectificación intelixente.

Consonte co antedito propoñemos:

Pedírlle á Sra. Ministra de Agricultura e Pesca que inclúa ó porto de Vigo como un dos oficialmente previstos para poder importar froitos cítricos frescos procedentes de Arxentina e máis de Brasil."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 24 de maio de 2004, quedou enterada do contido do anterior escrito.

O concelleiro do Grupo de DPG, Sr. Alonso Vázquez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: O tema é máis grave do que semella porque cando unha navieira ou unha consignataria manda un mercante para traer certos produtos que veñen de Arxentina ou Brasil a Vigo, non só trae laranxas ou limóns, senón que ademais trae outra carga. Se eses mercantes son desviados a portos do Mediterráneo, aínda que aquí se está falando de cítricos que tampouco é unha cantidade moi importante, pero si hai outra carga xeral que non se menciona que ven nos mesmos mercantes e prexudícase.

É triste porque realmente Vigo leva anos traendo isto e eu persoalmente teño cartas que se lle mandaron á Sra. Ministra nas que se lles di que Vigo conta perfectamente co pif axeitado para este tipo de mercadorías.

Á parte diso tamén podemos dicir que con esta Orde Ministerial posiblemente unha ou dúas empresas teñan que pechar as súas portas, non é que sexan de moita xente pero é unha cousa bastante grave, nós entendemos que é moi grave.

Por outra banda mandáronse cartas do propio Ministerio de Agricultura e Pesca, non da Xunta de Galiza porque se fose así poderíase pensar que estamos uns contra os outros, pero os veterinarios do propio Ministerio de Fomento mandaron unha carta dicindo que Vigo reunía todas as condicións.

Eu non quero pensar que empecemos con historias raras, nin que se diga que como xa non temos barcos non precisamos peiraos; non queremos empezar con esas historias, non serei eu quen o diga aquí pero xa o dixen.

A cousa está clara, queremos que por parte da Sra. Alcaldesa se lle pida urxentemente á Sra. Ministra que derroque esa Orde e que poidan vir a Vigo todos eses barcos, non só polos cítricos porque volvo dicir que os cítricos é unha carga minoritaria que, polos datos que teño eu, nos últimos anos foi de 70.000 toneladas que tampouco é moito, pero insisto novamente no tema de que unha navieira cando manda un mercante de Argentina ou Brasil a Vigo non trae 20 ou 40 toneladas, senón que ó mellor trae nas súas bodegas 500 ou 600 toneladas dependendo do cargueiro e todo iso vaise desviar ó Mediterráneo con todo o prexuízo para Vigo.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Manifesto o noso apoio á iniciativa do Sr. Alonso porque efectivamente, independentemente de que nós non consideramos que 70.000 toneladas sexa unha cousa insignificante, senón que é importante para o traballo de descargas no Porto de Vigo, compartimos algunha das cousas que acaba de comentar, que efectivamente as consignatarias que traen ese tipo de mercadorías non traen só cítricos de Argentina ou Brasil, senón outro tipo de mercadoría, moita dela tamén froita, e polo tanto desviarán esas descargas de Vigo ós portos do Mediterráneo que o Decreto do Ministerio de Agricultura considera como os portos acaídos para a recepción deste tipo de mercadorías.

Hai un dato que é que xa en anos anteriores o Porto de Vigo se víu desfavorecido ó eliminarse a descarga de banana, polo tanto que se continúe eliminando mercadoría do noso porto de Vigo preocúpanos porque isto pode

ter efectos a cachón, pode ser un efecto continuado de decisións sobre todo cando, como neste caso, se formula unha cuestión de inspección sanitaria porque se di que eses portos do Mediterráneo van ter esa Inspección fitosanitaria que se precisa para os cítricos.

Dicir que se efectivamente ós cítricos de Argentina ou Brasil nalgún momento detectóuselles algún tipo de deficiencia sanitaria foi precisamente pola Inspección existente no Porto de Vigo e polo tanto iso manifesta que a inspección que existe está en boas condicións.

De todos os xeitos quen ten a responsabilidade de que a inspección fitosanitaria funcione axeitadamente no Porto de Vigo é o Ministerio de Agricultura e en definitiva o Goberno central. Por tanto se algunha necesidade de reforzo desa inspección se precisa no noso Porto é o Goberno quen o ten que dotar deste servizo.

Entendemos que este Concello se debe posicionar en favor dunha iniciativa destas características porque dende logo non podemos permitir que o noso Porto perda carga de traballo como é neste caso a perda deste tipo de mercadoría.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: En primeiro lugar quero destacar a nosa coincidencia co Grupo de Democracia Progresista Galega na preocupación polo presente e o futuro do Porto de Vigo.

Sinxelamente semella que ó mellor pode haber un certo desenfocamento na gravidade dos feitos que nos presentaba o Sr. Alonso e eu queredría poder achegar a información que dende o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación se nos facilitou a petición deste Grupo e que está á disposición de toda a Corporación porque non é unha información segreda, en todo caso nós demandámola. É unha información que obra en poder da Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo e polo tanto, como digo, está ó dispor de quen a queira ter.

En primeiro lugar que se saiba que esta restricción só afecta a esta campaña, só é para esta campaña, que nas tres últimas campañas non se produciu ningunha descarga de cítricos procedentes de Brasil e Argentina no Porto de Vigo e que no suposto de que haxa pretensión ou vontade por parte dalgún importador de traer cítricos de Argentina ou de Brasil, o único que ten que facer o Porto de Vigo é comunicarllo ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que dispoña as medidas de inspección que a UE

neste momento esixe e pódese facer. Isto está por escrito en poder da Autoridade Portuaria e téño nunha documentación que pedín.

Polo tanto sinxelamente querería chamar un pouco á vontade de todos para que non esaxeremos as reivindicacións cando non están xustificadas porque se facemos un discurso permanentemente catastrofista de abandono dos intereses da cidade, cando realmente haxa unha cuestión moi moi importante, é probable que a nosa voz se escoite menos.

Gustaríame pedir que se calibre ó máximo este tipo de cousas porque logo de escoitar ó Sr. Alonso, que nos fala con ardencia e preocupación por este tema, que estamos ante un grave abandono, un grave prexuízo, ante algo moi lesivo para cuestións que como vemos realmente poden ter un encaixe perfectamente asumible por parte de todos. Cando mañá teñamos que demandar ante o Goberno central algunha reivindicación importante para o Porto de Vigo sería conveniente que estivera absolutamente xustificada, unha cuestión que realmente nos permita a todos poñermonos de acordo e ir cunha única voz ante o Ministerio.

Por iso o noso Grupo vaise abster, valorando positivamente que calquera Grupo desta Corporación nos pida todo o seu apoio para demandar reivindicacións xustas para esta cidade, pero tamén querendo deixar constancia que nos parece que neste caso hai razóns que nos permiten considerar que é unha cuestión absolutamente, non me atrevo a dicir que menor, pero perfectamente asumible.

SR. FIGUEROA VILA: Logo da intervención da Sra. Porteiro a nós loxicamente preocúpanos máis o tema porque que se diga que esta é unha cuestión menor, menor será para eles pero para as persoas relacionadas con este sector porque aí hai varios representantes e varias familias que supoño que logo das palabras da Sra. Porteiro estarán preocupadas. É dicir, se para vostedes o único que é importante nesta cidade son temas que poidan ter trascendencia mediática ou cuestións que saian fóra da normalidade alá vostedes, para nós si que é importante.

Sobre todo e recollendo unhas verbas do Sr. Alonso, eu estou totalmente convencido, dígoo sinceramente, de que a Sra. Espinosa, coñecendo perfectamente o Porto de Vigo, tendo unha sensibilidade especial con Vigo, vivindo en Vigo e tendo unha relación directa con Vigo, ela non valorou ese escrito e alguén púxollo enriba da mesa para o asinar sen se dar conta, porque senón só por unha cuestión de forma estou totalmente convencido de

que non o asinaría porque se vostede di que é unha cuestión tan menor... Eu coido que unha Ministra que acaba de tomar posesión, á súa cidade, a cidade na que ela vive, na que ela ten a súa implantación, nunha institución que ela presidiu durante moitos anos, estou totalmente convencido de que non asinaría ese Decreto se fose unha cuestión tan menor como vostede di.

Polo tanto nós o único que pedimos é que se rectifique por parte da Sra. Ministra, coa mellor intención porque repito de novo que estamos totalmente convencidos de que alguén do seu equipo, por cuestións puramente técnicas que ó mellor non valorou demasiado, púxolle ese Decreto á firma. Se ela dérase conta da repercusión que poidera ter para un sector tan importante da nosa cidade, estou totalmente convencido de que non o asinaría. Ademais dígolles que estou totalmente convencido de que vai rectificar aínda que o fará do xeito que considere máis conveniente.

Nós imos votar a moción do Sr. Alonso con estas matizacións pero, Sra. Porteiro, coido sinceramente que a súa argumentación de hoxe carece de calquera tipo de contido e base para a poder atender.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Digo de corazón que sabía que coma mal menor se ían abster, sempre pensei que ían votar en contra.

Pero lles digo que unha Orde Ministerial é unha Orde Ministerial. Vostede está dicindo que se é unha cousa leve e todo o que queira. Iso véxoo ben, pero cando sae unha Orde Ministerial, sabémolo todos sobre todo os que vivimos do mar, corta polo san, é o bo que teñen que cortan a perna o non polo fémur; sabemos todos o que son as Ordes Ministeriais e esta haberíaa que revogar porque Vigo reúne as condicións sanitarias para poder importar os cítricos de Brasil e Argentina, e reúneas porque persoalmente pedímolos nós a través da Confraría cunha carta ó Ministerio de Agricultura, non á Xunta, senón a Madrid, e os veterinarios dixeron que si, que reúne as condicións. Se se precisa facer algunha outra cousa que se faga pero esa Orde Ministerial está marxinando completamente ó Porto de Vigo, véxao coma o vexa vostede, eu teño ese punto de vista e tamén o colectivo onde vivo e estou todos os días. Todas as Ordes que veñen contra a pesca son tallantes, son guillotinas que van ó pescozo, Sra. Porteiro, e non hai outro xeito do pensar.

Por iso penso que a solución é sacar outra Orde Ministerial abolindo esa, dicindo que Vigo é un porto que está cualificado para importar cítricos, outra cousa é que o faga ou non pero que non teña que seren o Porto de Vigo

quen lle diga a Madrid se pode traer catro laraxans e tres limóns, non, que Vigo poida traer os limóns e laranxas que queira porque senón Vigo está marxinado e é falar máis do mesmo porque non sei que ten Vigo que todo o mundo está en contra de nós por activa ou por pasiva, eu non teño nin idea de urbanismo e diso non quero falar, pero nos cortan ata por isto.

A Orde ten que dicir que Vigo pode importar cómo, cándo e ónde queira os cítricos reunindo sempre as condicións sanitarias e Vigo tenas, preocupeime persoalmente de saber se as tiña e tenas. Entón non acabo de entender sinceramente o por qué. Que se diga que a Autoridade Portuaria faga unha solicitude ó Ministerio... Os consignatarios que traen os grandes barcos a Vigo non están a esperar que a Autoridade Portuaria de Vigo, de Algeciras ou de calquera outro porto estean resolvendo os problemas, eles cando fletan unha carga saben que en España hai unha Orde Ministerial que di que ó Porto de Vigo non a poden levar e entón que teñen que ir a Sagunto, Tarragona, Barcelona, Gandía, Valencia e coas laranxas e limóns mandan carne, bananas e outros froitos. Todo iso, como dicía a Sra. Fernández con toda a razón, prodúcelle un prexuízo a Vigo. E non quero dicir eu o que dicía vostede, Sra. Fernández, que 70.000 toneladas me semellan poucas; como se é unha tonelada, é un posto de traballo que está a dar aquí e son moitas. Claro está que dentro da carga xeral que Vigo está recibindo non é unha cantidade moi grande, pero é moi importante porque hai dúas empresas que viven unica e exclusivamente diso.

Reitero de novo que a Autoridade Portuaria non ten que facer solicitudes e compartimos o que dicía o Sr. Figueroa, coidamos que no Ministerio lle meteron o papel á Sra. Espinosa e ela asinouno. Acaba de entrar e mire vostede qué inauguración tivo.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Se me permite a Sra. Presidenta vou dar lectura á información remitida polo Ministerio de Pesca, Agricultura e Alimentación á Autoridade Portuaria, Sr. Figueroa, é dicir é algo que está en coñecemento do Sr. Presidente da Autoridade Portuaria e, segundo as miñas novas, conta coa súa conformidade, polo tanto entendo que serán explicacións válidas e non intrascendentes coma vostede quería facer ver manipulando nalgunha medida as miñas palabras.

En primeiro lugar clarexar que non é que a Vigo se lle saque de algo, senón que non se lle inclúe nalgo que se crea, primeira cuestión.

Di a comunicación que se lle fai por parte do Ministerio á Autoridade Portuaria: "Contesto ó seu escrito de 7 de maio pasado no que se solicita a inclusión do Porto de Vigo como "Punto de Inspección Fronteriza" o que se coñece como PIF, autorizado para a introducción de froitos cítricos frescos orixinarios da Argentina e Brasil. Quero en primeiro lugar informarlle que a limitación dos puntos de entrada para estas importacións, establecida no punto 2 da Orde que se cita, só se aplicará mentres estea en vigor a decisión da comisión que se cita na mesma. En base ó anterior o seu efecto será limitado dado que a decisión estará vixente para unha soa campaña de importacións (un soa campaña). Por outra banda, diversas causas motivaron a selección dos portos autorizados en primeira instancia pola Orde Ministerial, tendo en conta que se trata dunha campaña sometida a especial vixilancia e seguimento a nivel da Unión Europea, de acordo co disposto na Decisión da Comisión que establece medidas de emerxencia fitosanitaria de carácter transitorio. Factores coma a proximidade a laboratorios de referencia onde enviar e analizar as mostras, entroutros, tiveron que seren considerados. O outro factor de importancia foi, no ánimo de causar o menor prexuízo posible ós operadores, ter en conta a estatística de importacións de cítricos frescos orixinarios de Argentina e Brasil nas últimas campañas, de xeito que ningún porto a través do cal se teñan realizado importacións destas mercadorías e destas orixes nas tres últimas campañas quedaran excluídos da lista.

De acordo coas informacións que temos o Porto de Vigo atópase nesa situación. (É dicir, que nas tres últimas campañas non se produciu ningún tipo de importación desas mercadorías). Tendo en conta todo o anterior semella en principio pouco probable que se poideran producir nesta campaña prexuízos a operadores que importan a través deste Porto que, por outra banda, coñecemos que conta cun PIF moderno e coas dotacións e infraestructuras necesarias. Por iso, en caso de que se prevexa a chegada a ese Porto de cítricos frescos de Argentina ou Brasil, esta Dirección Xeral precisará coñecer por escrito e con antelación a solicitude cos datos correspondentes ó envío de que se trata e data de chegada do mesmo ó obxecto de proceder á súa autorización e prever os medios técnicos e de inspección necesarios".

Polo tanto insisto en que nos semella que a nosa posición en absoluto é maximalista, entendo que é unha posición razoada pero en todo caso respectamos absolutamente a súa iniciativa. Sinxelamente nos imos abster.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Calviño Rodríguez e a Sra. Polo Lima).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezoito votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Soto Ferreiro, Toba Girón e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Punte, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Alonso Vázquez, sobre o porto de Vigo e os cítricos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (139).-MOCIÓN DO CONCELLEIRO, D. AMADOR FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A TERCEIRA FASE DO PASEO DO LAGARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de maio de 2004, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"O Plan Especial de Saneamento Integral de Vigo do ano 1987 (PESIV) e máis concretamente os plans especiais de protección e recuperación do entorno do río Lagares de 1998, fixeron posible iniciar a recuperación das ribeiras do río.

A demostrada aceptación, demanda e utilización do paseo do río Lagares, tanto na 1ª fase dende ás rúas Citroen/Olímpicos ata a Xunqueira, como na 2ª de Val Miñor ata a estrada de Madrid, toda ela no canle baixo do río, fai necesario continuar cara ó leste, canle medio, para devolver ós veciños esta zona, a menos coñecida e con grande presión industrial nas súas ribeiras. A recuperación do entorno do río na parte central de Lavadores, dende a estrada de Madrid a Severino Cobas (muíño do ruso) é a máis factible, máxime cando no tramo que propoñemos o Concello ten varios terreos xa cedidos.

Por todo o exposto propoñemos a adopción dos seguintes acordos.-

1.- Iniciar o expediente para a realización dos proxectos necesarios para a construción da 3ª fase do paseo do Lagares entre a estrada de Madrid e Severino Cobas.

2.- Estudar as melloras necesarias para as fases 1ª e 2ª."

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 24 de maio de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Esta proposta que lles fago está baseada nalgo que o tempo se encargou de demostrar que era bo, é que os plans especiais de recuperación e de protección do contorno río Lagares fixeron posible que esta protección e esta recuperación se inciasen no mandato anterior e que realmente non rematasen.

De todos é sabido que as competencias das concas vertentes é de Augas de Galiza pero, se algo podemos dicir alto e con claridade, é que as obras en Vigo se poden facer. Ese "San Benito" que dicía que en Vigo era imposible facer obras rematou, as outras administracións poden perfectamente asumir os compromisos e facer as obras posto que o Concello de Vigo en todo momento vai facilitar esta realización.

Digo isto porque na segunda fase hai uns contornos que quedaron a medias como é o Polígono Industrial de Miraflores, aínda que a xente pode pasar posto que o dominio público nolo permite, pero que coidamos que o treito que agora propoñemos como terceira fase e eminentemente urbano, ten unhas zonas extraordinarias, quizais é o gran descoñecido para algúns que mesmo viven perto del. Digo isto porque tanto a zona do Calvario coma a da avenida de Madrid poderían perfectamente disfrutar, augas enriba do río Lagares, deste contorno extraordinario como é o da zona de Naia ata o Muíño do Ruso que é unha zona verdadeiramente espectacular e a recuperación do río está permitindo disfrutar do seu contorno.

Polo antedito a miña proposta é clara: Tendo dous treitos que foron moi laboriosos pero están feitos, propoñemos que os acordos que tomemos hoxe, se así o consideran os corporativos e corporativas, nos permitan continuar cun traballo que xa se dilatou moito no tempo, pero é que as cousas cando se empezan teñen sempre un fin, de non se empezar poderemos estar falando sempre do mesmo.

Por iso o acordo que lles propoño é bastante claro, é iniciar un expediente ou negociación, como lle queiran chamar, para a realización dos proxectos necesarios para a construción da terceira fase do río Lagares entre a

Estrada de Madrid e Severino Cobas e estudar as melloras necesarias para as fases primeira e segunda. Na exposición que fixen anteriormente xa dixen que algúns treitos non se remataron totalmente, precisamente os chamados carril-bici.

É fácil que isto o asuma o organismo competente que ten a responsabilidade de velar polos ríos e o Concello facilitar os terreos, como non pode ser doutro xeito, para poder facer estas obras.

Coido que o Lagares está tendo un trato especial no Plan Xeral, e ese trato especial que todos estamos dispostos a lle dar nos permite afirmar que calquera actuación que alí se faga será o suficientemente importante e de agradecer por todos os cidadáns desta cidade porque o disfrute que se está facendo do contorno en todo o ano así o está a demostrar.

Polo antedito espero o apoio a esta moción e non dubido que o río Lagares seguirá tendo esa grande recuperación que ós poucos estamos a facer por el todos os vigueses. Moitas gracias.

SR. BARROS PUENTE: O Partido Socialista coincide coa apreciación do Voceiro do BNG no sentido de que todos os esforzos para que Vigo cumpra un primeiro acto dunha cidade civilizada que cuida deste patrimonio natural. Todas as cidades que fixeron algún esforzo para se acreditar diante da opinión pública, tanto mundial coma a da propia cidade, fixeron esforzos extraordinarios para que o río que atravesan as súas cidades teñan un tratamento especial e exquisito.

Como vin os patos que agora aniñan nas beiras do río Lagares e que con frecuencia cruzan a cidade cunha grande ousadía, coincido co Sr. Fernández en que as actuacións que se foron facendo no río están coroadas polo éxito. Nós felicitámonos diso como non podería ser menos e coido que nestas cousas a persistencia é o único xeito para que a propia opinión pública obrigue ás industrias que se establecen nas beiras do río estreman os seus coidados para que realmente a recuperación do Lagares non sexa un acto de fe política, nin siquiera de vontade, senón que sexa un esforzo realmente compartido pola totalidade da cidadanía.

Hoxe é moi refrescante ver ós cidadáns paseando á beira do Lagares. Eu lembro que cando estaban feitos os "affiches" que anunciaban o Plan dicíase que si que era un plan, que iamos recuperar o Lagares, pois efectivamente estamos convertendo o antigo camiño de Silga nun paseo extraordinario no

que toda a cidade se pode mirar nun espello pola preocupación que Vigo ten polo río. Moitas gracias.

SR. IGLESIAS CARRERA: Coido que é unha boa moción como sempre son as do Sr. Fernández, sempre tan pendente do medioambiente.

Non só debemos apoiar iso, senón que mesmo debería saír daqui unha comisión para facer un percorrido por todo o Lagares porque estou convencido de que dos vinte e sete que estamos aquí poucos o coñecen, ou mellor dito, hai algún que non o coñece.

Tamén ó mellor algún non coñece a cantidade de empresas que verten alí porque o río Lagares non é un río vertebrador medioambiental no que un poida lecer nas súas marxes, senón que en realidade na historia de Vigo da a impresión que todas as empresas foron medrando nas súas beiras para botar alí todo o que moita xente ó mellor bota.

Sería bo que poideramos que ó igual que en bicicleta, poideramos ir andando e percorrendo ese camiño. Gracias, Sr. Fernández.

(No momento da votación están ausentes as Sras. Graña Barcia e Porteiro García e os Sres. Calviño Rodríguez e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, instando a iniciación de expedientes para realizar proxectos de construción da 3ª fase do paseo do río Lagares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (140).-MOCIÓN DA CONCELLEIRA, D^a M^a XOSÉ MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE ACCESIBILIDADE NOS APARCADORIOS PÚBLICOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de maio de 2004, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"A accesibilidade integral para as persoas con discapacidade, que conleva a eliminación de barreiras urbanísticas, do transporte e da comunicación, é un dos maiores retos con que hoxe se enfronta esta sociedade chamada do benestar. Este reto consiste en abordar unha arquitectura e un urbanismo accesible, un transporte público ó alcance dos cidadáns con mobilidade reducida e unha comunicación que tamén chegue ás persoas con deficiencias sensoriais.

O artigo 49 da Constitución encoméndalles ós poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade. A mellora da calidade de vida de toda a poboación, especialmente das persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación, convértese nun dos obxectivos fundamentais da actuación pública desenvolvida na Lei 13/1982.

Por outra banda a Lei 8/1987, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 4 que fala de niveis de accesibilidade, no que se refire a aparcadoiros, regula que as prazas reservadas a persoas con discapacidade deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Deberán ter unhas medidas de 3,5 x 5 metros no caso das prazas adaptables e 3 x 4,5 metros nas prazas practicables.
- Estar debidamente sinalizadas co símbolo internacional e coa lenda "Praza reservada a persoas con discapacidade".
- Os accesos deberán comunicar cun itinerario peonil adaptado ou practicable.
- A reserva mínima de prazas en aparcadoiros con ata 200 prazas contempla unha praza por cada 40 ou fracción; en aparcadoiros de 201 a 1000, unha praza adaptable por cada 100 ou fracción; nos que teñan entre 1001 e 2000, unha por cada 200 e así sucesivamente.

Aínda que nos últimos anos se lle deu un bo impulso por parte deste Concello a esta Lei de accesibilidade, queda moito por facer.

Así no que respecta ós aparcadoiros públicos, léase rúa Venezuela, Praza de Fernando O Católico, Praza de Portugal..., incumpren toda a normativa ó respecto. En ningún destes aparcadoiros se cumpren as medidas establecidas, están mal sinalizadas tanto vertical como horizontalmente, están situadas nalgúns casos lonxe do acceso ó aparcadoiro e en localizacións que dificultan a súa utilización ás persoas que precisan de cadeiras de rodas. Ademais, o número de prazas reservadas non se corresponde en ningún aparcadoiro co establecido pola Lei de Accesibilidade.

Este incumprimento da normativa por parte dos aparcadoiros públicos é extrapolable ós privados, nos que nalgúns casos nin tan sequer existen estas prazas reservadas.

Por todo isto propoñemos a esta Corporación que adopte os seguintes acordos:

- 1.- Obrigar ás empresas concesionarias dos aparcadoiros públicos a poñer en marcha de forma inmediata e no prazo que estableza esta Corporación, as medidas necesarias para que se aplique a normativa vixente recollida na Lei

de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Instar á Xunta de Galicia como administración responsable a que se faga cumprir a Lei por parte dos aparcadoiros privados."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 24 de maio de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A accesibilidade integral para as persoas con discapacidade que conleva a eliminación de barreiras urbanísticas do transporte e da comunicación, é un dos maiores retos que ten hoxe esta sociedade chamada do benestar. Este reto, como todos sabemos, consiste en abordar unha arquitectura e un urbanismo accesible, un transporte público ó alcance das persoas con mobilidade reducida e unha comunicación que chegue tamén a esas persoas con deficiencias sensoriais.

Todo isto, como todos e todas saben, xa se contempla no artigo 49 da Constitución no que se lles encomenda ós poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade.

A mellora da calidade de vida de toda a poboación e especialmente das persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación convértese así mesmo nun dos obxectivos da Lei de actuación pública, Lei 13/1982.

Por outra banda na Comunidade autónoma de Galiza a Lei 8/97, de 20 de agosto, concretamente no seu artigo 4 fala dos niveis de accesibilidade e no que se refire ós aparcadoiros regula as prazas reservadas ás persoas con discapacidade que deberán cumprir os requisitos que a seguir expoño.

Dise nesa Lei, concretamente nese artigo, que deberán ter unhas medidas de 3,5 x 5 metros no caso das prazas adaptables, e de 3 x 4,5 nas prazas practicables. Dise así mesmo que deben estar debidamente sinalizadas co símbolo internacional e coa lenda "praza reservada ás persoas con discapacidade", que o acceso deberá contar cun itinerario peonil adaptable ou practicable. Tamén fala do número de prazas que debe ter o aparcadoiro e así se di que nos aparcadoiros de 200 prazas se debe contemplar unha praza por cada 40 ou fracción, que se é de 201 a 1000 se debe contemplar unha praza por cada 100 ou fracción, e que se é de 1001 a 2000 se debe contemplar unha praza por cada 200 ou fracción, e así sucesivamente.

Todo isto é o que nos di a Lei de accesibilidade e nós temos que recoñecer que nos últimos anos este Concello fixo un grande labor en canto ela. No

último ano vimos coma medraban os aparcadoiros reservados en superficie e coido que todos e todas nos temos que felicitar porque é un logro, tamén nos temos que felicitar cando acadamos algo así. Pero isto non chega, a Lei de accesibilidade é algo que está aí e que seguemos a ter que cumprir.

No que respecta ós aparcadoiros públicos, léase o de rúa de Venezuela, Praza de Fernando El Católico, Praza de Portugal, etc., se vostedes cursan unha visita por eles verán que incumpren toda a normativa ó respecto. En ningún se cumpren as medidas establecidas, están mal sinalizados tanto vertical coma horizontalmente e nalgúns casos (eu diría que en case todos porque me tomei a molestia de ir a todos) están situadas as prazas xusto na última esquina, onde ó mellor quedaba un oquiño para a meter. Maxínense o que supón para unha persoa con discapacidade que precisa da cadeira de rodas ir á última esquina do aparcadoiro e abrir a porta e ás veces nin siquiera ter facilidade para iso porque está apegada á parede.

Falando dos aparcadoiros antigos (isto non é aplicable ós que se realizaron no penúltimo e último ano) ningún cumpre o referente ó número de prazas que establece a Lei de accesibilidade. Se pasamos polos aparcadoiros privados iso xa non ten nome, a inmensa maioría non ten nin siquiera prazas, xa non é que estean mal situadas ou sinaladas, senón que non teñen prazas.

Coido que esta Corporación debe tomar medidas ó respecto e por iso propoñemos os seguintes acordos: "Obrigado ás empresas concesionarias dos aparcadoiros públicos a poñer en marcha de xeito inmediato e no prazo que estableza esta Corporación, as medidas necesarias para que se aplique a normativa vixente recollida na Lei de accesibilidade e de supresión de barreiras da Comunidade Autónoma de Galiza. Así mesmo instar á Xunta de Galiza coma administración responsable a que se faga cumprir a Lei por parte dos aparcadoiros privados. Moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: Primeiro, estou absolutamente de acordo coa proposición da Sra. Méndez tal e como a fai. Sinxelamente recomendo, Sra. Alcaldesa, é unha recomendación ó fío deste debate, que ó tempo que se fai o que di a moción que se faga unha inspección a eses aparcadoiros porque coido que ademais e en xeral están nun estado absolutamente lamentable, unha inspección que leve o obxectivo claro de que se cumpran as disposicións que se dixeron con anterioridade e os requirimentos da Xunta de Goberno Local que é quen ten competencia neste tema para adecentar os aparcadoiros en xeral, chan e paredes, e tamén por suposto co obxecto principal da moción.

Eu non digo que se faga nada, nin fago emendas, é unha recomendación que lle fago á Sra. Alcaldesa ó fio deste debate de que se vaia ó rescate da concesión dun xeito fulminante, basta de intereses raros e espúreos que realmente non obedecen ós obxectivos que no seu día se quixo marcar outra Corporación e que a actual debe defender que é ter uns aparcadoiros que servan decentemente ós cidadáns en xeral. Moitas gracias.

SRA. ALCALDESA: Só clarexar que na Xunta de Voceiros quedamos en revisar o control dos aparcadoiros.

SRA. SIO LOURIDO: Nós imos votar, por suposto, a favor desta moción coma non podía ser doutro xeito en cuestións coma esta que teñen que ver cun colectivo concreto, que afectan a unhas persoas que precisan de apoio nas súas xustas reivindicacións. Temos que estar de acordo todos os Grupos municipais e é necesario reiterar e insistir constantemente en cuestións coma esta.

Xa no anterior Goberno se requiriron das concesionarias prazas para discapacitados porque nalgúns aparcadoiros non existían e hai que seguir reiterando e persistindo nestas cuestións que son de xustiza, haino que facer porque non só nos aparcadoiros, senón noutras cuestións urbanísticas fixéronse reivindicacións á Xerencia e ó final semella que todos nos esquecemos que cando por exemplo se planifican espazos hai que pensaren nas persoas con discapacidade.

Gustaríame pedir a este Goberno un pulo máis decidido e forte en todo o que ten que ver coa accesibilidade, unha maior visibilización dos colectivos que traballan a través dos órganos de participación que, aproveitando que o Grupo do BNG introduciu esta moción, podo dicir que están sendo menos visibles e a eles tamén lles corresponde o protagonismo nestas cuestións.

SR. COELLO BUFIL: En primeiro lugar, coma representante do Goberno, hei manifestar ante a moción presentada pola Sra. Méndez Piñeiro no nome do Grupo municipal do BNG, tanto a ela coma ós demais Grupos, a nosa conformidade coa moción en canto á necesidade de que os aparcadoiros públicos e privados cumpran as normas en vigor sobre accesibilidade.

Como vostede ben dixo, o artigo 49 da Constitución encomenda ós poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e

psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiran e amparán especialmente para o disfrutamento dos dereitos que o Título I da Constitución outorga a todos os cidadáns.

De acordo con esta declaración marco e circunscribíndonos á lexislación autonómica en vigor que vostede citou, Lei 8/1997, de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galiza, así como ó Regulamento de desenvolvemento e execución, aprobado por Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, foi e é prioridade deste Goberno a accesibilidade integral que comporta a eliminación das barreiras urbanísticas da edificación en cidades e no transporte e comunicación.

Nese sentido, e aínda que xa o adiantou a Sra. Méndez, comunícolles que nos 5 meses de Goberno, dende a Concellería de Mobilidade e Seguridade incrementáronse sensiblemente as prazas de aparcadoiro en superficie, nestes momentos 240, reforzándose en sinalización non só en vertical, senón en horizontal. Ademais estou en disposición de lles anunciar que por primeira vez o transporte colectivo urbano, VITRASA, incorporará a partir deste ano as ramplas de accesibilidade, carrozándose na actualidade 12 unidades que entrarán en servizo este ano, e manténdose esa obrigatoriedade en anos sucesivos. Tampouco quereda esquecer os dous eurotaxi que entraron en servizo no primeiro trimestre deste ano e perdoen vostedes esta observación.

Volvendo en "strictu sensu" ó obxecto da moción da Sra. Méndez, coido que sería conveniente, e tamén o dixo así o Sr. Soto, que por parte dos servizos técnicos municipais se efectuara un estudo rigoroso sobre o grao de cumprimento nos seguintes termos: ¿Teñen ou non prazas reservadas? Caso de telas ¿cumpren coas normas de accesibilidade en canto a número e dimensións? ¿cumpren cos itinerarios accesibles? Caso de incumprimento teríamos que facer os requirimentos axeitados.

Para rematar, estou convencido que coa axuda de todos os Grupos, e felicito a iniciativa do BNG, acadaremos que a nosa cidade, Vigo, sexa un referente na eliminación das barreiras urbanísticas e da edificación, do transporte e da comunicación facendo unha sociedade máis xusta, máis igualitaria para todos, en definitiva, como vostede dixo, a accesibilidade integral. Moitas grazas.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Calviño Rodríguez, Fiqueroa Vila e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando a obrigar ás concesionarias dos aparcadoiros públicos a aplicar a Lei de Accesibilidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (141).-MOCIÓN DA CONCELLEIRA, D^a MARGARIDA MARTÍNS VILANOVA, DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, REFERENTE A DISTINTAS ACTUACIÓNS A REALIZAR NO ARQUIVO PACHECO.

INTERVENCIÓN DA SRA. ALCALDESA: Retírase pola Concelleira, Sra. Martíns, do Grupo político do BNG, esta moción referente a distintas actuacións a realizar no Arquivo Pachecho. Queda retirada non porque non pense traela noutro momento, senón porque coidamos que este é inoportuno e todos os Grupos queremos engadírmolos ó pésame á familia Pachecho.

A presente moción retírase da orde do día non someténdose a votación.

18.- (142).-MOCIÓN DAS CONCELLEIRAS, D^a M^a XOSÉ MÉNDEZ PIÑEIRO E D^a OLAIA FERNÁNDEZ DAVILA, INSTANDO Á XUNTA DE GALIZA NA DOTACIÓN DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA E OUTRA ASISTENCIAL PARA A ÁREA SANITARIA SUR DA PROVINCIA.

ANTECEDENTES.- As concelleiras do Grupo municipal do BNG, Sras. Méndez Piñeiro e Fernández Davila, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de maio de 2004, formulan a seguinte moción:

Dona Corrina Porro fixo ó inicio do seu mandato coma alcaldesa unhas declaracións nas que afirmaba que o Concello de Vigo contaría cunha nova ambulancia medicalizada, segundo lle conformara o conselleiro de Sanidade.

Despois destas afirmacións atopámonos que no novo concurso que saca a Fundación Pública de Urxencias Sanitarias 061 para o próximo mes de xullo - publicado no DOG do 6 de maio- de renovación deste servizo na nosa cidade, non só non se contempla a ambulancia medicalizada prometida senón que se reduce o servizo de ambulancias que neste momento existe.

Vigo conta actualmente cunha ambulancia medicalizada, que cubre toda a área sanitaria sur -tendo que se desprazar para prestar asistencia vital a outros concellos tan distintantes como A Cañiza, A Guarda, etc.-, catro ambulancias asistenciais 24 horas e unha asistencial máis de doce horas -de once da mañá a once da noite-.

A ambulancia medicalizada que agora está en servizo realiza perto de 2.000 asistencias ó ano (unhas oito diarias) e das saídas que fai anualmente caseque unhas 250 son para atender accidentados. Na zona urbana tarda unha media de dez minutos para prestar o seu servizo, pero precisa uns vinte en zonas rurais.

No novo concurso este servizo quedaría do seguinte xeito:

- Unha ambulancia medicalizada
- Tres ambulancias asistenciais de 24 horas.
- Tres ambulancias asistenciais de 12 horas.

Polo tanto, aínda que se incrementa en 2 ambulancias asistenciais de 12 horas, redúcese unha de 24, co que pode parecer que o servizo queda igual, pero o certo é que na franxa horaria de 0 a 10 horas, hai unha ambulancia menos.

Dado que as nosas averiguacións nos confirman a necesidade do servizo de ambulancias 24 horas, cando menos como é actualmente, e dado que neste novo concurso non se contempla unha nova medicalizada, entendemos que esta decisión, tomada polo Sergas, obedece máis a criterios mercantilistas que a criterios dun servizo eficaz e de boa calidade asistencial.

É necesario ter en conta que no que atinxe á ambulancia medicalizada existente, está a atender a toda a poboación da Área Sur Sanitaria, aproximadamente unhas 600.000 persoas, mentres que no resto das cidades de Galicia conta con esta mesma dotación, aínda que cunha poboación inferior - case que a metade-.

Polo exposto, e entendendo na necesidade urxente de incrementar e mellorar o servizo de ambulancia no Concello de Vigo, preséntase a seguinte moción:

Instar a Xunta de Galicia a:

- 1.- Dotar dunha nova ambulancia medicalizada á Área Sur Sanitaria de Pontevedra.
- 2.- Dotar doutra ambulancia asistencia de 24 horas, a máis da agora existente."

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 24 de maio de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Presentamos esta moción porque logo de escoitar as declaracións da Sra. Alcaldesa desta Corporación a respecto do compromiso do Conselleiro de Sanidade con Vigo de dotar á nosa cidade dunha ambulancia medicalizada máis para o vindeiro ano ou no próximo servizo a concertar no 061, levámonos unha sorpresa que realmente nos preocupa moitísimo ó leren no DOG do 6 de maio as bases do concurso para a renovación do servizo do 061 co SERGAS dado que nestas bases non só non hai unha ambulancia medicalizada máis para a nosa cidade, senón que hai unha modificación mesmo nas ambulancias asistenciais porque as ambulancias que estaban a tempo de 24 horas, nestes momentos 4, pasan a 3 aínda que se incrementan 2 en tempo de 12 horas, pero aínda que isto semelle que pode ser un incremento de ambulancias resulta que nunha franxa horaria de 0,00 horas a 12,00 da mañá só temos unha ambulancia asistencial menos.

Pensamos, e coido que se esta Corporación e o Goberno local fai unha pequena análise das necesidades en ambulancias tanto asistenciais coma medicalizadas, darémonos todos conta de que realmente a necesidade de ambulancias asistenciais que precisamos en Vigo efectivamente require ese incremento de 2 ambulancias a maiores no tramo de horario de 12 horas, pero que ademais require un maior número de ambulancias asistenciais as 24 horas porque somos unha cidade cun número de habitantes o suficientemente amplo como para que isto se contemple deste xeito por parte da Consellería de Sanidade. Quero dicir que non só é un problema de habitantes da cidade, senón de necesidade de servizos destas ambulancias.

A respecto da ambulancia medicalizada o tema é moito máis grave porque esta cubre unha poboación de aproximadamente 500.000 habitantes, toda a área sanitaria sur de Pontevedra, mentres que por exemplo existe este mesmo servizo, unha ambulancia medicalizada, para unha área sanitaria norte que non chega ós 200.000 habitantes, ou poderíamos falar doutras áreas sanitarias ou cidades ás que están destinadas outras ambulancias que evidentemente non teñen os habitantes que ten a área sanitaria sur de Pontevedra. Ademais de habitantes esta área sur ten un número de quilómetros de densidade territorial que evidentemente, supoño que todo o mundo sabe, superan outras áreas sanitarias e concretamente a área norte de Pontevedra.

Polo tanto nós coidamos que, aínda que as declaracións que no seu momento fixo a Sra. Alcaldesa tiñan algunha correspondencia coas manifestacións do Conselleiro de Sanidade a respecto de dotar a Vigo dunha ambulancia medicalizada máis, entendemos que debe haber unanimidade nesta Corporación para lle esixir á Consellería de Sanidade que efectivamente dote á área sur sanitaria dunha ambulancia medicalizada máis e ademais tamén dunha ambulancia asistencial de 24 horas.

Poderíamos falar doutros problemas como os das condicións en que ese servizo se está a facer pero pensamos que nestes momentos a prioridade é acadar do Goberno da Xunta ese maior servizo para a nosa cidade e polo tanto non queremos desvirtuar este debate con outras cuestións que tamén nos semellan importantes e que teñen que ver coa atención das ambulancias da nosa cidade. Gracias.

SRA. SÍO LOURIDO: Compartimos a súa preocupación pola cuestión das ambulancias e pola deficiencia de recursos materiais e humanos que se detecta constantemente na área sur sanitaria de Galiza.

Esperamos que cara ó futuro e agora mesmo co tema das ambulancias e outros temas estas promesas que se realizan constantemente e que se refiren á nosa área sanitaria se convirtan en realidade e por iso apoiamos decididamente esta moción.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, eu pediría máis, pediría persoalmente que vostede non consinta que Vigo dea un paso atrás neste tema.

Por suposto que me engado ó contido da moción e ás afirmacións feitas pola Sra. Sío e quero confiar na súa capacidade de xestión neste tema, dende logo que debe ser unha proba de fogo para vostede. Non é de recibo, insisto, que recibamos peor atención da que tiñamos que tampouco era coma para dar chimpos porque se dixeramos que estabamos nunha situación extraordinaria e con excesos pois ben, pero hai datos que todos os Grupos temos porque coido que a todos nos visitou xente afectada e polo tanto os datos son bastante elocuentes. Nada máis que dicir, Sra. Alcaldesa.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: As modificacións do servizo que aquí se presentan e que se recollen no DOG do 1 de xullo prodúcense de acordo co aumento da demanda de transporte urxente na zona de Vigo, na zona sur durante o día, o

maior número de servizo de transporte sanitario urxente prodúcese durante o día diminuindo de xeito considerable nos traslados nocturnos.

De acordo con estas necesidades a partir do 1 de xullo situaranse seis ambulancias asistenciais nas horas de maior demanda que son as diurnas e tres ambulancias nas horas de menor demanda que son as nocturnas.

As ambulancias asistenciais ademais se poden medicalizar e na área sur de Pontevedra se incrementan en 2 ambulancias asistenciais máis, unha en Pontearreas e outra en Moraña porque se crea unha base nova a partir do 1 de xullo.

Ademais as decisións sobre a adscrición do servizo non son caprichosas ou arbitrarias, tómanse en base a criterios que se acordan na Comisión Técnica de Transporte da que forman parte un técnico en transporte e médicos adscritos ó 061. As propostas desta Comisión adóptanse segundo as informacións que se reciben ó longo dos 365 días do ano e desa Comisión e desa información propónse este acordo. Tamén hai que ter en conta que segundo as informacións e os datos que chegan e se producen ó longo de todo ese acordo pódese revisar segundo varíen as necesidades e as demandas do servizo.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDAS:

Aprobar a moción formulada polas concelleiras do Grupo municipal do BNG, Sras. Méndez Piñeiro e Fernández Davila, de instar á Xunta de Galicia para dotar á Área Sur Sanitaria de Pontevedra dunha nova ambulancia medicalizada, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA.- Fóra da orde do día hai varias mocións urxentes pero antes da lectura e votación da urxencia destas mocións, querería facer un rogo anticipado. Na Xunta de Voceiros acordamos que as mocións que viñesen a este Pleno estivesen dictaminadas, polo tanto coido

que debe estar xustificada a súa urxencia porque senón, as que non entran por unha vía entrarían pola outra e coido que sería un xeito de incumprir o acordo da Xunta de Voceiros.

Polo tanto rogo que todas as mocións urxentes que se traian a este Pleno, sexan realmente urxentes.

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE O CENTRO DE MENORES "FOGAR SAN PAIO" MANTEÑA A XESTIÓN PÚBLICA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de maio de 2004, o membro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formulaa seguinte moción:

"O centro de menores "San Paio de Vigo" (Hogar San Pelayo), de titularidade da Xunta de Galicia, recolle na actualidade a 47 menores nas situacións de tutela administrativa, garda e atención de día. Nestes momentos o centro xestiónase, mediante convenio, pola congregación relixiosa "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul", contando ademais cun cadro de persoal laboral da Xunta composto por 13 traballadores/as entre persoal educativo e de servizos.

Ante a renuncia, xa anunciada no curso pasado, da congregación que dirixe o centro, a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado anuncia oficialmente que a partir do 1º de setembro a organización Aldeas Infantiles SOS vaise facer cargo da xestión do centro e que o persoal educativo da Xunta, que accedeu ás súas prazas por concurso oposición, vai ser cesado nas súas funcións e se lle ofrecerán prazas de nova creación no servizo de menores da delegación provincial.

Diante desta situación temos que facer as seguintes consideracións:

- O único centro de menores de titularidade pública da bisbarra de Vigo que contaba con persoal educativo da Xunta quedará totalmente en mans dunha organización de ámbito privado.

- Esta medida deixará ós pais e nais, que por exemplo teñan solicitada unha garda rogada, sen posibilidades de opción en canto ó tipo de centro no que se vai levar a cabo a resolución.

- Como política social cara ós máis desfavorecidos non é de recibo encomendar a xestión dun centro de titularidade pública a unha organización sen que exista o control educativo e formativo duns profesionais da Xunta de Galicia con acreditada experiencia e solvencia. Mesmo sería un problema serio de imaxe educativa cara ós nenos tratados que esta organización, entre outros métodos, recade fondos instalando mesas petitorias por toda a cidade de Vigo.

- Por outra banda nos consta que na propia contratación laboral que realiza Aldeas Infantiles non se require ningunha titulación, experiencia nin coñecementos específicos.

Por todo o exposto este concelleiro presenta para a súa aprobación o seguinte acordo:

O Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a que o centro de menores "Fogar San Paio" manteña a xestión pública, garantindo o control educativo e formativo por parte dos profesionais que viñan desenvolvendo este labor e contratando, se fose necesario, a máis persoal coa debida experiencia e coñecementos para garantir a calidade dun servizo fundamental cara a atención dos nenos máis desfavorecidos."

(No momento da votación da urxencia está ausente o Sr. Calviño Rodríguez)

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Esta moción presentouse o día 20 de maio e non sabemos moi ben por qué non se introduxo na comisión informativa e por iso non aparece na orde do día. De todos os xeitos trátase dunha moción que fai referencia ó cuidado de nenos e nenas menos favorecidos desta cidade e a urxencia motívase porque hai unha decisión da Xunta de Galicia xa tomada que vai empezar funcionar a partir do 1 de setembro e cremos que é urxente que antes que remate o período escolar se trate esta moción e que o Concello e toda a Corporación poida ter unha posición unánime ante algo que nos semella tan problemático como é que o único centro de titularidade pública que atende a estes menores, poida quedarse sen tutela e sen xestión pública.

A PRESIDENCIA: Clarexar que estaba xa convocada a comisión cando entrou a moción.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, do vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Como dicía hai un momento preocupápanos tremendamente a atención e o cuidado educativo que se da ós nenos e nenas menos favorecidos na nosa cidade e na nosa bisbarra. O centro de menores San Paio de Vigo, o Fogar San Paio, moi perto de nós, acolle na actualidade a 47 menores na situación de tutela administrativa, garda e atención de día. Nestes intres este centro xestiónao a congregación relixiosa "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul", pero a máis disto conta cun cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia composto por trece traballadores e traballadoras, persoal que ademais reúne todos os requisitos e todas as condicións de titulación, de experiencia profesional, para desenvolver este labor; persoal que ademais tivo que optar a estas prazas e que pasou por un concurso oposición.

Coñécese por parte da Xunta de Galicia dende hai moitos meses que esta Congregación relixiosa anuncia a súa renuncia a seguir xestionando este centro e por parte da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, anúnciase oficialmente que a partir do 1 de setembro vai ser a organización "Aldeas Infantiles" quen se vai facer cargo da xestión deste centro, anunciando ademais que o propio persoal educativo de a Xunta que, como dicía accedeu ás súas prazas por oposición, vai ser cesado nas súas funcións e que se lle ofreceran prazas de nova creación no mesmo servizo de menores da Delegación Provincial.

Diante disto dende o BNG queremos facer varias consideracións. En primeiro lugar salienta que este é o único centro de menores de titularidade pública de toda a bisbarra de Vigo. Salienta tamén que non temos en absoluto nada en contra de Aldeas Infantiles, unha organización que aplaudimos e valoramos o seu traballo que ven desenvolvendo en atención precisamente destes menores. Pero nos parece que non se pode deixar en mans dunha organización privada, por moi ben que ista faga o seu labor, a atención ós casos de menores menos favorecidos, con problemas conxunturais familiares importantes, debe ser prioritaria de todas as administracións. Parécenos ademais que como política social cara ós menos favorecidos, non é de recibo que non exista ese control que pode garantir que a atención educativa, pedagóxica, psicolóxica e demais que reciben estes nenos non estea controlada nin xestionada por aquel persoal que demostrou pola súa titulación e polo seu facer que é o persoal máis capacitado para o levar adiante, entre outras cousas porque así o demostra a experiencia nestes últimos anos.

Pode haber mesmo problemas de imaxe de cara a salvagardar a confidencialidade e esta atención que se ten que facer sempre sen danar a propia imaxe e a propia educación de nenos e nenas. E digo isto porque este centro estaría xestionado, segundo a iniciativa da Xunta, por unha organización que entre outras cousas e porque ten que facelo así, para sobrevivir coma organización unha das súas fontes de financiamento é precisamente poñer mesas petitorias por toda a cidade de Vigo, o que nos parece moi ben pero que iso precisamente si pode danar a imaxe daqueles nenos que sexan tratados por esta organización.

Por todo isto presentamos esta moción para a súa aprobación.

SRA. SÍO LOURIDO: Imos votar a favor desta moción e no engadimos nada á intervención do Sr. Domínguez Olveira. Só unha cuestión que nos parece importante: Os temas de menores son moi delicados e este centro é o único que hai de titularidade pública na nosa cidade. A permanencia e o seguimento continuado dos menores por parte dunhas persoas de referencia, neste caso un persoal que leva traballando dende hai moitísimo tempo, é dunha importancia primordial. Digo polo que pasa nos servizos de menores nos que se cambia continuamente o persoal que está a traballar.

Parécenos importante que sega a ser de titularidade pública e é unha das cuestións que en ningún caso ou en casos moi excepcionais pode contar con persoal voluntario porque a profesionalización do persoal e os perfís dos que traballan cos menores é unha cuestión indiscutible dende o noso punto de vista e dende a experiencia na xestión dun tema social coma iste que determina moitísimo todo o que ten que ver coas problemáticas sociais que veñen a continuación.

Por suposto que en ningún caso discutimos a valía e o traballo da organización Aldeas Infantiles pero coidamos que neste caso a Xunta de Galicia sabía o que estaba a pasar co problema que presentaban as relixiosas deste centro e non pode deixar que se deterioren as cuestións ata este extremo para tomar unha decisión, senón que ten que atallar os problemas e facerse responsable de algo que é da súa responsabilidade.

SR. LOPEZ-CHAVES CASTRO: Tamén imos votar a favor pero quero sinalar que o Concello xestiona con entidades privadas moitas actividades con colectivos desfavorecidos ou sexa que tampouco sería unha novidade a xestión a traves dunha entidade privada, como poden ser ONGs, como pode ser en temas de

drogodependentes Alborada, San Vicente de Paul ou os Irmans Misioneiros e non creo que se poña en dúbida a posibilidade desas xestións.

Votaremos a favor pero a xestión a través de concertos con entidades que son ONGs é unha actuación que neste Concello levouse a cabo nos últimos anos,

(No momento da votación da moción están ausentes os Sres. Arias Moreira e Calviño Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, sobre instar á Xunta de Galicia a que o centro de menores "Fogar San Paio" manteña a xestión pública, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A XESTIÓN DUN LOCAL PARA INSTALAR A BASE NÁUTICA DA AGRUPACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de maio de 2004, os membros do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro e Sr. Domínguez Olveira, formulan a seguinte moción:

"No ano 1999 a Agrupación de Protección Civil de Vigo tiña un baixo nivel de participación do voluntariado en relación con etapas anteriores. Isto era debido, entre outras cousas á pouca atención que por parte do Concello se lle viña prestando.

Naquel momento o novo Goberno municipal decidiu intentar mudar esta situación interesándose polos problemas da Agrupación. Incrementáronse os orzamentos da mesma e decidiuse poñer en marcha unha reforma dos estatutos da Agrupación que permitiran unha xestión cun importante nivel de autonomía, se ben supeditada á estrutura municipal.

Estas medidas xeraron ilusión nos voluntarios e voluntarias e a nova directiva da Agrupación, democraticamente elixida de acordo cos novos estatutos, comezou entón un traballo de dinamización da mesma e de xestión de apoios externos o que, conxuntamente co apoio que se prestaba dende o Concello, deu lugar a que se incrementara o número de voluntarios e

voluntarias, así como de manterias (nova ambulancia, máis vehículos, nova lancha de salvamento...).

No primeiro semestre do ano 2003, co proxecto de construción do novo centro comercial situado nos terreos do edificio de Sanidade Exterior, a Autoridade Portuaria decidiu o derrubo das edificacións do entorno. Nun destes locais atopabase situada a Base Náutica da Agrupación, onde se gardaban as lanchas e material auxiliar que se utiliza para os servizos de vixilancia e salvamento, nomeadamente durante o verán nos servizos que se prestan nas praias do Concello.

A finais do ano pasado o local derrubouse tendo que ser retirado o material. Dende entón a súa maioría atópase no parque de Santa Cristina, o que dificulta enormemente a súa utilización.

De non se remediar esta situación de inmediato non se poderán prestar os servizos de praias o que representa un grave problema para o Concello xa que non poderá garantir o auxilio ós/ás bañistas, incumprindo ademais as condicións de concesión das bandeiras azuis e, por suposto, será un duro golpe para a Agrupación que viña traballando con moita ilusión e ve como o seu esforzo altruista e vocación de servizo non pode revertir na sociedade e non se ve debidamente apoiado dende a institución municipal.

Diante de todo o exposto estes concelleiros propoñen os seguintes acordos:

1.- Que se proceda de inmediato a xestionar un local que reúna as condicións para instalar a Base Náutica da Agrupación de Protección Civil con garantías de futuro, realizando as obras necesarias para o seu uso, así como a xestionar os puntos de atraque necesarios para as embarcacións.

2.- Que se proceda a realizar o mantemento das embarcacións para que estas estean nas debidas condicións de uso para realizar con seguridade a cobertura axeitada ós labores de vixilancia e salvamento este verán nas praias de Vigo."

(No momento da votación da urxencia está ausente o Sr. Calviño Rodríguez).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Esta é unha situación como a anterior que por falla de tempo non entrou na comisión pero está rexistrada o 21 de maio. A urxencia ven dada porque estamos practicamente a vinte días, como moito un mes, para que empece a época estival na súa maior concreción e hai un servizo fundamental para as nosas praias, para os nosos bañistas en en definitiva para a nosa cidade que é o servizo da Agrupación de Protección Civil, polo tanto pensamos que esta moción, que vai no sentido de facilitar que as medidas que se poidan tomar nesta Agrupación, composta unicamente por voluntarios e voluntarias, non as podemos deixar para o vindeiro Pleno cando esteamos xa inmersos na época estival. Daí a urxencia.

SR. ALONSO VAZQUEZ.- Eu solicitei antes ó Sr. Domínguez Olveira que era conveniente que a retirase para que falasen os grupos.

A PRESIDENCIA: Non a quere retirar. Votamos a urxencia.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con vintecatro votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e o voto en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA.- Non a podo retirar malia que efectivamente o Sr. Alonso comentoume unha serie de cuestións das que el quería falar e paréceme moi ben e está no seu dereito de o facer, pero non a podemos retirar porque repito que traela ó próximo Pleno sería facelo cando a época estival está xa comezada.

No ano 1999 a Agrupación de Protección de Vigo tiña un baixo nivel de participación do voluntariado en relación con datos e etapas anteriores. Nós cremos que isto naquel intre era debido entre outras cousas a que por parte do noso Concello non se lle viña prestando a atención necesaria.

Quero salientar aquí que a diferenza dalgúns outros Concellos, mesmo moi perto de nós, esta Agrupación de Protección Civil conta con todo o persoal exclusivamente voluntario. Son voluntarios e voluntarias os que están a desenvolver un servizo fundamental para as nosas praias, para os turistas que nos visitan e en resume para a imaxe dunha cidade que ten que non só dar o aspecto, senón que ten que mostrar os servizos necesarios que a leven a que a súa imaxe se poida traslar fóra da nosa cidade.

Naquel intre aquel goberno municipal que nos tocou presidir decidíu tentar mudar esta situación interesándose polos problemas da Agrupación. Así, naquela época incrementáronse os orzamentos da mesma, decidiuse poñer en marcha unha reforma dos estatutos que permitira unha xestión con máis autonomía aínda que loxicamente supeditada á propia estrutura municipal.

A verdade é que estas medidas xeraron ilusión nos voluntarios e voluntarias cunha nova dirección da agrupación que fora democraticamente elixida e que comezou un traballo importante de dinamización que se notou en seguida co incremento do número de voluntarios e coas axudas deste Concello tamén con incremento de materiais. Naquel momento, mesmo na última época dese mandato, dende o Concello tentouse de solucionar un problema que viña tendo lugar pola falla de locais máis axeitados e máis próximos á súa función e mesmo se estivo facendo un estudo da súa posible situación no contorno do complexo deportivo de Samil que por razón de cambio de lexislatura e de tempo non se puido concretar.

No primeiro semestre do ano 2003, cando se inicia o proxecto de construción do novo centro comercial situado nos terreos do edificio de Sanidade Exterior, a Autoridade Portuaria decidíu a derruba das edificacións do contorno. Nun destes locais atopábase situada a base náutica da Agrupación onde se gardaban as lanchas e material auxiliar que se utiliza para servizos de vixilancia e salvamento. A finais do ano pasado o local derrubouse tendo que ser retirado o material e dende entón e polos datos que nós temos, a maioría deste material atópase no parque de Santa Cristina o que loxicamente dificulta e vai dificultar moitísimo a súa utilización por unha cuestión de clara distancia xeográfica cos escearios nos que esta agrupación realiza as súas funcións.

Cremos que de non se remediar esta situación vai ser difícil que se poidan prestar os servizos de praias e isto vai representar un grave problema do Concello que mesmo pode incidir na concesión de Bandeiras Azuis para as nosas praias. Pero ademais cremos que pode ser un duro golpe e algo inxusto se non poñemos solución en torno á valoración que toda esta Corporación e a cidade de Vigo ten que facer deste impagable labor que desempeñan estes voluntarios e voluntarias.

Despois desta exposición propoñemos dous acordos. En primeiro lugar que se proceda de inmediato a xestionar un local que reúna as condicións para instalar a Base Náutica da Agrupación de Protección Civil con garantías de

futuro, realizando as obras necesarias para o seu uso, así como xestionar os puntos de atraque necesarios para as embarcacións.

En segundo lugar que se proceda a realizar o mantemento das embarcacións para que estean nas debidas condicións de uso para realizar con seguridade a cobertura axeitadas ós labores de vixilancia e salvamento este verán nas praias de Vigo.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Unha cousa está moi clara, o que se teña feito neste Concello antes de que eu entrara nel, non son quen para o xulgar. No tema de Protección Civil, no que eu estou dentro en por tanto me sinto responsable, teño que dicir que un barco para estar no mar ten que ter certificado de navegabilidade cousa que non ten ningunha embarcación de Protección Civil.

En segundo lugar un barco para estar no mar ten que estar foliada, cousa que non están. En terceiro lugar, para poder estar no mar e máxime se son barcos de salvamento, teñen que estar rexistrados no Rexistro Mercantil de Buques da Capitanía cousa que non sucede. O venres na Capitanía Marítima só constan o Bernardo Alfageme e a lapa, que é a embarcación que teñen os Bombeiros, ó nome do Concello. Ningunha das embarcacións Mar I, Mar II ou Mar III, que é o nome que teñen as de salvamento, están rexistradas.

As hélices para este tipo de barcos teñen que estar carenadas, é dicir, teñen que ter unha protección obrigatoria que non ten ningún destes barcos. Teñen que ter un seguro penal, cousa que tampouco teñen. Ó non estar foliadas, está totalmente prohibido telas na auga e coido que temos xa unha na auga que xa lle digo á Alcaldía que hai que a retirar, hoxe mellor que mañá.

Para que poidan andar con eses barcos con títulos deportivos e non teño nada contra os voluntarios, moitos son amigos meus e son uns rapaces que están a facer un labor fenomenal, hai que o dicir, pero unha cousa é estar ben e outra é estar legal.

Eu non sei quen era o responsable hai tres anos, pero dende logo cando unha persoa colle unha responsabilidade o mínimo que ten que facer é saber o que ten nas mans. Para facer unha cousa destas pode ocorrer, aínda que a Deus gracias non aconteceu, que teñan que ir a un salvamento e coa hélice poidan matar a alguén ou producirlle cortes. Saber a onde chega a responsabilidade que é do Concello, é nosa, non dos voluntario que bastante fan por unha Coca-cola e uns bocadillos.

Como parte deste Concello baixo ningún concepto vou permitir que se poña nin un só barco no mar se non está legal, que quede claro e así llo digo á Presidencia que se hai algunha lancha (coido que hai unha ou dúas) na auga que a retire inmediatamente porque están totalmente ilegais e iso nós non o podemos consentir.

Todos eses rapaces que teñen un título para poder andar neses barcos, teñen que ter unha autorización. É dicir, o responsable que neste caso é o Concello temos que solicitar unha autorización ó Xefe de Seguridade Marítima para que eses voluntarios estean autorizados con ese título para poder andar neses barcos e ir só a bordo o patrón e o socorrista debidamente documentados e ter o seu seguro de responsabilidade civil e penal.

Tamén hai outro tema que todo o mundo sabe. Protección civil sempre va ás Cíes; ás illas Cíes nós non temos que ir absolutamente para nada, neste momento as illas como todos sabemos pertencen ó Parque Nacional e o Parque ten a obriga de ter o salvamento propio. Tamén aproveito para lle dicir á Presidencia que este ano tampouco mandemos alí ós municipais porque alí non fan nada; as illas atlánticas teñen autonomía propia e eles teñen que salvagardar a súa custodia, teñen que ter policía ou gardas de seguridade, nós non temos por qué mandar alí á policía coa falta que fan nas rúas de Vigo e estar alí todo o día cando non teñen por qué o facer.

Os barcos de salvamento tampouco teñen que ir ás praias das Cíes porque é un tema que lles compete a eles e xa teñen catro barcos.

Con respecto ás lanchas tampouco se pode falar de vixilancia, Sr. Domínguez, estes barcos só son para andar nas praias dentro dos douscentos metros, teñen que estar onde se poñen as balizas das bandeiras azuis, non poden andar polo medio da Ría nin en ningún momento poden ser considerados barcos de vixilancia, son barcos de salvamento de praias tal como di a Lei. Por outra banda este ano temos xa un barco de intervención rápida de salvamento dentro da Ría que antes non había e en ningún momento este tipo de zodiacs e de lanchas, dunha banda polo tipo do título dos rapaces que andan con elas e doutra porque a propia Lei así o di, non poden andar máis que polos douscentos metros onde están as balizacions das praias con bandeira azul.

Xa lle pedira que non o presentara porque penso que era moi importante falar disto fóra de micrófono porque despois de explicar todo isto maximo

que trataríamos hoxe mesmo ou mañá nunha xuntanza do arranxar porque isto haino que arranxar pero legalmente.

Nun dos apartados da moción di que "...a Agrupación que viña traballando con moita ilusión e ve como o seu esforzo altruista -totalmente de acordo- e vocación de servizo non pode revertir na sociedade e non se ve debidamente apoiado dende a institución municipal".

Repito que mentres eu estea aquí farei todo o meu esforzo, non porque non lles quera dar a estes rapaces todo meu apoio, senón porque legalmente e coa Lei na man nós, dende o Concello, non podemos facer todas estas ilegalidades que estamos a facer. Aquí todo o mundo fala de ilegalidades urbanística ou do que sexa, pero da mar hai moito que aprender e na mar as leis son exactamente igual que en terra. Se hai catro o cinco anos o Concello se saltaba as leis á torera, penso que por ignorancia da persoa que levaba isto, dende esta momento e estando eu aquí iso non vai pasar. Vaise levar todo pola Lei, porque un rapaz pode ter un problema con alquén ou matar a unha persoa e os responsables imos ser nós, o Concello de Vigo. Teño bastantes máis cousas que dicir pero penso que e mellor que privadamente e nunha xuntanza entre os catro grupos tratemos de quitar isto adiante.

SR. COELLO BUFILL: Eu non vou entrar nos parágrafos primeiro a terceiro da exposición de motivos pero si quería manifestar que, de acordo co que escoiten ó Sr. Alonso, preocúpame moito Protección Civil. Dende o primeiro día que tiven coñecemento do derrubo que se fixo na zona da Autoridade Portuaria, tratei de levar a cabo accións para, dun xeito totalmente sobrevido no tempo, sen ter ningunha noticia ó respecto, as lanchas loxicamente tiñan que ir a algún sitio para a súa protección.

Eu falei co antigo concelleiro responsable deste tema, Sr. Calviño, e coido que a complexidade de Protección Civil é profunda no tema do voluntariado e que temos que ter a responsabilidade de tratar todos os grupos políticos de xeito decidido e rigoroso de encaixar este problema. É a mellor forma para dar resposta a eses bos voluntarios que existen e que queren participar nese labor de xenerosidade, pero coido que ten profundas raíces que nós, como gobernantes, temos a obriga de dar solución.

En canto ó tema da concreción dos acordos quero manifestar ó Sr. Domínguez Olveira, que despois de varias alternativas que fixemos coa Autoridade Portuaria, con entidades privadas, sabe vostede o difícil que é atopar un

local axeitado neste intre, pero gracias á xenerosidade do Liceo Marítimo de Bouzas, e agradezo persoalmente o seu labor neste tema e tamén a D. Xulio Alonso quen traballou para buscar alternativas temporais para que o Plan estea totalmente listo, temos determinadas alternativas tanto en atraques no Liceo Marítimo de Bouzas coma a través da Confraría de Pescadores da mesma entidade parroquial.

Dicirlle tamén que queremos atopar a solución, esta poderá vir nun futuro se abordamos con axilidade e con encontros unha política de incentivar ó voluntariado, de crer nel e de facer un exercicio de responsabilidade.

Estou de acordo con propoñer un terceiro punto no que con a maior urxencia nós reunamos nunha comisión creada ós efectos para buscar as alternativas necesarias o máis axiña posible.

Coido que temos que dar un servizo eficaz nas nosas praias, en Samil, O Vao e en todas as que dan ó fronte litoral e tamén temos a obriga de atender á xenerosidade dos voluntarios.

Propoño que redactamentos un terceiro punto no sentido de crear unha comisión de urxencia para dar resposta con efectividade o máis axiña posible, reuníndonos hoxe ó serán se é preciso para tentar buscar solucións a este problema que como vostedes saben ten bastantes raíces pero que supoño que se pode arranxar coa nosa axilidade e coa nosa comprensión política. Pido esa comprensión dos Grupos políticos, tanto do BNG coma do Partido Socialista, como xa o puxo de feito o Sr. Alonso e así daremos unha resposta eficaz.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Quero falar e apoiar esta manifestación do Sr. Coello. Coido que sería importante que nos reuníramos para tentar adoptar as medidas que se presentaron coma necesarias segundo a intervención do Sr. Alonso Vázquez. Sinto ter perdido parte da devandita intervención pero coido que evidentemente presenta unha situación que nos obriga a tomar medidas urxentemente. Apoio esa posición do Sr. Concelleiro e coido que ten que ser con toda urxencia porque o verán está aí.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de pasar á votación quero dicir que dende o BNG aceptamos ese terceiro punto.

Tamén queremos dicirlle ó Sr. Alonso que era mellor, como acaba de quedar demostrado, presentar a moción e aprobala porque precisamente dá lugar a que nos poidamos reunir urxentemente.

Emenda formulada polo Sr. Alonso Vázquez, de DPG, durante o curso do debate:

Engadir un terceiro punto á moción que diga o seguinte: Representantes dos catro grupos municipais formaran unha comisión coa maior urxencia a fin de buscar as alternativas necesarias coa maior urxencia.

Vótase a moción do Grupo municipal do BNG coa emenda formulada polo Sr. Alonso Vázquez.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Que se proceda de inmediato a xestionar un local que reuna as condicións para instalar a Base Náutica da Agrupación de Protección Civil con garantías de futuro, realizando as obras necesarias para o seu uso, así como a xestionar os puntos de atraque necesarios para as embarcacións.

Segundo.- Que se proceda a realizar o mantemento das embarcacións para que estas estean nas debidas condicións de uso para realizar con seguridade a cobertura axeitada ós labores de vixilancia e salvamento este verán nas praias de Vigo.

Terceiro.- Representantes dos catro grupos municipais formaran unha comisión coa maior urxencia a fin de buscar as alternativas necesarias coa maior urxencia.

C.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE INSTAR Ó MINISTERIO DE FOMENTO A CONSTRUCCIÓN DE DIVERSAS OBRAS NA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 31 de maio de 2004, o voceiro do Grupo municipal do PP formula a seguinte moción:

“As recentes manifestacións da titular do Ministerio de Fomento en relación ó desenvolvemento de liñas interiores do tren de alta velocidade AVE en Andalucía, así como o apoio ministerial á creación de trens urbanos de tipo metro en diversas cidades andaluzas mesmo de menor entidade que Vigo, xunto ó intensificado silencio do Goberno do Estado en relación ó prometido polo anterior executivo español, enlace directo de AVE entre Vigo e Madrid por Cerdedo, creou unha situación de alarma social na provincia de Pontevedra e por suposto na nosa cidade, que se traduce en constantes manifestacións de inquietude por parte de amplas representacións sociais, sindicais,

empresariais, etc. Demandando claridade e concreción, reafirmación -en suma- do actual Goberno no compromiso adquirido polo anterior executivo do Estado.

Na recta final deste mes de maio, o Ilmo. Sr. Alcalde de Santiago de Compostela e o Secretario de Estado de Infraestructuras acaban de se entrevistar e de acordar adiantar en tres anos a previsión de apertura da que dan en chamar Estación Central de Ferrocarril de Galicia (2007), a ubicar en Santiago de Compostela, e aínda máis, o Ministerio de Fomento pasa a definir xa o convenio que permitirá financiar a macro operación do que sinalan ambas partes como "o punto neurálxico do ferrocarril galego". Todo isto, xunto á impresión obtida polo rexidor compostelán de que a conexión por AVE Santiago-Madrid, vía Ourense "pódese anticipar", daí que o Concello compostelán e o Ministerio traballen xa no adianto da construción da que chaman "Estación Central de Galicia". Todavía os constantes vaivéns no desenvolvemento e implantación do sistema de axudas á navegación /LS categoría II-III no aeroporto de Vigo, lonxe de concluír coa definitiva entrada en servizo da aparataxe ó parecer por fin calibrado, seguen producíndose, agora con trámites burocráticos, administrativos e mesmo de tala de árbores co que a demora xurde de novo nunha situación rocambolesca.

Así pois, todo o anteriormente citado de modo singular e expreso -e moitísimo máis que se podería referir- constitúen motivos de ineludible e urxente preocupación a día de hoxe na cidade de Vigo en relación ó transporte ferroviario que ven e ó actual transporte aéreo, xunto ás infraestructuras e dotacións respectivas.

Xustifícase así esta moción e, por suposto, a urxencia da mesma, que se espera sexa tida en conta por tódolos integrantes do Pleno da Excm. Corporación Municipal de Vigo, á que se propón a adopción do seguinte acordo:

1.- Esixir do Ministerio de Fomento e por ende do actual Goberno do Estado, a ratificación no compromiso de construción dun enlace directo de tren de alta velocidade AVE entre Vigo e Madrid, vía Cerdedo-Ourense, co trazado máis directo posible e de maior economía de tempo de viaxe, cando menos tal e como se tiña comprometido o anterior Executivo español.

2.- Esixir do Ministerio de Fomento que, dunha vez e por todas e inmediatamente, se poña en servizo o sistema de axuda á navegación ILS II-III que dende hai tanto tempo e con tanto retraso se ven instalando no aeroporto de Vigo.

3.- Que por parte da Ministra sexan atendidas as solicitudes de entrevista enviadas pola Alcaldesa para recabar as garantías e compromisos necesarios en torno a todo o exposto anteriormente así como tamén en relación a:

- A) Plan Director desenvolvemento do aeroporto de Peinador.
- B) Enlace de tren de alta velocidade entre Vigo-Oporto, e a chamada saída Sur de ferrocarril.
- C) Autoestrada Vigo-Porriño.
- D) Temas pendentes do 2º cinto de circunvalación.
- E) Problemática xurdida nas últimas horas coas máquinas do tren talgo.
- F) Tódolos demais asuntos actualmente pendentes na relación entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento.

4.- Dar traslado urgente deste acordo plenario á Excma. Ministra de Fomento e ó Excmo. Sr. Presidente do Goberno de España."

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: A urxencia desta moción ven dada porque nos últimos días aparecen nos medios de comunicación unha serie de manifestacións de membros do Goberno sobre o posicionamento sobre certos temas que nós coidamos importantes para a nosa cidade, dende o AVE, pasando por temas relacionados co Aeroporto, autoestradas para a saída da nosa cidade, temas vinculados co segundo cinto, problemáticas xurdidas ó redor do tren Talgo, etc.

O que se pretende é recabar un apoio desta Corporación para lle transmitir ó Goberno central a inquietude que temos na cidade de Vigo cunha serie de temas. Isto ven motivado polas manifestacións e declaracións que foron aparecendo nos últimos días, dende o día 20 ata o día de hoxe.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, coma Alcalde en funcións dicíame vostede que o próximo luns teremos unha reunión do CES para falar dos temas xerais de infraestructuras.

Coido que consonte con esa moción estabamos todos de acordo hai 15 ou 20 minutos en que ese marco podería ser máis omnicompreensivo. Eu pediríalle que, de acordo coa súa manifestación de antes, deixe esta moción coa que, por certo, si estou de acordo cos contidos pero non é unha cuestión de contidos, senón de cómo lle dar o tratamento para tratar estes asuntos no CES e logo viremos xa ó Concello Pleno para asumir o que o CES diga. Coido que é mellor procedemento porque se non vai semellar que lle damos ó CES o que queremos que diga.

SR. FIGUEROA VILA: Só matizar que nós coidamos que nesta moción non hai ningunha crítica a ninguén, senón que pola contra sería un posicionamento da Corporación e tamén sería bo que, xa que temos hoxe o Pleno, teñamos un posicionamento que traslademos ó CES cun compromiso por parte do Goberno de que no CES se debatan todas estas cuestións e se volvan traer novamente ó Pleno para as ratificar.

Pensamos que aquí hai temas verdadeiramente importantes, sobre todo porque nos últimos días se solicitaron tamén unhas entrevistas por parte da Sra. Alcaldesa cos departamentos correspondentes e sería bo, porque onte se anunciou que o Presidente do Goberno faría unha visita a Galiza

proximamente e non vaia ser que non sexa consciente dunha inquietude da Corporación. Se hai que quitar a exposición de motivos facémolo porque o máis importante é que no Goberno teñan coñecemento de que existe unha problemática na cidade e para que a contemple. Este é o obxectivo da nosa moción.

Non temos problema en retirar a exposición de motivos, se queren retirar a verba esixir tampouco temos problema, pero que teñan coñecemento no Ministerio de que na cidade existe unha serie de problemáticas que lle trasladamos. Esta é a vontade desta moción.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Tradicionalmente o que se fixo na Corporación foi, a impulso da Alcaldía-Presidencia, convocar o CES. En todo caso calquera Grupo municipal, mesmo o que soporta a Alcaldía, pode presentar unha moción.

A nós non nos semella o procedemento pero en todo caso estamos a favor de que se debata. Se vostedes queren manter e discutir esta moción antes da levar ó CES nós tamén.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Entedemos que esta discusión que se está producindo entre o Partido Popular coma autor da iniciativa e Democracia Progresista Galega en realidade responde a unha loita polo protagonismo nesta iniciativa.

Xa tivo o Sr. Soto unha moción que efectivamente tivo o referendo de todos os Grupos e en todo caso o Partido que sustenta o Goberno debería procurar dar exemplo á hora de presentar iniciativas que verdadeiramente deban ser sometidas a un tratamento de urxencia.

De todos os xeitos nós non nos imos opoñer a que se trate esta moción se así o decide o Pleno da Corporación.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Porteiro, vostede coñéceme dende hai tempo, míreme ós ollos e verá que non é unha cuestión de protagonismo, senón da forma que hai que lle dar a isto para que vaia do mellor xeito, para que sexa aceptado na súa totalidade. Coido que o xeito de que sexamos o Pleno da Corporación, ou o Consello Económico e Social de Vigo quen tome unha resolución é radicalmente diferente.

É certo o que dicía a Sra. Porteiro e temos que admitir que o Goberno leva un mes, pero tamén o é o que di o Sr. Figueroa sobre o de que o Sr. Zapatero vai vir a dicir cousas pois que veña a dicir cousas para Vigo.

Pero o Sr. Voceiro do BNG lle acaba de dar a solución, acaba de lle dicir que se hai temas para convocar mañá o CES fágano, vostede, Sra. Alcaldesa, ten a posibilidade de facelo, convoquen ó CES inmediatamente, en 48 horas e leven todas estas cuestións, leven isto e as ideas que poidan ter os demais Grupos e daí saquemos unha decisión consensuada que logo aprobemos no Pleno da Corporación. De verdade que procedimentalmente é infinitamente mellor o camiño. Esta é a miña opinión e non é unha cuestión de protagonismo porque este en todo caso será para o CES, eu estoume comprometendo aquí a aceptar o que diga o CES e se os demais facen o mesmo mellor.

Sr. Figueroa, eu encareceríalle novamente que xa que teñen vostedes o Goberno convoquen o CES e leven este papel que ten toda a lexitimidade e ademais eu votareille a favor.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo non ten problema en levar esta moción ó CES. Evidentemente non imos convocar ó CES para dentro de 48 horas porque o luns está convocado un, a data xa está marcada dende hai vinte días, todas as organizacións teñen a súa axenda e son moitas persoas as que pertencen ó CES.

A nós válenos trasladar isto ó CES pero queremos dicir que estamos preocupados por unha serie de manifestación e que o que non queremos baixo ningún concepto é que o Presidente do Goberno veña a Galiza e non teña coñecemento oficial dunha serie de demandas da cidade para poder ter as respostas que poida dar enriba da mesa. Esa é a vontade que pretendemos.

Xa que coma Goberno temos que tomar a iniciativa, a Sra. Alcaldesa xa enviou dúas cartas á Ministra de Fomento, unha o 23 de abril e outra o 20 de maio, demandando unha serie de cuestións e solicitando a posibilidade de ter un encontro con ela, e tamén outra ó Sr. Presidente do Goberno. Non quero dicir que o Goberno e a Sra. Alcaldesa non estiveran traballando, senón que isto é reafirmar, ratificar unha serie de demandas da cidade e de todos os políticos.

Sra. Presidenta, nós non temos problema en trasladar esta petición ó CES e que os Grupos políticos teñan coñecemento para o debater aínda que evidentemente habería algún tema máis que incluíríamos nesa orde do día.

A anterior moción non se somete a votación.

19.- (143).-ROGOS E SUXESTIÓNS.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO BNG, SRA. MARTÍNS VILANOVA, SOBRE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 31 de maio de 2004, a concelleira do Grupo Municipal do BNG formula a seguinte pregunta:

"A Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo no Capítulo V, artigo 10 di: "As publicacións editadas polo Concello, teñan ou non un carácter periódico, e as campañas de divulgación e de publicidade realizaranse en lingua galega".

O domingo 2 de maio en Faro de Vigo apareceu un suplemento de 4 páxinas que tiña o logotipo do Concello de Vigo baixo o título "Vigo se reencuentra con el mar" integramente en castelán.

A campaña radiofónica nos medios locais sobre a información do tráfico fíxose tamén en castelán.

Na intranet do Concello colgouse información sobre o uso dos teléfonos do servizo Ibercom igualmente en castelán.

Por outra banda a ordenanza tamén incúmprese no seu artigo 11 cando di: "Os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos realizados en Galiza sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo". Sobre este apartado aprobouse xa por unanimidade na Corporación unha moción no mes de outubro e malia seren aprobada por unanimidade e transcorriren máis de medio ano, séguese a incumprir este apartado.

Ante isto pregunto: ¿Incumpre o Goberno municipal a mantenta a Ordenanza porque é contrario a potenciar o emprego da lingua galega e a desenvolver accións encamiñadas a recuperar o uso do noso idioma, ou ben estamos ante un caso de deixación e descoñemento da normativa?"

A Sra. Martíns Vilanova procede a ler o texto da pregunta que se transcribe nos antecedentes.

SRA. ALCALDESA: Moitas gracias, contestaráselle por escrito tendo en conta o que vostede di.

* PREGUNTA DO SR. SOTO FERREIRO SOBRE OBRAS EN BEMBRIVE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 28 de maio de 2004, o voceiro do Grupo municipal de DPG formula a seguinte pregunta:

“Por qué levan paradas tanto tempo as obras da estrada de Bembrive?

SR. SOTO FERREIRO: a miña pregunta é sinxela de comprender e vou directamente a ela: ¿Por qué levan paradas tanto tempo as obras da Estrada de Bembrive? Está alí a maquinaria, infórmolle que hai cabreos xerais de veciños que teñen atravesados os contedores, tubos, etc., con esas obras que están absolutamente paradas cando non fan que fan, é dicir, ás veces hai algúns operarios que semella que fan cousas pero que non fan nada. A verdade é que a situación da zona é penosa, con polvo importante agora nos días de estío, os veciños están francamente alporizados e tamén todos os que pasamos obrigadamente por alí.

Como non aparece ningunha xustificación pública de por qué están paradas esas obras ou van cun ritmo intolerablemente lento é o por qué de que lle fago esa pregunta, Sra. Alcaldesa. Non sei se vostede é conscente diso. Coñécense os por qués e mos dá, fantástico, se non é así encareceríalle que para que non haxa máis leas sociais (que as houbo) en Bembrive, o máis axiña posible dea unha resposta pública a este Concelleiro e á opinión pública. Gracias.

SRA. ALCALDESA: Contestarémolle por escrito e axilizaremos.

* ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE AXILIZACIÓN DA TRAMITACIÓN DO PXOM.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de maio de 2004, o voceiro do grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula o seguinte rogo:

“Que a Sra. Alcaldesa, coa colaboración dos Grupos Políticos municipais asuma a responsabilidade de impulsar un proceso político de diálogo para tentar chegarmos a que o novo PXOM, para o que comeza a se perfilar un

amplo apoio político e cidadán, poida aprobarse por unanimidade, se fose posible.

Que sen prexuízo do anterior, entre outras cousas pola situación de ilegalidade do Plan do 93, e independentemente de que algunhas minorías pretenden crear alarma social en contra dos intereses obxectivos de Vigo, se dean todos os pasos para que, dentro dos prazos regulamentariamente establecidos, a tramitación do PXOM se faga o máis axiña que se poida."

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, vostede ten dende hai días un rogo relativo ó tratamento do Plan Xeral en Vigo.

O por qué deste rogo é que nin estamos en momento procesal en que se poida facer un debate corporativo coma tal sobre o Plan Xeral, porque iso tocará cando nos pase os regulamentarios "toque" á aprobación inicial, pero ó mesmo tempo non deixa de haber manifestacións "extra muros", algunhas delas, as que fai o Partido Socialista, que semellan unha campaña electoral organizada e orquestada coma tal.

Sra. Alcaldesa, de ningún modo o que vou dicir é en desdoro do voceiro do seu Grupo e refírome ó Sr. Figueroa que traballaou moito e ben, para o deixar claro, pero iso non quere dicir que a institución da Alcaldía e da Alcaldesa na miña opinión se deba implicar máis, e perdón pero ó mellor se está implicando vostede máis traballando moitísimo, non quero poñer iso en dúbida porque non o sei, pero eu digo persoalmente, pública e notoriamente. Suxírolle persoalmente que nos reúna ós Grupos municipais. Vostede ten a obriga de tentar, se é posible, por todos os medios que cheguemos a un consenso. É certo que se alguén non quere chegar a un consenso este será imposible, pero todos sabemos tamén da bondade que podería ter o feito de chegar a un consenso. Non semella que as actitudes que teñen os Grupos municipais estean á altura do que precisa esta cidade, case diría que están fóra de lugar.

O porto non está incluído no Plan Xeral pero é un elemento urbanístico de primerísima magnitude. Seguramente non está incluído no Plan Xeral malia que no seu día os Grupos políticos acordamos por unanimidade que sería un tema absolutamente determinante para traballar no plan o tema portuario, se me permiten a expresión, porque se lle ten medo, porque se ten o medo de non sermos quen de chegaren a un acordo.

Sexa por iso ou por outra cousa eu coido que somos quen de chegaren a un acordo sobre un Plan Xeral, se é todos, fantástico, se non é de todos pero somos enorme maioría de forzas sociais e políticas da cidade, ben estará. Pero dende logo no tema portuario, tema urbanístico de primeirísima

magnitude, no tema do litoral, aí cando menos o desconcerto que a un lle produce a incapacidade que tivemos coma Corporación de chegaren a un acordo realmente é altamente preocupante.

A incapacidade ven por moitas razóns porque algúns teñen unhas posturas, outros as deixan de ter, etc., asistimos a cómo por parte dalgúns non fan máis que lle negar cousas a Vigo que non comprendemos e así como antes aludía a vostede, agora estou aludindo ó Sr. Pérez Mariño que coma responsable e líder do Grupo municipal socialista coido que ten unha relevancia evidente nos traballos políticos que se están a facer no Plan Xeral, no porto e en xeral en todos os temas urbanísticos.

Sr. Pérez Mariño, para que me entenda e coma chamada de atención antes dos tronos que habería se vostedes non se poñen no que coido debe ser unha actitude positiva cara a Vigo. Fágolles a vostede e ó seu Grupo unha chamada para que tenten deixar de lado cousas que son ben secundarias, incluídas as posicións que lexitimamente se poidan ter sobre algúns temas, e poñan os intereses de Vigo por diante de calquera outra consideración. Diranme vostedes que pode ser un xuízo de intencións sobre os intereses de Vigo, pero se non é así seméllao. Sr. Pérez Mariño, o meu Grupo non é sospeitoso de non intentar axudar a que houbera unha estabilidade de Goberno municipal cando vostede o presidía, tentámolo ata o último segundo coas mellores, malas, boas, tortas ou dereitas ideas que poidemos sacar naquel momento, pero non fomos quen de aguantar o que era razoable e non só porque a alguén lle poidera gustar un goberno de progreso, que sería razoable que os que votaron maioritariamente progreso teñan un goberno que se corresponda coas súas intencións de voto, senón que sobre todo, e dixémolo daquela, parecíanos que metían vostedes á cidade nunha situación dramática porque a maioría non ía estar no goberno e polo tanto se podería producir un boicoteo por activa e por pasiva e unha parálise do goberno municipal. Estamos nunha situación na que dalgún xeito se vai camiño diso e ou hai algún tipo de rectificación, ou realmente non é posible.

Lémbrolle ós membros do Grupo municipal socialista unha frase dun dos socialistas máis insignes de todos os tempos ó que eu admiro profundamente, falo do Sr. Besteiro. O Sr. Besteiro foi quen dixo por vez primeira aquela metáfora que todo o mundo entende de que (en español por lle citar a el tal e como o dixo): "Para estar en política hay que estar dispuesto a desayunarse un sapo todas las mañanas". Quería dicir o Sr. Besteiro naturalmente que para estar en política moitas veces un ten que renunciar ó

que pensa e que mesmo coida que é mellor para realmente traballar polo obxectivo do ben común. Naturalmente que quería dicir iso o Sr. Besteiro e iso asinaríao calquera socialista.

Pídolles unha análise para que realmente sexan quen de albiscar se vostedes coma colectivo están a facer o mellor que deben por Vigo e, se coma coido non todos pensan o mesmo, teñan a coraxe entre vostede de se clarificar, de votar, de decidir democraticamente e poñer as cousas no seu sitio.

Esta situación non aguanta máis e dígollo premonitoriamente. Igual que lle dixen a un Goberno socialista cando levaba dous anos que ían cara a un desastre, dígolles a vostedes que están levando a esta cidade cara un desastre político. Seguramente non o ven, tampouco o vían aqueles, coidaban que ían ter maioría absoluta e en troques tívoa o Partido Popular nas seguintes eleccións. Vostedes camiñan cara un desastre político seguramente pensando que o están facen moi ben.

Pídolles unha reflexión pública porque independentemente que sexa un desastre para os progresistas, cousa que lamento, independentemente de que sexa un desastre para o Partido Socialista, cousa que lamentarei e que ademais o digo publicamente porque non me doen folgos en dicir o que penso, sobre todo será un desastre para Vigo. Coma teño ese convecemento moral quero chamalos a todos pero non ó disenso porque este, Sr. Pérez Mariño, é fácil. Todos podemos atopar disensos, cousas nas que non estamos de acordo, matizacións para dicir que non, iso pódeo facer calquera; o difícil é tentar seren constructivos e tentar e acadar posicións nas que mesmo discrepando se facilita a gobernabilidade e que os asuntos de Vigo vaian cara adiante do mellor xeito posible; iso é moito máis difícil.

Discrepar, vostede fíxoo moi ben, Sr. Pérez Mariño, con demasiadas institucións públicas que aínda que as teño escritas non llas quero citar agora. Pídolles a vostede e ó seu Grupo que fagan un esforzo por consensuar e non por discrepar. Se vostede o fai así que o apoien no seu Grupo a tope e se non que teñan a coraxe de non o apoiar.

Este é un rogo que fixen a mantenta e polo tanto non permite resolucións pero si debate a toda a Corporación, insisto en que o fixen a mantenta.

Ó Bloque Nacionalista Galego téñolle que dicir un par de cousas. A min gustaríame ver que o BNG dera pasos de máis responsabilidade nalgúns temas que estamos a tratar nesta cidade malia que, por certo, vostedes deron moitos nos últimos tempos e tampouco me importa o dicir, ó revés, ¿por qué non o dicir? A min gustaríame que todos os Grupos, e o Bloque é un deles,

sexamos quen nun tema tan importante para Vigo coma é o tema portuario, de sermos quen de presentar iniciativas que realmente ou rematen nun contencioso, ou nos poñan en vías de dar algunha solución, senón dígolle ó Bloque, ó PSOE, á Sra. Alcaldesa e a quen sexa que estamos facendo política marxinal, porque sobre este tema lle vou dicir unha cousa, Sra. Alcaldesa, porque as responsabilidades son de cada quen, é o que dixen sempre e os que me coñecen saben que dicía iso e que estaba disposto a queimarme todos os días por Vigo, era unha frase que entendían moi ben e dígolle a vostede que faga o mesmo, non xogue tan á defensiva.

Se vostede cre que Vigo ten que ter un porto e un bordo litoral consensuado todos os esforzos que faga serán fantásticos, estouno a pedir, pero se ó final é imposible vostede ten a obriga moral de actuar, dígolle o que lles dicía ós demais, para defender os intereses do ben común. Se eu estivese no seu lugar, e dígollo con absoluta coraxe, se fose imposible un consenso logo de moito tentar, eu retiraría o recurso portuario e fálolle por tanto de molladuras e de coraxes políticas, conscentes de que no futuro iso é reversible, de que non é a mellor solución aínda que presentamos moitas solucións que non van por aí. Saben vostedes que Vigo precisa un novo porto e demais, pero tamén sabemos que o mellor moitas veces é inimigo do bo e do posible e que realmente algo que en principio non sería bo hoxe sería bo mañá e mesmo reversible. Eu quería suscitar este debate, se vostedes así o entenden, para que realmente entre todos tentemos iniciar unha andaina en común.

Seguramente vostedes coa mesma lexitimidade me poden achacar a min ou ó meu Grupo fallos no traballo polo consenso, pois estaremos encantados de escoitalos para tentar os rectificar. Pero eu dende logo lles pido a todos vostedes que fagan o mesmo.

Este Concello, e máis cos últimos orzamentos, está desafinando gravisimamente diante da opinión pública, polo menos non será co meu intento de chegaren a un acordo nin co meu silencio cómplice co que esta situación se manteña. Alá vostedes coma recollen esta admonición que tenta reconducir unha situación que na miña opinión é gravísima e que se non rectificamos nos vai levar a todos a consecuencias gravísimas.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sra. Presidenta, nós non estamos por practicar o filibusterismo parlamentario pero se vostede o consinte nós tamén nos imos apuntar a el.

Nós asumimos os debates políticos onde sexa, coma sexa, no público, no privado, nas comisións, nas televisións e tamén no Pleno da Corporación, pero que figure nunha orde do día e que nos digan de qué imos discutir.

Coido que non é procedente, Sr. Soto, que vostede utilice unha argucia regulamentaria para nos explicar aquí e nos dar unha bendición "urbi et orbi" de todo o que lle semella mal, de todo o que cada Grupo político, excepto vostede, ó seu xuízo fai. Se vostede ten algunha proposta que facer sobre algún tema importante da cidade o lóxico é que o formule nos órganos de Goberno e en tempo e forma o Bloque Nacionalista Galego está por o debater.

En todo caso xa digo, Sra. Presidenta, se aquí vale o filibusterismo nós coma o que máis tamén o sabemos practicar. Non vou entrar no fondo do asunto porque non me semella nin o momento, aínda que si o lugar, nin o xeito axeitado para o facer.

SR. PÉREZ MARIÑO: Como vostede mellor que ninguén sabe é competencia de seu permitir que nun rogo haxa ou non debate. Pero en calquera caso un rogo ten unhas formalidades xa que é unha petición que se fai á Presidencia, ó partido gobernante polas causas ou razóns que sexan.

O rogo que fixo o Sr. Soto na miña opinión non é tal, foron unha serie de admonicións que nos botou preocupado probablemente con toda seriedade e honradez polo papel que temos en determinados temas os Grupos da oposición. É a súa opinión e como tal é respectable, pero eu engádome o que dixo o representante do Bloque, se temos que discutir do porto e do Plan Xeral fagámolo.

Agradézolle ó Sr. Soto que nos dea consellos porque non veñen mal, mesmo aqueles consellos de persoas que poden estar alonxadas pero, por favor, espere a que llos pidamos e non aproveite un rogo, como dicía o representante do Bloque, para nolos dar.

Aquí neste Corporación na que estamos Grupos de catro ideoloxías diferentes todos temos a ilusión e a finalidade de tentar mellorar as cousas da nosa cidade, iso non é patrimonio exclusivo de ninguén. É probable que ás veces erremos, é posible que sexa mesmo mañá, pero o que non é posible para ninguén é que non teñamos a boa vontade do facer. Iso logo ten un control que é o control democrático, este ven polo axuste que nos fan nos períodos electorais. Nós facemos as cousas o mellor posible, Sr. Soto, co Plan

Xeral, co porto e logo no seu momento os cidadáns xulgarán se o que fixemos lles semella ou non axeitado.

Polo tanto eu non lle vou negar a vostede, nin lle vou xulgar polo que faga vostede ou o seu Grupo porque faga o que faga entra dentro da súa autonomía e porque eu coma Grupo contrario podo estar en acordo ou desacordo pero non son quen de lle xulgar.

A Sra. Alcaldesa é quen ten que saber se quere dar lugar a un debate con este rogo, pero nós lle reiteramos que o que dixo o representante do Bloque é o axustado, se se quere facer un debate que se faga, que se coñezan os termos e sobre todo dicir que nun sistema democrático os controis son do Goberno. Sería absurdo que eu fixera un discurso sobre as súas intervencións da mañá ou as doutros tempos porque son as súas e vostede é responsable delas para o bo e para o malo. Déixenos que nós sexamos responsables das nosas, non se crea que ás veces non nos dá crebacabezas manter as nosas actitudes porque ás veces temos dúbidas, non temos certidumes nin seguridades e nesa busca do mellor debatémonos todos os días.

Gracias polos seus consellos pero de verdade que non me parecen os termos axeitados nos que van.

SRA. ALCALDESA: Sr. Soto, coma non imos abrir un debate neste momento voulle contestar. Este é un rogo con temas importantes da cidade e este rogo vouno trasladar a unha Xunta de Voceiros extraordinaria precisamente porque son temas importantes da cidade, pero voulle clarexar algunhas cousas.

Reactivar e impulsar o Plan municipal de ordenación municipal foi a primeira decisión que tomei eu coma Alcaldesa, pero tamén lle lembro que as áreas están delegadas e coido que esta está perfectamente delegada e defendida polo Concelleiro-Delegado e polo tanto a decisión do impulsar, de facer un calendario e de traballar para que esta cidade teña o máis axiña posible un Plan xeral de ordenación municipal coido que foi a primeira decisión que tomei coma Alcaldesa.

Por outra banda citou o Plan do litoral, pois nel estamos cumprindo os prazos. Así como no Plan xeral de ordenación municipal precisamente por chegaren a ese consenso que coido importantísimo por seren un dos documentos e instrumentos máis importantes da cidade tardamos precisamente un mes en acadaren ese consenso, no Plan do bordo litoral estamos cumprindo

rigorosamente co calendario que nos marcamos, coa discusión con todos os Grupos políticos, abríndoo á cidadanía, ó Consello Económico e Social, á Fundación Provigo, etc., agora estamos tamén esperando suxestións.

Xamais na historia deste Concello se crearon moitas comisións para acadar resultados por unanimidade, por acadar ese consenso, coido que o esforzo é notorio e tamén que chega un momento que hai que tomar decisións porque a cidade non se pode parar e aí estou totalmente de acordo con vostede e por iso se tomou a decisión no seu día de enviar o Plan xeral de ordenación á Xunta de Galiza. Pero aínda así lle digo que por se hai algunha posibilidade de ter un Plan consensuado imos facer outro esforzo, pero coido que vai ser nesa Xunta de Voceiros.

Esas decisións en canto ó Plan Xeral, ó tema do orzamento, en canto a todos os temas de cidade tomaranse e seguiranse tomando. Sempre estivemos abertos ó diálogo e ó consenso, pero dende logo poden estar seguros de que nesta cidade se van tomar decisións, non podemos seguir parando a cidade. Moitas grazas.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDES, SOBRE ESTADO DE TRAMITACIÓN ACORDO RELATIVO Ó AUMENTO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA Á CIDADE.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Volvendo ó plano constructivo eu queredría lembrar que os acordos que se toman seguro que teñen continuidade na xestión. Gustaríame nos pasara a información pertinente sobre algunha das xestións que se fixeron para que esta cidade teña asegurado o seu futuro en canto á subministración de auga, tanto no tema do aumento do caudal, coma de novas captacións, ou sistemas ou cousas que coide axeitadas.

É dicir, hai dous meses que fixemos unha proposta que foi aprobada por todos e gustaríame ter información porque seguro que xa ten algunha.

SRA. ALCALDESA: Si, pasareille información porque temos en marcha todas as accións.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO PSdeG-PSOE, SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ. SOBRE AS ÁRBORES QUE INVADEN O CARRIL BUS DA RÚA GARCÍA BARBÓN.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Primeiro unha felicitación e logo o rogo.

A felicitación ó Concelleiro de Mobilidade e Seguridade, Sr. Coello, por poñer en marcha de xeito efectivo o carril-bus na rúa García Barbón.

A seguer o rogo porque abonda dar unha volta polas inmediacións da rúa García Barbón para veren que é moi pouco efectivo ese carril-bus porque os propios autobuses se encargan de utilizar, se é posible, o outro carril para escapar das árbores que hai na rúa.

O rogo é que o servizo correspondente de Parques e Xardíns faga as modificacións axeitadas no arborado da rúa para que non sexan os autobuses os que fagan unha poda gravosa para as árbores e a correspondente visita ó servizo de chapa e pintura da empresa Vitrasa. Porque se pode ver que cando non hai vehículos utilizan os outros carrís para escapar das árbores.

Por favor, que se poña en marcha esa disposición para evitar que un carril, que evidentemente é un paso adiante na mobilidade, non sexa realmente práctico.

SRA. ALCALDESA: Gracias, terémolo en conta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.